

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 82

Sesión Plenaria
11 de febreiro de 2026

Presidencia de Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Propositions non de lei

5.1 26985 (12/PNP-002171)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211f1, do 18.06.2025

5.2 34797 (12/PNP-002566)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Lorenzo Gómez, Rubén e nove deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 263f1, do 01.10.2025

5.3 37785 (12/PNP-002767)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA

Publicación da iniciativa, BOPG nº 279f1, do 05.11.2025

5.4 43881 (12/PNP-003015)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f1, do 16.01.2026

5.5 44584 (12/PNP-003033)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Alfonso, Ramón Tomás

Sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f1, do 22.01.2026



5.6 44839 (12/PNP-003043)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago**

Sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel e a situación das ONGD que operan en Palestina

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f1, do 22.01.2026

Punto 6. Interpelacións**6.1 955 (12/INT-000032)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e catro deputados/as máis**

Sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

6.2 45418 (12/INT-001522)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

6.3 45956 (12/INT-001544)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f1, do 29.01.2026

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**7.1 49027 (12/POPX-000069)****Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Gómez Besteiro, José Ramón**

Sobre a efectividade da resposta que a Xunta de Galicia lles está a dar ás necesidades das cidadás e dos cidadáns galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

7.2 49028 (12/POPX-000070)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre os efectos da modificación por parte do Goberno galego das normas de aplicación do canon eólico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026



Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 46435 (12/POP-006560)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dez deputados/as máis

Sobre a posta en marcha da oficina xudicial nos tribunais de instancia dos sete grandes partidos xudiciais de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f3, do 29.01.2026

8.2 47678 (12/PUP-000184)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a información que ten a Xunta de Galicia respecto das razóns técnicas e operativas que motivaron a limitación de velocidade no tramo ferroviario Ourense-Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f4, do 29.01.2026

8.3 44461 (12/POP-006242)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e oito deputados/as máis

Sobre a información da que dispón o Goberno galego respecto dos sesenta e dous proxectos presentados ao Plan social polo clima (FSC)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f2, do 16.01.2026

8.4 46094 (12/POP-006524)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre o nivel das contías orzamentarias destinadas nos últimos anos ás infraestruturas dos centros educativos públicos do concello de Zas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f3, do 29.01.2026

8.5 47260 (12/POP-006660)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre o recente acordo da Xunta de Galicia coa Fegamp para incrementar a achega autonómica que financia os servizos municipais de axuda no fogar (SAF)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 323f4, do 29.01.2026

8.6 48976 (12/PUP-000186)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as actuacións concretas de restauración mineira levadas a cabo pola Xunta de Galicia na mina de Monte Neme desde o anterior incidente de hai doce anos ata o 23 de maio de 2025

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026



8.7 48996 (12/PUP-000187)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Insua Lema, Óscar**

Sobre o nivel de responsabilidade que asume a Xunta de Galicia no episodio acontecido nunha balsa da antiga explotación mineira de Monte Neme, en Carballo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 328f1, do 05.02.2026

8.8 45843 (12/POP-006505)**Grupo Parlamentario Socialista de Galicia****Méndez López, Lara e dous deputados/as máis**

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de retomar o proxecto inicial da vía de alta capacidade Costa Norte en Viveiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f4, do 22.01.2026

8.9 43883 (12/POP-006038)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e catro deputados/as máis**

Sobre os cesamentos que tiveron lugar en decembro de 2025 na Consellería do Medio Rural

Publicación da iniciativa, BOPG nº 315f1, do 16.01.2026



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a efectividade da resposta que a Xunta de Galicia lles está a dar ás necesidades das cidadás e dos cidadáns galegos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Réplica do autor: *José Ramón Gómez Besteiro (S).* (Páx. 13.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 14.)

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os efectos da modificación por parte do Goberno galego das normas de aplicación do canon eólico. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 17.)

Réplica da autora: *Ana Belén Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 18.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Alfonso Rueda Valenzuela.* (Páx. 19.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Taibo Corsanego e do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel e a situación das ONGD que operan en Palestina. (Punto terceiro da orde do día.)

O presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 21.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Iria Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 22.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Katherinie Varela Fernández (P).* (Páx. 24.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Paloma Castro Rey (S).* (Páx. 27.)

A deputada Iria Taibo Corsanego (BNG) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 30.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa: *rexeitada por 9 votos a favor, 36 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 31.)



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos: *aprobada por 36 votos a favor, 9 votos en contra e 25 abstencións.* (Páx. 31.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA: *aprobada por 70 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos galegos: *rexeitada por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos deputados Iago Suárez Fernández e Ramón Tomás Fernández Alfonzo, sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil: *rexeitada por 34 votos a favor, 36 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 32.)

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Taibo Corsanego e do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel e a situación dos ONGD que operan en Palestina: *rexeitada por 33 votos a favor, 36 votos en contra e 1 abstención.* (Páx. 33.)

Interpelación da deputada Olalla Rodil Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 33.)

Resposta da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez).* (Páx. 36.)

Réplica da autora: *Olalla Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 39.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez).* (Páx. 41.)

Interpelación da deputada Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Mercedes Queixas Zas (BNG).* (Páx. 42.)



Resposta da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 46.)

Réplica da autora: *Mercedes Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 49.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude (José Carlos López Campos)*. (Páx. 51.)

Interpelación das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 53.)

Resposta da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 56.)

Réplica da autora: *Silvia Longueira Castro (S)*. (Páx. 59.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 61.)

Pregunta do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dez deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posta en marcha da oficina xudicial nos tribunais de instancia dos sete grandes partidos xudiciais de Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 62.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 64.)

Réplica do autor: *Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 66.)

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información que ten a Xunta de Galicia respecto das razóns técnicas e operativas que motivaron a limitación de velocidade no tramo ferroviario Ourense-Santiago de Compostela. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Paula Prado del Río (P)*. (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 69.)

Réplica da autora: *Paula Prado del Río (P)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Diego Calvo Pouso)*. (Páx. 70.)

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón o Goberno galego respecto dos sesenta e dous proxectos presentados ao Plan social polo clima (FSC). (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Moisés Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 72.)

Réplica do autor: *Moisés Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 73.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático (Ángeles Vázquez Mejuto)*. (Páx. 74.)



Pregunta da deputada Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o nivel das contías orzamentarias destinadas nos últimos anos ás infraestruturas dos centros educativos públicos do concello de Zas. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 76.)

Réplica da autora: *Patricia Iglesias Rey (S)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (Román Rodríguez González)*. (Páx. 78.)

Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o recente acordo da Xunta de Galicia coa Fegamp para incrementar a achega autonómica que financia os servizos municipais de axuda no fogar (SAF). (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Raquel Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *conselleira de Política Social e Igualdade (Fabiola García Martínez)*. (Páx. 82.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica o debate acumulado das preguntas ao Goberno 8.6 (documento número 48976) e 8.7 (documento número 48996), en aplicación do artigo 159.1 do Regulamento do Parlamento. (Páx. 83.)

Pregunta das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as actuacións concretas de restauración mineira levadas a cabo pola Xunta de Galicia na mina de Monte Neme desde o anterior incidente de hai doce anos ata o 23 de maio de 2025. (Punto oitavo da orde do día.)

Pregunta do deputado Óscar Insua Lema, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o nivel de responsabilidade que asume a Xunta de Galicia no episodio acontecido nunha balsa da antiga explotación mineira de Monte Neme, en Carballo. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora e do autor: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 83.) e *Óscar Insua Lema (BNG)* (Páx. 84.).

Contestación da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 85.)

Réplica da autora e do autor: *Patricia Iglesias Rey (S)* (Páx. 87.) e *Óscar Insua Lema (BNG)* (Páx. 88.).

Réplica da Xunta: *conselleira de Economía e Industria (María Jesús Lorenzana Somoza)*. (Páx. 88.)

A presidenta (María Elena Candia López) comunica o aprazamento da pregunta ao Goberno 8.8 da orde do día para o seguinte pleno. (Páx. 90.)



Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os cesamentos que tiveron lugar en decembro de 2025 na Consellería do Medio Rural. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 90.)

Contestación da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 91.)

Réplica do autor: *Secundino Fernández Fernández (BNG)*. (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *conselleira do Medio Rural (María José Gómez Rodríguez)*. (Páx. 93.)

Remata a sesión ás dúas e trinta e sete minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O PRESIDENTE: Bo día.

Reanudamos a sesión co punto 7º da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia do deputado José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a efectividade da resposta que a Xunta de Galicia lles está a dar ás necesidades das cidadás e dos cidadáns galegos

JOSE RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos.

Os bulos en Galicia xorden das redes sociais, das marxex, da ultradereita, pero tamén, que é o máis grave, do propio Consello da Xunta, do Goberno de Galicia. Porque vostede, señor Rueda, en vez de liderar un país o que lidera é unha campaña de desinformación absolutamente permanente.

Hai dúas formas de gobernar, hai dous grupos de políticos: os políticos que desde o Goberno toman decisións e dan explicacións sobre a súa forma de gobernar e as súas decisións e outros que esquivan as responsabilidades, que esquivan as preguntas e, por tanto, esquivan dar calquera tipo de resposta. Vostede está dentro do segundo grupo, dunha forma clara, tal e como vemos pleno tras pleno aquí no Parlamento de Galicia. Utilizan a confusión como método e a desinformación como unha forma de gobernar. Xa lles digo eu que a Vito Quiles non o van a ter que contratar como os seus compañeiros de Aragón, porque vostedes bástanse para iso soños.

Imos con algúns exemplos. Sanidade pública: «non temos máis prazas de médicos de familia porque o Goberno do Estado non oferta esas prazas». (*O deputado José Ramón Gómez Besteiro amosa un gráfico.*) Vexamos esta evolución nos últimos anos. A primeira liña vermella élle de ZP, do ano 2010; as seguintes liñas case non se moven, mostra do Goberno de M. Rajoy, absolutamente plana, non chega nin aos 100 por Galicia; e as seguintes, ata chegar ao ano 2026, deste gráfico sinálanos as 207 do Goberno actual de Pedro Sánchez. Primeiro bulo desmontado.

Temos bulos tamén no ámbito da vivenda: ofertas, promesas de vivenda. Desde o ano 2022 —xa perdo o control sobre as cifras que deron vostedes—, pero hoxe temos unha realidade: máis cerca de 30.000 persoas inscritas no rexistro de demandantes de vivenda pública. Hoxe a compravenda e o alugueiro para moitos mozos e mozas e para moitas familias neste país é absolutamente inaccesible.

Se falamos de economía, para vostede vai como un tiro en Galicia. Sen embargo, seguimos crescendo menos que o resto de España e, ademais, en materia de emprego crescemos xustamente a metade que o resto de España.



E, se falamos de dependencia, o seguinte bulo é o dos 2.500 millóns ou 2.900 millóns que din que lle adebeda o Estado a Galicia. 2.500 ou 2.900, aí varían en función do día. Pero, sen embargo, é un bulo claro e evidente, porque, unha de dúas: se esas cantidades se lles deben e están acreditadas, o que hai que facer é reclamalas. Se non se fai nin unha cousa nin a outra, realmente hai que coincidir en que é mentira. Unha mentira máis e un bulo máis do seu Goberno.

No campo da enerxía, imos de bandazo en bandazo con paus de cego. Case máis de catorce modificacións legais da Lei do sector eólico. A última, o último bulo, é que non se poden facer repotenciacións no noso país, cando si se están facendo, con axudas estatais. Outro bulo nunha política realmente e absolutamente errática.

Xa falaremos do financiamento, habrá tempo para el, e tamén para falar do campo municipal. Sanidade, vivenda pública, dependencia, economía, enerxía... Para cada problema, en vez de atopar unha solución, vostede monta unha confrontación e monta unha guerra. ¿Non cre que despois de dezasete anos que leva vostede subido ao coche oficial —e vai facer catro desde que é presidente da Xunta— Galicia non merece un goberno que non a trolee? (Aplausos.) (Murmurios.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Bos días, señor Besteiro. Di vostede que eludo responder ás preguntas que vostede me fai... Non sei se é consciente da pregunta que me fixo: que se creo que o meu labor diario responde ás necesidades dos galegos. Vostede fai preguntas absolutamente xerais e despois vén aquí con temas concretos; o cal me parece moi ben, pero mire, se quere falar de sanidade, debería preguntar por sanidade, para ter un debate, aínda que sexa curto, de sanidade. ¡Ou aínda mellor! Se quere falar de sanidade, podía asistir á comparecencia do conselleiro sobre sanidade que houbo onte, que vostede *se la fumó*, como se fumou tantas comparecencias dos conselleiros tantas veces. (Aplausos.) Iso é o que lle importa, señor Besteiro.

Dime que xa se perdeu coas cifras que damos de vivenda... Está vostede especialmente pezooso, é que sempre damos a mesma... Se se perde cunha soa cifra... (Risos.) Imos pasar de 4.000 a 8.000; 3.000 xa en diferentes procesos de execución, pero en execución, e as outras 1.000 estarán en execución durante este ano. En catro anos faremos 4.000 e en dous anos máis, 6.000. Onte presentabámolo en Pontevedra. Vostede aquí non estaba —en Pontevedra tampouco—, vostede sabería onde estaba. Se estivese nun dos dous sitios probablemente non se perdería nas cifras, como vostede di.

Non quere falar de financiamento, ¡non me estraña! Non, ese tema xa o vai deixando... É vostede no día de hoxe o único líder —ou o que sexa— autonómico socialista que segue de-



fendendo o indefendible. Nin o señor Barbón, nin o señor Page, nin o candidato en Castela e León... O señor Gallardo e a señora Alegría, si; e así lles foi: moi mal, e iso que lles foi moito mellor que a vostede... Imaxínate o que estarán pensando do resultado que tivo vostede, cando a eles lles foi fatal e tiveron un resultado moito mellor. É consecuencia destas cousas, señor Besteiro —¿non se dá conta?—, de non falar en serio.

Mire, eu tradúzolle a pregunta que me quere facer, que entendo: se creo que gobernamos ben. Bueno, cando lles preguntan aos galegos cada catro anos teñen unha opinión bastante clara. Supoño que non lle gusta a resposta; podía facer a pregunta doutra maneira... Se os servizos públicos que estamos xestionando cos cartos dos galegos están ben xestionados. Eu diría: depende. Cos que dependen de nós —todo é mellorable, por suposto— francamente creo que estamos facendo en xeral un bo desempeño. Os que dependen dos outros, pero afectan os galegos, aí temos o resultado. Fíxese esta fin de semana no que pasou co servizo ferroviario: suspensións, sen alternativas, sen explicacións... ¿Culpables? Non, xa saíron vostedes a dicir que non había ningún culpable. Despois atoparon un culpable: a Xunta, por non tapar a incompetencia do Goberno central poñendo autobuses; ou a propia Galicia, que a súa segunda en mando —se é que teñen algún mando vostedes— dicía que claro, que aquí non se puxeron autobuses e en Cataluña si, porque aquí temos unha orografía complicada e aquí chove moito. Claro, en Cataluña non hai desniveis, non hai montañas, non hai nada e por iso se poden atender ben; non é por outra cousa. (Risos.) A nós déixasenos tirados e os de sempre son atendidos coma sempre. E vostedes xustifican todo iso. Señor Besteiro, conseguiron vostedes coa súa xestión dos servizos públicos o que saía nunha enquisa hai pouco tempo: que xa a metade dos usuarios do ferrocarril ou xa non o usan, directamente, ou estanse plantexando moi seriamente deixar de usalo. Mire, menos mal que a Xunta non funciona como Renfe.

Ao final o seu resumo, señor Besteiro —o último mohicano *sanchista* que queda en Galicia—, (Murmurios.) é que a Xunta xestiona moi mal —é o que acaba de dicir— e supoño que o que dirá é que o Ministerio de Transportes xestiona fantásticamente. Ese é o resumo do que acaba de dicir agora e, sobre todo, do que acaban de dicir e de defender estas últimas semanas. Mire, este é un Goberno serio, este é un Goberno rigoroso e este é un Goberno que toma as súas responsabilidades con moita firmeza. E, dende a firmeza, a seriedade e a rigorosidade dígolle que cada vez é máis difícil tomalo en serio a vostede cando fala de xestión de servizos públicos e cando fala de bo goberno.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Besteiro.

JOSE RAMÓN GÓMEZ BESTEIRO: Pois moitas grazas, señor presidente.

A verdade, coma sempre, vostede a piñón fixo: «non respondo a nada, saio con outra historia». Equivoca o que estamos a facer aquí, que é unha sesión de control ao presidente da Xunta. Por tanto, sométase a ese control democraticamente e conteste ás preguntas que lle facemos. (Aplausos.) Esa é a súa obriga.



De verdade que eu non sei que vai facer vostede cando non estea Pedro Sánchez... (*Murmurios.*) Estou convencido de que ata incluso é capaz de votar para que se manteña Pedro Sánchez. Non sei que vai facer cando non encontre alguén a quen botarlle a culpa e evitar as súas responsabilidades.

¿Quere falar de vivenda? Dende o ano 2022 que é vostede presidente, ¿cantas vivendas públicas abriu no noso país? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) Catro anos... Díciálle: hai 30.000 persoas; non 30.000, 29.133 persoas inscritas no Rexistro. Agora din que van facer 4.000 vivendas neste mandato, que van subir a 6.000. Hoxe xa din na prensa que 10.000 no 2030. En calquera caso, unha cifra e outra será ou o 20 por cento ou o 33 por cento da demanda actual dos que están inscritos no Rexistro de demandantes de vivenda. (*Murmurios.*) (*O presidente pide silencio.*) ¿Que pasa co alugueiro en Galicia? ¿Vostede é consciente de que o alugueiro nas principais cidades de Galicia subiu no último ano un dez por cento? ¿Vostede é consciente de que nos últimos dez anos o alugueiro nesas cidades subiu un setenta por cento? ¿Vostede é consciente de que esa responsabilidade, que é unha responsabilidade que ten vostede como presidente da Xunta, porque é unha competencia da Xunta en materia de vivenda facilitar ese dereito, é súa? ¿O que acontece fóra no mundo non o preocupa? ¿Non é capaz de dar unha resposta?

O respecto a quen eu chamo presidente da Xunta tamén se gaña aquí no Parlamento, vindo facer comparecencias e explicar os temas fundamentais do noso país, (*Aplausos.*) vindo explicar aquí o modelo de financiamento que ten o Goberno de Galicia e o Partido Popular para Galicia; (*Aplausos.*) non escorrendo o vulto, non dicindo hai un ano que eran suficientes 500 millóns de financiamento para Galicia —e hai documentos gráficos que así o acreditan—, (*Aplausos.*) e agora, que 587 —sen máis explicacións— non son suficientes. Ter o respecto da oposición e do pobo galego é vir aquí e dar explicacións; non apartarse das responsabilidades e esquivar as preguntas. Así é como se gaña o respecto: tendo respecto ao pobo galego e respectando o que hoxe vimos facer aquí, que é unha sesión de control ao presidente da Xunta de Galicia; non unha sesión de control á oposición. (*Aplausos.*) Así é como se gaña o respecto: con traballo, estudando as propostas, escoitando tamén o que a oposición ten que dicir en campos como a vivenda ou a dependencia, e respectando valores fundamentais, como é o caso da discapacidade. Así é como se gaña o respecto do pobo galego e dos parlamentarios que estamos aquí lexitimamente facendo unha función parlamentaria e defendendo as posicións doutras persoas que non votaron o Partido Popular. Así é como se gaña o respecto: contestando as preguntas e, sobre todo, pensando que este país merece respostas e merece tamén as explicacións políticas do presidente da Xunta ante problemas que si son problemas que afectan todos os galegos e as galegas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta. Señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Besteiro, de verdade, non se altere. En vez de alterarse, ¿por que non le as preguntas que vostede fai? (*Murmurios.*) ¡É que pode preguntar o que queira! E a min pregúntame:



«señor presidente, ¿cre vostede que verdadeiramente está dando resposta efectiva ás necesidades dos galegos e galegas coas súas decisións políticas?» É o que lle estou explicando, e estoulle dicindo que si. ¿Como que non lle respondo a pregunta? É que vostede ten, de verdade, unha relaxación tan grande que eu estou convencido de que nin se acorda da pregunta que rexistra dúas semanas antes. ¿Como que non lle estou respondendo? Por suposto que si. Estoulle respondendo co que facemos nós e co que nos gustaría que fixesen outros gobernos. Non, eu non vou votar a Pedro Sánchez en ningún caso. Xa hai moitos socialistas que van votar en branco, pero, non, eu vou votar en contra. *(Aplausos.)*

Mire, xa que fai unha pregunta xeral para non ter que centrarse demasiado en nada —non sei se para non ter que estudar moito—, polo menos, se decide falar dun tema aquí na sesión de control, lea ben o periódico. Agora di que elevamos a 10.000 as vivendas. Non leu a noticia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si; pono o periódico. O periódico pon que no ano 2030 haberá 10.000 vivendas: as 4.000 que xa hai, mais as 4.000 que haberá en catro anos, mais 2.000 máis que vai haber ata o ano 2030. Polo menos, lea o periódico, señor Besteiro. *(Aplausos.)* ¡Lea o periódico! É que, se non, é moi difícil. *(Aplausos.)*

Mire, en canto ao tema do financiamento. É que, de verdade, eu non sei como é vostede capaz de seguir defendéndoo. Pero, ¿non se dá conta do que hai ao seu redor? Todos os socialistas responsables están sendo valentes, dando a cara e dicíndolle ao presidente do Goberno que é un disparate o que quere facer. E vostede séguese anclando: ¡non, como dicían 500 millóns, e xa llelos ofrecen...! Oia, que estabamos por enriba da media e pasamos a ser os penúltimos de dezasete. E iso a vostede dálle igual, absolutamente igual, porque a consigna é defender o que lles mandaron facer en cada territorio aos socialistas. E non o está facendo ninguén, pero vostede estao facendo, porque, total xa, ¿que máis dá? Xa que aquí non poden facer ningún mérito, xa que aquí non os cre ninguén, a ver se fan méritos en Moncloa para que os saquen de aquí. Se non, non podo entender cal é a súa postura defendendo isto. ¿Que ten na cabeza, señor Besteiro? ¿Como pode admitir que Galicia perda?

Mire, para xestionar ben os servizos públicos, para tomar as decisións axeitadas —que é polo que vostede me pregunta— fan falta dúas cousas. A primeira, financiamento, e quérennolo negar. Pásannos á posición dezaseis de dezasete, estando por enriba da media agora mesmo, e claro que necesitamos máis —e vostede defende iso—. E tamén fai falta pouco sectarismo. Se quere falamos de sectarismo.

Vostede falaba antes da dependencia. Pero, ¿como pode falar da dependencia cando nos acababan de plantexar un recurso que deixa moitísimos galegos que estaban nun plan de choque, nunha vía rápida, que xa estaban valorados en discapacidade e en dependencia, in albis outra vez? Acábannos de recorrer un procedemento, que agora mesmo está en exposición no *Boletín Oficial do Estado* e que é similar a un que quere facer o Goberno central, pero aquí o para. ¿A que non se atrevía a paralo en Cataluña? ¡O que dirían os socialistas cataláns se fai iso! Pero, non, vostedes teñen aquí o mandadiño maior do reino, que é capaz de defender ata iso, señor Besteiro. ¿Por que teñen os dependentes galegos, de repente, que ver paralizada esa vía que estaba...? Había case cen millóns de euros a maiores para poder pagarlle a dependencia a toda esa xente que estabamos metendo pola vía rápida, e, agora, por unha decisión caprichosa e sectaria do Goberno central, párase.



¡E claro que nos deben 2.500 millóns de euros, como mínimo! ¿Como que non os reclamamos, señor Besteiro? Todos os días e en todas as partes; aquí, no Parlamento, moitas veces. Vostede, como non está case nunca no Parlamento, non o pode escoitar, e, fóra, a verdade é que non sei onde anda se non se entera. ¡Reclámeo! Nós xa o reclamamos, reclámeo vostede tamén. Mire, fágalle un último servizo... Eu non sei o que lle queda, sempre lle digo o mesmo. Non sei se a vostede lle convén estar moito aquí; a min si que me convén moito que vostede estea aquí. Non sei o que durará, pero, mentres dure, fágalle un último servizo a Galicia: mándelle unha mensaxe á Moncloa, dígalle que retiren ese recurso, señor Besteiro. Dígalle que é inxusto, que está deixando fóra moitísimos galegos, que non ten ningunha razón de ser e que é discriminatorio. Se fai iso, eu empezarei a tomalo en serio cando fale de bo goberno e servizos públicos. Se non, señor Besteiro, cada vez é máis difícil, e chegará a ser, en pouco tempo, imposible.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao presidente da Xunta de Galicia da deputada Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os efectos da modificación por parte do Goberno galego das normas de aplicación do canon eólico

O PRESIDENTE: Pregunta de dona Ana Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Rueda, na política, como na vida, eliximos de que lado queremos poñernos, e vostede, unha vez máis, elixiu poñerse do lado das eléctricas. Empezaron no ano 2009 anulando con falsidades un concurso que, por primeira vez, poñía a riqueza eólica ao servizo de Galiza; algo que, por suposto, o Partido Popular non podía tolerar. Seguiron vetando unha tarifa eléctrica galega para que nos beneficiemos desa produción enerxética e se nos compense polos custos ambientais e sociais cunha tarifa máis barata. Tamén dixeron «non» a unha empresa pública de enerxía porque, claro, para o Partido Popular é moitísimo mellor que as eléctricas se forren coa nosa riqueza enerxética. E aí segue vostede lexislando ao ditado das eléctricas. O último exemplo vémosto no cambio do canon eólico para que paguen menos impostos. En concreto, 1,6 millóns de euros menos, só en 2026 e só en oito parques; un agasallo millonario para as eléctricas, mentres temos trescentas mil persoas en pobreza enerxética que non pode prender a calefacción. Ese é o seu bando, señor Rueda: as eléctricas por diante dos galegos e das galegas. (*Aplausos.*)

E, desde o BNG, demostramos que se pode gobernar doutra maneira. Demostrámolo en Muras, o concello que máis eólicos ten de Galiza. É un municipio moi pequeno —apenas 600 habitantes— pero que ten un alcalde valente que fai o que vostede non se atreve a facer: negociar cara á cara con Iberdrola para lograr unha repartición xusta dos beneficios, e de-



fender un acordo xusto no lugar de axeonllarse ante as eléctricas, que é o que fai vostede; un alcalde do BNG que actuou para que da riqueza eólica se beneficien os veciños e veciñas —así non terán que pagar a luz— e que traballou para ter máis cartos para financiar os servizos sociais e así compensar o que vostede lles quita para darllo en agasallos fiscais ao lobby eléctrico.

Señor Rueda, ¿vai tomar exemplo ou vai seguir gobernando para as eléctricas baixándolles os impostos e regalándolles millóns de euros? Porque, mire, o que non é normal é que Galiza pague o enorme custo social e ambiental sen recibir nada a cambio. Ao contrario, grazas ao Partido Popular, en 2020 os galegos e galegas pagamos a luz máis cara que o resto do Estado. E o que tampouco ninguén entende é que, sendo un país que ten riqueza enerxética, teñamos miles de familias en pobreza enerxética que pasan frío no inverno porque non poden pagar esa factura da luz.

Señor Rueda, pídlle que quite a cadeira que teñen as eléctricas no Consello da Xunta e que empece a gobernar para os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón —dígollo sempre—, é moi difícil discutir con datos ao chou e inexactitudes, pero xa o de hoxe é moito. Agora falaremos do demais, pero supoño que o eixo principal da súa pregunta... Ademais, vostede díxoo: só este ano, a modificación do canon eólico vai supoñer unha perda de non sei cantos millóns de euros... ¿Alguén dos que lle prepara a pregunta lle dixo que o artigo 64 da Lei de acompañamento di que esa modificación está suspendida e que non entra en vigor en todo o ano, señora Pontón? *(Aplausos.)* ¡Entérese un pouco, por favor! *(Aplausos.)* É que..., claro, é moi difícil. *(Aplausos.)* ¡Non o sabía! *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Exactamente, sabía; o que pasa é que fai como se non o soubese *(Risos.)* para que lle quede ben a pregunta. ¡Por favor!

Mire, señora Pontón, vostede dicía, por certo: cada un elixe as compañías coas que quere andar. Recordos ao Partido Comunista de Vietnam, ao Partido Comunista cubano, ao Goberno Bolivariano, a Bildu, aos rusos e a todo o mundo. *(Aplausos.)* ¿Quere que falemos de compañías, señora Pontón?, ¿quere que falemos de compañías? *(Aplausos.)*

Mire, todo ese rolo que vostede conta sempre, o dos amigos das eléctricas, nunha asemblea da UPG, onde falan os xefes e os demais escoitan e non poden responder, ao mellor, vale, pero isto é un Parlamento e pódese contestar. ¿Quere que lle conteste con respecto ás eléctricas? Vostede poñía de exemplo ese concurso eólico do Bipartito increíble, limpísimo, que estaba a punto de cambiar a faciana industrial de Galicia e que non puido ser porque perderon as eleccións e despois... Mire, ¿sabe o que dicía e o que di o presidente dese goberno sobre ese concurso eólico —non eu; o presidente dese goberno—? Está nun libro que publi-



cou. Estivo a punto de cargarse, a punto de cesar o conselleiro do Bloque que promovía ese concurso, porque todo lle parecía moi raro e moi sospeitoso e dunha falta de lealdade extrema. Tiña moi serias dúbidas sobre a súa legalidade o propio presidente do goberno que estaba impulsando iso. Tivo claro dende o principio —e moito máis cando todo acabou— que todo era unha operación para promocionar diante do mundo empresarial e do poder económico o vicepresidente da Xunta, do Bloque. ¡Iso dicíao o presidente da Xunta, señora Pontón! (*Aplausos.*) E vostede vén aquí poñer iso de exemplo do que hai que facer, despois do que dixo o señor Touriño con toda a razón do mundo.

Fala do canon eólico, e o canon eólico puxémolo nós. O concurso que vostedes tiñan en marcha, e toda a época bipartita, nin pensou en ningún momento en cobrarlles nada ás eléctricas. ¿Sabe canto cobrou o...? (*A deputada Ana Belén Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, si; pensouno tamén, como a modificación. (*Risos.*) Pensouno, pero non dixo nada. Señora Pontón, ¡que se lle ve o plumero moitísimo, de verdade! Que a min me dá ata un pouco de reparo. Agora resulta que defende o canon eólico que puxemos nós no ano 2010. ¡Ao Concello de Muras, por certo, déuselle case 10 millóns de euros, e a todos os concellos galegos, máis de 140!, e acaba de dicir que non tiveron nada. ¡140 millóns de euros, señora Pontón!, ¡140 millóns de euros! (*Aplausos.*)

Mire —e remato xa, señor presidente—, ¿sabe para que era esa modificación que quedou adiada? Precisamente, cando haxa a repotenciación, as eléctricas seguirán pagando como mínimo igual e, probablemente, máis. ¿Sabe por que houbo que adialo un ano?, que é unha cousa da que vostede non tiña nin idea —téño clarísimo— e todo este Parlamento, incluído os seus, tampouco. Adiouse precisamente porque nos plantexaron un recurso dende o Goberno central os seus cómplices, os seus aliados. ¿Dixeron vostedes algo diso? Non, en absoluto. ¿Sabe o que creo que pasou nese recurso? Creo que o Goberno o plantexou contra as decisións da Xunta inducido por algunhas eléctricas e despois de preguntarse: se facemos isto, ¿o Bloque que dirá? E alguén, con moi bo criterio, diríalles: tranquilos, o Bloque ten unha bravura ecoloxista e demagóxica en Galicia e unha mansedume para todo fronte a Madrid, que volve quedar demostrada. Noraboa, señora Pontón, por volvela reflectir. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Pontón.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, está claro que vostede non di unha verdade nin por equivocación. ¡Está claro que non di unha verdade nin por equivocación! (*Aplausos.*)

¡Ata se contradí a vostede mesmo! Acaba de facelo agora. Di que o adiara vostede e agora dinos que o adiou o Tribunal Constitucional. En fin, xa se ve cal é o seu rigor e a súa seriedade, e como hoxe tivo que sacar os grandes clásicos para intentar fuxir do que é un auténtico escándalo, señor Rueda, e do que vostede non quere explicar. E é que fixo unha modificación do canon eólico que, claramente, beneficia as empresas eólicas e que nos fai perder millóns de euros na recadación para que eles gañen máis. Si, faino cunhas repotenciacións, señor Rueda, que non están paralizadas, que se poden seguir realizando e que, ademais, están sendo financiadas con fondos públicos e van facer que as eléctricas gañen máis,



o que fai aínda máis bochornoso ese agasallo fiscal ás eléctricas, ¡máis bochornoso aínda! (*Aplausos.*)

O BNG está e contra de calquera inxerencia do Tribunal Constitucional no noso autogoberno, ¡en contra! Estao, primeiro, porque non queremos que decidan desde Madrid, e, segundo, porque ese Tribunal Constitucional non é un árbitro neutral; é o Tribunal Constitucional do PP e do PSOE, que teñen todo absolutamente —si, si— pactado para defender o centralismo. Entón, se vostede non quere inxerencias do Tribunal Constitucional, fágolle un acordo: fagamos unha proposta neste Parlamento para que o Tribunal Constitucional quite as súas mans do autogoberno galego, para que non poidan decidir en Madrid sobre o noso autogoberno. (*Aplausos.*) ¿Que vai escoller? ¿Centralismo ou defensa do autogoberno galego? (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Ah, claro! ¡Non, non! ¡Ah! O Tribunal Constitucional está ben, ¿verdade? ¡Ah, claro! Xa sabemos como funcionan no Partido Popular coa súa demagogia e, si, efectivamente, co seu centralismo, porque son vostedes reféns do centralismo.

Faloume vostede aquí do concurso eólico do Bipartito e di que non había beneficios sociais. Pero, señor Rueda, se vostedes se cargaron o concurso eólico do Bipartito, ¿por que....? (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) ¿Podo falar, señorías do PP? ¿Si? Están moi nerviosos cando falamos do tema eólico, ¿verdade? ¡Moi nerviosos! (*Aplausos.*) Non lles gusta nada este tema. O que sabemos do concurso eólico do Bipartito é que quen o declarou legal foi o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que deixou en evidencia as súas mentiras. (*Aplausos.*) Aínda máis, señorías, tamén sabemos porque lles molestaba tanto ese concurso: porque, por primeira vez, a enerxía se poñía ao servizo do país. Fíxese se ía haber retorno social que o 14 por cento dos beneficios ía ir ás arcas públicas. Pero vostedes botárono abaixo porque son os grandes defensores do lobby eléctrico.

Nós claro que temos un modelo moi claro. Nós cremos que hai que poñer a enerxía eólica ao servizo de Galicia, e non das eléctricas, como fan vostedes. Por iso, defendemos unha tarifa eléctrica galega; por iso, defendemos unha empresa pública de enerxía, igual que teñen outros países do noso contorno, como Francia ou Noruega, e tamén por iso, defendemos que as eléctricas teñen que pagar máis. O que vostede non se atreve a explicar, señor Rueda, é por que lles fai un agasallo fiscal ás eléctricas con esa modificación do canon.

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

ANA BELÉN PONTÓN MONDELO: ¡Si, si! É unha rebaixa de 1,6 millóns de euros no canon só para oito parques eólicos.

Xa sabemos cal é o custo que teñen as portas xiratorias, e estou segura de que pronto veremos quen é a próxima Bea Mato do seu goberno. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Fará o peche da pregunta o señor presidente.

O PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Alfonso Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.



Señora Pontón, ¿de verdade cre que os que estamos nerviosos somos nós? Vostede non o ve, porque os ten ao lado, pero eu si que vexo os seus compañeiros e as súas compañeiras e vinlles a cara cando lle dixen unha realidade, que é que está criticando unha medida que non está en vigor, e vostede non tiña nin idea, señora Pontón, ¡nin idea!. (Aplausos.) Ese é o seu rigor. Entón, ¿en que quedamos? Quedamos en que, efectivamente, non está en vigor. Iso é o de menos. (O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda Valenzuela, ri.) (Risos.) ¡Iso é o de menos!, que non lles fastidien a pregunta coa realidade. (Aplausos.)

É igual. Por se acaso, como hai que sacar unha cortina de fume cando se mete a pata ata o fondo —e vostede hoxe fíxoo—, deixou aquí unha perla. Señor Besteiro, estes son os seus aliados, os seus socios —si, si—, os seus cómplices. O Bloque acaba de propoñer aquí en Galicia, nada máis e nada menos, que un recado para toda España: que, dado que o Tribunal Constitucional é un tribunal parcial, comprado, repartido politicamente, hai que abolilo en Galicia. ¡Vaia perla, señora Pontón! ¡Vaia perla! Si, si... (Aplausos.)

A min, realmente, encántame que cando vostede —en fin, non vou dicir nada, para que, despois...— se pon así, teña que dicir estas cousas, porque a retratan de verdade. Saque a máscara, ese intento de disimulo que ten o Bloque ao dicir: ¡non, non! Nós en realidade somos xente moderada, somos xente que entende as institucións; podemos non compartir algunhas cousas, pero somos demócratas. ¡Non, non!, ¡abolide o Tribunal Constitucional porque non nos gustan as súas sentenzas! Isto é o totalitarismo e o populismo; este é o Bloque en estado puro. *Diario de Sesións* en letras de ouro. (Aplausos.)

En todo caso, non se confunda. Non é o Tribunal Constitucional o que provoca que non entre en vigor. O Tribunal Constitucional ten un recurso e suspende porque llo piden. É o Goberno central con cómplices —iso si—, coa procesión dos caladiños, cos mansos en Madrid, que son vostedes, señora Pontón. Non dixeron nada absolutamente. Ou sexa, que a repotenciación, que ía supoñer o que aquí están dicindo que hai que facer, que é eliminar moitísimos muíños —reducilos nun 80 por cento—, a vostedes non lles vale e apoian ese recurso (*Murmuros*.) Si, si, absolutamente.

E non se equivoque tampouco. As críticas ao concurso eólico non son miñas, son do presidente da Xunta bipartita, señora Pontón, da Xunta da que vostedes formaban parte. Xa sei que lles molesta moitísimo e xa sei que non hai que falar diso, pero eu simplemente reproducín, practicamente entre comiñas, o que dixo o señor Touriño sobre o concurso eólico, sobre unha parte do Goberno; ou, máis ben, sobre a segunda parte dun goberno, xa que eran dous, e así lles foi.

Por cousas coma esta é polas que eu creo que vale a pena seguir en política, porque vostedes son os do «non» para todo, os do «non» que os retrata á mínima. Hoxe especialmente vale a pena defender a Galicia do «si». Falo desa «Galicia calidade» que quere seguir facendo cousas e que non quere deixar pasar oportunidades. Xa sei como son vostedes: populismo, demagogia e todo «non». Queren que todo sexa un desastre para poder dicir que hai un desastre. Isto é o Bloque en estado puro e vostede é a máxima representante. Xa vai a terceira década de estar alí dicindo sempre que non. Aínda non estreou o botón do si. Eu dende aquí non o vexo, pero debe ter ata o precinto aínda o botón do si, ¡debe ter ata o precinto! (Aplausos.) (Risos.)



Señora Pontón, mire por onde, non pensaba eu que esta sesión de control ía ser tan exemplificativa do que son vostedes. Polo tanto, teño que dicirlle que me alegro moitísimo de que me fixese esta pregunta. A xente pode ver o que é o Bloque e a súa voceira.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Continuamos co punto terceiro da orde do día: proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Taibo Corsanego e do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel e a situación das ONGD que operan en Palestina

O PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Katherinie Varela Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reafirmarse na posición clara e firme en defensa dos dereitos humanos en Gaza e Cisjordania e, no marco da competencia estatal en relacións internacionais, dirixirse ao Goberno de España para trasladarlle as seguintes demandas:

- 1. Apoiar o Plan de Paz para Gaza como a vía máis adecuada que inclúe o cesamento do fogo, a chegada plena de axuda humanitaria e evitar a escalada do conflito, como a vía máis realista para un futuro de coexistencia pacífica entre israelís e palestinos.*
- 2. Esixir a Israel a continuación total de entrada de axuda humanitaria en Gaza, volvendo ao modelo de entrega de Nacións Unidas e doutras axencias e organizacións humanitarias presentes na zona.*
- 3. Reforzar a axuda humanitaria directa a Gaza, priorizando a saúde, a educación, a alimentación e a reconstrución da Franxa de Gaza. Neste contexto e, en colaboración coa Xunta de Galicia, interesarse pola situación das entidades galegas, e das persoas galegas, que traballan no ámbito da cooperación ao desenvolvemento e a axuda humanitaria en Palestina.*
- 4. Continuar impulsando, na Unión Europea, entre os seus Estados Membros e nas Nacións Unidas, a solución dos dous Estados.*
- 5. Rexeitar os asentamentos ilegais anunciados polo goberno israelí, así como a expansión dos existentes, reiterando a súa ilegalidade conforme ao dereito internacional. Denunciar á súa vez, a crecente violencia de colonos israelís contra palestinos.*



6. *Condenar sen ambigüidades os ataques indiscriminados contra a poboación civil palestina e calquera acto de violencia cometida por calquera de ambas as partes.*

7. *Continuar impulsando medidas que apoien o labor que leva a cabo a Axencia das Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina en Oriente Próximo (UNRWA), esencial para a supervivencia, seguridade e dignidade do pobo palestino.*

8. *Recoñecer, protexer, respectar e facilitar o dereito á protesta cidadá como expresión lexítima dun dereito fundamental.>>)*

O PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Iria Taibo.

IRIA TAIBO CORSANEGO: Grazas presidente.

Bo día a todas e a todos.

Hai unhas semanas, o Goberno criminal de Israel decidiu de xeito unilateral complicar —e de feito, na práctica, impedir— a actividade das entidades de axuda humanitaria que operan en Palestina e, nomeadamente, na Faixa de Gaza. Entre outras cousas, impón un sistema de rexistro obrigatorio que, na práctica, obriga estas entidades a saíren da faixa de Gaza e de Palestina en xeral para non comprometer a seguridade das persoas locais que traballan para elas, entre outros impedimentos técnicos. Como lles digo, esta é unha decisión unilateral do Goberno sionista que deixa absolutamente abandonada a poboación civil nun momento especialmente dramático, como é ben coñecido por toda a sociedade, tamén pola sociedade galega.

Deben saber vostedes que hai entidades que teñen persoas galegas que están a traballar na Faixa de Gaza da man destas entidades que viron limitada e, de feito, prohibida a súa actividade en Palestina. Hoxe, contamos coa presenza neste hemiciclo de representantes de Médicos do Mundo, da Asemblea de Cooperación pola Paz e dunha cidadá palestina que vive en Galiza, Sara Ashour, que tamén colabora con International Child Welfare.

Esta decisión unilateral de Israel vén nun momento especialmente dramático no que hai informes da axencia da ONU para os refuxiados de Palestina, a UNRWA, e doutras entidades que din que as condicións de vida para a poboación en Gaza son extremadamente dramáticas.

Hai oitocentas mil persoas, que representan o 40 por cento da poboación, que sobreviven en zonas propensas a inundacións. A poboación non conta cos recursos necesarios para protexerse das baixas temperaturas, o que a coloca nun grave perigo. Especialmente grave é a situación das crianzas. Desde que comezou este inverno, oito crianzas faleceron por problemas relacionados coa hipotermia en Gaza. Hai instalacións de auga danadas—saneamento e hixiene—, e estase reducindo o acceso de persoas vulnerables á asistencia vital, por non falar dos problemas vinculados á propia asistencia sanitaria.

A ONU estima o custo dos danos en setenta mil millóns de dólares. Hoxe na Faixa de Gaza, hai sesenta millóns de toneladas de entullos, mesturados con bombas sen estourar e con cadáveres



res. Obviamente, esta acción ilegal de Israel, do Goberno sionista, implica que queren continuar coa súa acción destinada a exterminar o pobo palestino. Por outra banda, demostra tamén que non queren testemuñas. Isto xa aconteceu coa matanza de xornalistas, tan denunciada por Reporteiros sen Fronteiras, que afirma que, desde que comezou a ofensiva do Estado de Israel no mes de outubro de 2023, máis de 210 xornalistas foron asasinados. Francesca Albanese, a relatora da ONU para os territorios palestinos ocupados, afirma que desde esa data Israel matou máis xornalistas en Gaza que a suma total de reporteiros e reporteiros falecidas na Primeira e Segunda Guerra Mundial e nos conflitos de Vietnam, Iugoslavia e Afganistán.

Entre tanto, vivimos nun contexto no que se nos di que hai un plan de paz para Palestina, un falso plan de paz obviamente, orquestrado polo presidente dos Estados Unidos de América; un cuestionábel documento baseado unicamente nun plan imperialista e expansionista, que vulnera —por suposto, non podemos concordar con el— o máis básico: o dereito de autodeterminación do pobo palestino. O dereito de autodeterminación, efectivamente, significa que sexan os propios palestinos e palestinas os que poidan decidir cal é o seu futuro e cal é a mellor solución para o seu futuro. *(Aplausos.)* Obviamente, non podemos concordar con este plan de paz tampouco polas persoas que compoñen esta denominada xunta para a paz, que teñen moitas delas unha traxectoria moito máis vinculada con ese imperialismo que con calquera plan de paz xusto para a sociedade.

Por outra banda, hai algúns aspectos do plan que poderían ser útiles para a poboación civil, mais precisamente eses non se están a cumprir. O primeiro deles é o obxecto desta proposición non de lei que traemos hoxe, que é o da entrada e distribución de axuda humanitaria, que xa vemos que non se está a cumprir, tal e como se establece no denominado plan de paz.

Mais hai outro máis grave aínda, que é o de cesar o fogo. Dísenos que este plan entrou en vigor o 10 de outubro de 2025, mais desde entón Israel, o Exército de Israel, o Exército asasinado do Estado de Israel, asasinou máis de 500 persoas, só desde o cesar o fogo.

Outros exemplos moi claros de que esta parte do plan non se está a cumprir: o 6 de xaneiro o Exército de Israel irrompeu no campus da Universidade de Birzeit, en Cisjordania, asasinando en pleno horario lectivo alumnos e alumnas e persoal universitario con munición real, granadas aturdidoras e gases lacrimóxenos. Na propia sede da UNRWA, da Axencia das Nacións Unidas, o 20 de xaneiro, despois de ter o Estado de Israel declarado tamén de xeito unilateral que esta organización, que esta entidade é ilegal, entrou no complexo que teñen en Sheikh Jarrah e comezou a destruír esta sede; en teoría, os edificios das Nacións Unidas son inviolábeis e son inmunes a calquera forma de interferencia; porén, nada aconteceu.

As autoridades de Israel continúan a provocar deliberadamente unhas condicións de vida calculadas para causar o exterminio da poboación palestina en Gaza. Israel limita a entrada de subministracións, o restablecemento de servizos esenciais para a supervivencia, igual que as evacuacións médicas. A poboación palestina segue a ser sistematicamente expulsada dos seus fogares e terras cultivábeis.

Recentemente vimos que en Cisjordania, onde xa desde outubro de 2023 o Estado de Israel asasinou máis de 1.100 palestinos e palestinas, recentemente o Departamento de Seguridade



de Israel aprobou unhas normas para aumentar o control de Cisjordania, implicando unha anexión *de facto* deste territorio, nunha clara e perigosa tentativa de legalizar a ampliación dos asentamentos, que xa son ilegais, e da súa colonización.

Obviamente, todos estes exemplos que estou a dar son a realidade do día a día dos palestinos e palestinas e non poden considerarse parte de ningún proceso de paz que se poida chamar así.

Desde outubro de 2023 o Exército de Israel reconece, admite o propio Exército de Israel, que asasinou de xeito directo máis de 71.000 persoas. Hai outras voces que falan de cifras moito máis estarrecedoras. A propia Francesca Albanese fala de case 700.000 persoas. Estamos a falar non só de persoas asasinadas pola acción directa do Exército criminal de Israel; estamos a falar de persoas desaparecidas, de persoas que morren debido á fame, á falta de servizos básicos, á falta de atención sanitaria. O propio Tribunal Internacional ordenou o arresto de Benjamin Netanyahu por crimes de guerra e de lesa humanidade.

Porén, temos que facer mención, como sempre que falamos aquí de Palestina, a que a ocupación non comeza en 2023. A ocupación ilegal de Palestina por parte de Israel comeza en 1948, co desprazamento forzoso de máis de 700.000 persoas. Hoxe en día hai case 6 millóns de persoas desprazadas de Palestina.

Obviamente a solución, a única solución para o problema do que estamos a falar hoxe aquí é a fin do xenocidio. Por iso traemos hoxe aquí esta proposición non de lei, porque consideramos que este Parlamento e o Goberno galego deben manifestar, por unha banda, de xeito claro e inequívoco, a súa condena do xenocidio que está a cometer o Goberno criminal de Israel contra o pobo palestino e, e por outra parte, temos que afirmar tamén que neste proceso —como dicía antes— hai implicadas organizacións non gobernamentais con persoal galego. Por iso consideramos que hoxe é imprescindible que este Parlamento se pronuncie. Como xa fixemos noutras ocasións, traemos aquí unha demanda moi explícita para o Goberno galego: queremos unha condena clara do xenocidio contra o pobo palestino e unha defensa dos dereitos do pobo palestino, entre eles o do dereito de autodeterminación.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Varela Fernández.

KATHERINIE VARELA FERNÁNDEZ: Moitas grazas, presidente.

Bo día, señorías.

O conflito de Oriente Próximo vén de hai moito tempo; non exaxero se digo que todos os que estamos aquí neste hemiciclo levamos oíndo falar deste conflito practicamente desde que chegamos a este mundo. O que está claro é que a historia máis moderna deste conflito data do ano 1948, cando se crea o Estado de Israel. É certo que desde ese momento se suce-



den diferentes períodos de escalada bélica e logo períodos de calma. Non se pode falar de paz, está claro, nunca, nesa área internacional, pero si de que houbo intentos por parte da comunidade internacional sempre de que houbese paz en Oriente Próximo.

O certo é que o contexto histórico deste conflito, enquistado durante décadas, con múltiples intentos de paz, implicando países da comunidade internacional, dá conta da dificultade que entraña valorar a situación que se vive aquí. O que temos claro é unha cousa: que buscar solucións fáciles para conflitos difíciles é populismo.

O último período de maior continxencia bélica comeza o 7 de outubro de 2023, cando o grupo terrorista Hamás vulnerou a fronteira de Israel para perpetrar un grave ataque terrorista contra a poboación civil, que se cobrou a vida de 1.195 civís e o secuestro doutros 251. Ademais de atentar contra obxectivos civís, o que se pretendía era dinamitar as negociacións entre Arabia Saudí e Israel no marco dos denominados Acordos de Abraham, que perseguen precisamente a paz nesa área. O Goberno israelí, en resposta a este ataque, ordenou unha campaña militar na Franxa de Gaza co obxecto de deter os culpables e poder recuperar os reféns. Non obstante, co paso do tempo esta campaña militar derivou nunha campaña xeral, desproporcionada e indiscriminada, que provocou a morte de decenas de miles de palestinos e un incontable número de feridos, ademais do éxodo masivo da poboación gazatí.

E non podemos esquecer como o sufrimento da poboación civil se viu agravado pola negativa do Goberno israelí a permitir a chegada á zona de axuda humanitaria e consecuentemente a severa privación de alimento, auga, medicamentos e outras subministracións básicas dunha poboación civil extenuada.

O Grupo Parlamentario Popular sempre tivo claro condenar ese ataque desmesurado do Goberno israelí despois deses ataques terroristas, sempre o tivo claro, pero o que non queremos son titulares nin réditos políticos a custa dos conflitos internacionais. Cando o Grupo Parlamentario Popular denuncia unha situación internacional de vulneración de dereitos humanos, faino sempre por moral, ética e principios, sen sectarismos, (*Aplausos.*) porque para nós non hai vítimas nin de primeira nin de segunda; para nós todas as persoas son iguais independentemente da súa orixe, da súa etnia, da súa relixión ou da súa ideoloxía política. Non creo que outras forzas deste Parlamento poidan dicir o mesmo.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, non os escoitamos condenar con contundencia nos últimos anos as vulneracións de dereitos humanos que se produciron en Venezuela no seo da ditadura de Nicolás Maduro; non os escoitamos falar das miles de persoas que morren en Irán por defender os seus dereitos. (*Aplausos.*) As mulleres iranianas sufrindo a policía da moral e non son capaces de firmar unha declaración institucional aquí neste Parlamento precisamente para condenar o que sucede alí. Non se atreven a entrar no debate da invasión de Rusia a Ucraína. Iso si, tardan segundos practicamente en saír todos dignos cando Estados Unidos entra en Venezuela. Moito lles custa falar dos ataques terroristas, como neste caso no que pasou, e ben o vimos de dicir, o 7 de outubro de 2023.

Tamén é lamentable que levemos dous anos sen poder firmar unha declaración institucional de condena ao Holocausto xudeu. Porque, señorías do Bloque Nacionalista Galego: ¿teñen



culpa os milleiros de xudeus que morreron torturados hai setenta anos do que está a acontecer actualmente na Franxa de Gaza? Nós cremos que non. *(Aplausos.)*

Miren, efectivamente, tal e como dicía a señora Taibo, é verdade, ¿non?, se eu presenciei unha reunión con ela e con outra deputada do Partido Socialista coas ONG, coa coordinadora de ONG, onde nos falaban da situación actual en Oriente Próximo e na Franxa de Gaza. É certo que hai un alto ao fogo firmado, pero dicían que non estaba a chegar esa axuda humanitaria. Pero ben, como dicía, hai un alto ao fogo firmado —por certo, entre unha banda terrorista e un Estado democrático—, un alto o fogo que se pacta no plan de paz para Oriente Próximo firmado nun acto o 13 de outubro, ao que asiste o noso presidente do Goberno, porque estamos representados no plano internacional polo Goberno español.

É certo que ao noso partido igual lle gustaría que o representante do Estado español fose outra persoa, pero o certo é que é Pedro Sánchez, e, como partido democrático, constitucional e institucional que somos, respectamos o Goberno actual. E precisamente Pedro Sánchez, representando España, recoñeceu o éxito dese acordo de paz e validouno coa súa presenza, e vostedes ademais son socios necesarios de que ese goberno siga en vigor.

Polo tanto, a emenda que nós presentamos é nese senso: é pedirlle ao Goberno de España que faga cumprir ese acordo, porque precisamente ese acordo tiña entre os seus puntos, á parte de, por suposto, o alto ao fogo e o alto á violencia, pois que chegara esa axuda humanitaria, algo que nós desde logo reivindicamos, participando sempre activamente naquela reunión á que nos convocan as diferentes ONG galegas —e sábeno—, porque ademais intéresanos saber ese financiamento de cooperación internacional que existe na Xunta de Galicia, ou como se traballa nas diferentes zonas de actuación, e agradecemos cando nos convocan a esas reunións e nos contan o que fan nesas zonas.

Pero o certo é que precisamente, como ben dicía a señora Taibo, nesa última reunión trasladábanos que seguía habendo moitas dificultades para o achegamento de axuda humanitaria. Explicouno en certo moda a señora Taibo. O certo é que o Estado de Israel endureceu as normas e os requisitos para que entrara esa axuda humanitaria despois deses ataques terroristas, e as propias ONG para defender, e para asegurar máis que defender, para asegurar a integridade desas persoas que traballan con eles, en certo modo resístense a dar datos. Por ese motivo o conflito está servido e estamos como estamos.

Pero desde o Goberno galego por suposto que queremos que esa axuda humanitaria chegue e queremos que se cumpran os acordos, os acordos de paz, e que eses acordos de paz, onde vén contemplado que a axuda humanitaria ten que chegar á zona de conflito, cremos que é importante que se validen. E por iso, señora Taibo, a emenda, porque o señor Pedro Sánchez asiste, todo oufano, á validación do acordo de paz —cremos que non só a sacar unha foto, senón porque cre neles— e por iso cremos que ten que instar o Goberno de España a que se faga cumprir ese acordo de paz.

E, ademais, presentamos un acordo que se vén de aprobar no Congreso dos Deputados o pasado 18 de novembro na Comisión de Asuntos Exteriores, que as propias ONG nese encontro que mantivemos nos presentaron. Foi un acordo dunha PNL presentada polo Partido Socialista, que



o Partido Popular emendou e sobra a que se conseguiu chegar a un acordo, e cremos que é máis axeitada, máis completa ademais, esa emenda, onde lle pedimos ao Goberno de España que faga cumprir os acordos, velamos pola integridade, por suposto, daqueles galegos que poidan estar exercendo ese traballo na zona da Franxa de Gaza e sempre tendo en conta eses acordos que se firmaron, e sobre todo esa PNL na que se chegou a un acordo no Congreso dos Deputados.

Por iso, señora Taibo, ánimoa a aceptar a emenda, que nos parece moito máis adecuada.

Pola miña parte, nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Castro.

PALOMA CASTRO REY: Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero saudar todos os representantes das ONGD que se atopan aquí no hemiciclo; un saúdo para eles.

E así tamén quería iniciar a miña intervención. O pasado 22 de xaneiro acudimos os tres grupos con representación aquí nesta Cámara a unha xuntanza coa Coordinadora Galega de ONGD e outras organizacións que traballan no territorio palestino, ante o que eu valoro como unha chamada desesperada, para expoñernos a situación na que se atopan, e, sobre todo, para dicirnos que non nos esquezamos deles.

Sabemos que o mundo actual se move moi rápido, que o foco mediático muda diariamente, e España ademais sabemos tamén que foi un país valente neste conflito na súa posición, e tamén en marcar posición, tanto en Europa como a nivel internacional, na condena do xenocidio que o Goberno de Israel estaba a perpetrar en Palestina, e a exixir con contundencia a implicación da comunidade internacional.

Sabemos tamén que o pobo galego secundou isto e deu mostras da súa solidariedade e apoio ao pobo palestino, pero semella que neste momento parece pois que non está xa na actualidade. A deriva da política internacional, esa vontade expansionista e imperialista do presidente Donald Trump e esas políticas migratorias que está a facer en Estados Unidos estannos a deixar a todos atónitos e con medo ante a situación e ante todo o que poida pasar. E isto está a mudar o foco e deixar Palestina nun segundo lugar, pero non podemos esquecer, porque isto non rematou.

Na actualidade a situación humanitaria da Franxa de Gaza é hoxe das máis graves do mundo —segue a ser das máis graves do mundo—, cun resultado dun conflito prolongado, dun bloqueio continuado e, nos últimos meses, dunha situación e dunha sucesión de decisións políticas que están a levar a poboación civil a unha situación límite, incompatible coa dignidade humana e cos principios máis básicos do Dereito internacional.



O alto ao fogo que nos queren vender Estados Unidos e Israel non existe; máis de 500 persoas asasinadas e miles de feridas dende o 10 de outubro de 2025. O peche da entrada de Rafah impide a entrada de axuda humanitaria, ao que se suma un inverno especialmente duro, os brotes de enfermidades e unha situación de necesidade; o que evidencia que se segue a perpetrar este xenocidio —podemos chamalo agora xenocidio de forma pasiva por omisión—, pero o que implica, en definitiva, é deixar a xente morrer e/ou forzala a marchar de Gaza. E a isto súmase, ademais, a violencia que se está a exercer sobre as mulleres, máis de 7.000 mulleres viúvas ao cargo das súas familias en situacións realmente complicadas.

Falamos dunha poboación sometida a bombardeos, desprazamentos forzosos, fame e falta de auga potable, colapso sanitario e unha destrución xeneralizada das súas infraestruturas básicas, ao que se está a sumar agora outro feito realmente alarmante: a obstaculización deliberada da axuda humanitaria. Nos últimos meses, o Goberno de Israel retirou o rexistro e as licenzas de actividade a case corenta organizacións non gobernamentais e internacionais que operaban en Gaza e Cisjordania e Xerusalén leste. Entre elas, hai ONGD con décadas de experiencia, recoñecidas internacionalmente polo seu labor humanitario, sanitario e social.

Estas decisións ao final non son decisións neutras ou decisións administrativas, teñen consecuencias directas sobre a vida e a supervivencia de milleiros de persoas civís. As organizacións afectadas vense obrigadas neste momento, pola situación na que se atopan, a cumprir requisitos absolutamente insostibles —e trasladáballas—, porque lles exixen entrega de listaxes de persoal e incluso familiares, vulnerando principios esenciais de independencia e a neutralidade humanitaria, incluso a protección de datos; exixencias que poñen en perigo non só o funcionamento delas, destas ONGD, senón tamén a seguridade das persoas que traballan nelas e das comunidades ás que atenden.

A retirada do rexistro e a paralización das súas actividades están a implicar un risco inmediato de peche de hospitais de campaña; a interrupción de distribución de alimentos, auga e material sanitario; a suspensión de programas de atención á desnutrición infantil; e o colapso dos servizos básicos, que aínda se manteñen en pé nun contexto de emerxencia extrema, que é na situación na que se atopan.

E, por iso, dende aquí quero facer un recoñecemento, un recoñecemento expreso a todas aquelas persoas que traballan no ámbito da cooperación, aos profesionais que moitas veces arriscando a súa vida permanecen sobre o terreo para salvar outras, nun labor que non é político, senón que é humanitario, amparado polo Dereito internacional e sustentado nos principios de humanidade, neutralidade e independencia. Por iso, resulta profundamente inxusto e inaceptable que estas persoas e as organizacións ás que representan sexan tratadas polo Estado de Israel como se fosen delincuentes, sometidas a restricións arbitrarias, criminalización política e obstáculos administrativos que impiden o exercicio da súa misión.

E miren, señorías, co 97 por cento das terras destruídas en Gaza e o saneamento bloqueado, o 90 por cento desta poboación vive da axuda humanitaria.

E non podemos esquecernos tampouco —falo sempre de Gaza— de Cisjordania, onde hai 50.000 desprazados nos campos do norte controlados polo Exército israelí.



E todo isto está a afectar duramente —repito— a unha poboación que está xa exhausta, que leva décadas sufrindo un bloqueo continuo, restricións de movemento, acceso limitado aos recursos básicos, e unha crise humanitaria que xa é crónica.

E estamos vendo que non só é unha agravación do sufrimento, senón que para nós isto supón tamén, na práctica, unha vulneración do Dereito internacional, porque é unha negación deliberada e sistemática de axuda humanitaria á poboación civil. E, polo tanto, pódese configurar incluso como un crime de guerra cando forma parte dun ataque xeneralizado contra a poboación e tamén un crime de lesa humanidade.

E fronte a isto, señorías, Galicia non pode mirar para outro lado. Eu dende aquí, de verdade, pido un grande esforzo, pido un esforzo das catro forzas políticas que temos representación para non poñernos de perfil e sacar isto por unanimidade. Entendo que temos que sacar isto por unanimidade porque é unha mostra desta condena grave ao Dereito internacional que se está a facer neste momento polo Goberno de Israel. E creo que temos que dar exemplo dende Galicia como sociedade que sempre recoñeceu os valores de xustiza, solidariedade e respecto ao dereito humano; polo tanto, creo que temos que condenar isto.

E dende o Grupo Socialista témolo claro: Galicia ten que manifestar a súa solidariedade coa poboación civil palestina, a súa condena ás políticas que dificulten o acceso á axuda humanitaria e o seu apoio ás organizacións que, no marco do dereito internacional, continúan traballando para aliviar o sufrimento da poboación.

Porque obstaculizar este acceso non só agrava o sufrimento da poboación, senón que, ademais —como dicía antes—, senta un precedente moi perigoso para todo o sistema de protección humanitaria internacional e está en contra de todo o que se acadou na Convención de Xenebra, na última convención de Xenebra.

Polo tanto, reclamamos dende aquí: creo que nos temos que posicionar de forma clara e unánime coa exigencia a Israel de reiniciación total da entrega da axuda humanitaria en Gaza; co reforzo desa axuda humanitaria ante esta crise que está a sufrir a poboación civil de saúde, educación e alimentación e a falta de infraestruturas básicas; polo recoñecemento do Estado palestino e a solución dos dous estados como única vía pacífica para este conflito; polo rexeitamento deses asentamentos ilegais israelís; e por condenar sen ambigüidade todos os ataques indiscriminados contra a poboación civil que se seguen a perpetrar ata o día de hoxe.

Nós temos unha posición clara e firme. Esperemos que se secunde por parte de todos os partidos e —repito— que isto saia por unanimidade. E, como dicía Elie Wiesel: «a neutralidade axuda o opresor, nunca a vítima». Polo tanto, dende o Partido Socialista non nos imos poñer de perfil.

Nada máis. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Taibo.



IRIA TAIBO CORSANEGO: Grazas, presidente.

Grazas ás representantes dos dous grupos que interviñeron. Especialmente esclarecedora a intervención da señora Varela.

Ao Grupo do PSdeG gustaríame dicirlle que agradezo o seu apoio, aínda que discordamos nalgúns aspectos que nos parecen importantes. E, por exemplo, falaba a señora Castro agora ultimamente da solución dos dous estados. Nós insistimos en que consideramos que é imprescindible que sexa o pobo palestino o que decida cal é a solución máis axeitada para o seu futuro.

Tamén me gustaría aclarar que para nós é fundamental entendermos que ningún goberno que se diga defensor dos dereitos do pobo palestino pode optar por outra solución que non sexa boicotear e cancelar calquera tipo de relación —sexa a comercial, a armamentística ou de calquera outro tipo— co Estado de Israel. Paréceme importante deixar isto claro.

En relación coa emenda que presenta o Partido Popular e co que dicía a señora Varela, o primeiro que quero dicir —e quero que quede moi claro— é que non estamos a falar dun conflito; isto non é un conflito, é un xenocidio, (*Aplausos.*) é unha ocupación ilegal; o que está a acontecer en Palestina é unha ocupación ilegal.

A partir de aí, si que lle podo recoñecer que pode haber algún aspecto concreto da súa emenda coa que poderíamos concordar. Mais partimos dunha diferenza de base fundamental: nós si consideramos que o Goberno galego ten competencias, nós si consideramos que este Parlamento serve para algo. E por iso traemos aquí esta proposición non de lei, na que o que demandamos é que sexa o Parlamento galego quen se pronuncie claramente e que lle pida ao Goberno galego tanto que interceda polas organizacións de traballo humanitario que están presentes en Palestina, que están a ver impedido o seu traballo, tanto polas que teñen participación galega, como por todas as demais, como que cremos que o Goberno galego e o Parlamento galego teñen que pronunciarse claramente en contra do xenocidio que se está a producir en Palestina.

Parécenos especialmente importante esta parte do xenocidio. Falaba a señora Varela de que delegan, que consideran que estamos suficientemente representados polo Goberno do Estado. Por só poñer un exemplo de todos os vínculos que ten o Partido Popular e o Goberno galego co Estado de Israel, co Estado criminal de Israel, podemos poñer o exemplo, que xa trouxemos aquí noutras ocasións, da reunión, da entrevista que tivo o director xeral de Relacións Exteriores e a propia vicepresidenta deste Parlamento co representante da Embaixada do Estado sionista en España. E daquela si que non tiveron problema en entrevistarse e en exercer e facer uso das súas competencias.

Eu non sei se estiveron vostedes presentes na intervención de María do Pilar García Negro —que estivo moi atinada— e fixo unha petición ao Partido Popular, que é que asuman vostedes a súa autonomía. E nós o que pedimos é, efectivamente, isto: que asumamos que o Goberno galego, que este Parlamento, teñen unha función e teñen que exercela.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)



O PRESIDENTE: Grazas.

Rematado o debate das proposicións non de lei, procedemos á votación.

Votación das proposicións non de lei

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista por iniciativa de dona Lara Méndez.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa das deputadas Lara Méndez López e María del Carmen Rodríguez Dacosta, sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha co obxectivo de promover a agricultura e gandaría rexenerativa.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 9; en contra, 36; abstencións, 25.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Pazos.

Non se aceptan as emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Rubén Lorenzo Gómez e nove deputados/as máis, sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que non presente recurso contra determinados preceptos da Lei galega de medidas fiscais e administrativas de 2024 relativos á repotenciación de parques eólicos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 36; en contra, 9; abstencións, 25.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona Raquel Arias.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación coa aplicación e a dotación orzamentaria da Lei ELA.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Silvia Longueira e de Aitor Bouza.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. Socialista de Galicia, por iniciativa do deputado Aitor Bouza Manso e da deputada Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que realice unha avaliación urxente da dotación actual de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT), Audición e Linguaxe (AL) e coidadores e coidadoras nos centros educativos públicos galegos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, iniciativa de don Iago Suárez.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa dos deputados Iago Suárez Fernández e Ramón Tomás Fernández Alfonzo, sobre a planificación que debe desenvolver a Xunta de Galicia antes da fin do actual período de sesións destinada a combater a emigración xuvenil.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 36; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Iria Taibo.

Non se acepta a emenda do Grupo Popular.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Iria Taibo Corsanego e do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, sobre as accións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa ocupación de Gaza por parte do Estado de Israel e a situación dos ONGD que operan en Palestina.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 36; abstencións, 1.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións.

Continuamos co punto sexto da orde do día, que son as interpelacións.

Hai que avisar a conselleira de Política Social. *(Pausa.)*

Interpelación da deputada Olalla Rodil Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actualización da lexislación galega en materia de inclusión social

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Bo día tamén, conselleira de Política Social.

Hoxe, desde o BNG, traemos unha interpelación vella, bastante vella, resesa —poderíamos dicir—, de abril de 2024. É case tan vella, señora conselleira, como as súas promesas e os seus incumprimentos. Imos facer repaso deles.

En decembro de 2020, aquí en sede parlamentaria, neste mesmo hemiciclo, vostede mesma anunciaba que a Xunta iniciaba os traballos para a reforma da Lei de inclusión social de Galicia en colaboración coas entidades sociais. Decía daquela, anunciaba vostede mesma, que o obxectivo do Goberno galego era adaptar a Risga e as axudas de inclusión ao novo contexto xurdido coa posta en marcha do ingreso mínimo vital; modernizar, axilizar e simplificar en materia de inclusión social en Galiza. Decembro de 2020.

En maio de 2021, como non facían nada, o Bloque Nacionalista Galego volveu traer esta cuestión a esta Cámara. E dicía vostede, en maio de 2021: «A Xunta de Galicia comezará o vindeiro trimestre a tramitación da reforma da Lei de inclusión social. O Goberno galego leva meses traballando nesta modificación normativa que conta coas achegas das entidades sociais de loita contra a pobreza». Maio de 2021.



Como non facían nada, en abril de 2022, desde o Bloque Nacionalista Galego, volvemos traer esta cuestión a esta Cámara. *(A deputada Olalla Rodil Fernández amosa un documento.)* 5 de abril de 2022: «A Xunta prevé ter lista a finais deste ano 2022 a nova Lei de inclusión social, mentres o Bloque Nacionalista Galego denuncia o atraso».

En abril de 2023 —un ano máis tarde—, desde o BNG, volvemos traer á Comisión de Sanidade e Política Social deste Parlamento a cuestión, porque volvían a non facer absolutamente nada, *(A deputada Olalla Rodil Fernández amosa un documento.)* e dicíase: «A Xunta avanza que o borrador da Lei de inclusión social está case perfilado», e anunciaban que era inminente o seu inicio de tramitación nesta Cámara.

Rematabamos a sesión de onte e había alguén no Partido Popular que preguntaba que que día era hoxe. Eu vou repetir a pregunta, por se hai alguén así un pouco despistada —eu a primeira—. Pois é 11 de febreiro de 2026, e eu volvo facerlle a mesma pregunta que lle fixen ao longo de todos estes anos, señora García: ¿onde está a anunciada e prometida reforma da Lei de inclusión social de Galicia que levan vostedes dicíndolle a este país que vai ter desde hai cinco anos? Nin borrador, nin anteproxecto, nin absolutamente nada. Era todo unha mentira como unha catedral de grande. Cinco anos despois —insisto— de anunciálo e catro anos despois de dicirlle, por activa e por pasiva, a este Parlamento que era inminente a súa aprobación, Galiza continúa coa mesma Lei de inclusión social de 2013. Ese é o valor da súa palabra, señora García: máis curto que o pico dunha boina, basicamente. Moita propaganda, moito anuncio, pero feitos, cero. *(A deputada Olalla Rodil Fernández representa un cero cos seus dedos.) (Aplausos.)*

Agora subirá aquí —porque, claro, é que, como levamos xa uns anos con este debate...— dicirme que o Goberno español non transfere a xestión do ingreso mínimo vital, como se iso fose impedimento de algo para que exerzamos o autogoberno deste país. ¡Ese é o valor que lle dá a defensa das competencias, da capacidade de decisión, do poder político e do autogoberno o Partido Popular en Galiza! Poñelo en lista de espera, á espera de que alguén faga algo en competencias, como son as de servizos sociais, que —quero lembrar—, polo artigo 27 do Estatuto de Autonomía, son exclusivas da Xunta de Galiza.

Tamén virá aquí, igual, dicirme que o contexto no Estado está cheo de incertezas ou que o ingreso mínimo vital e a Risga xa son compatibles —nalgunha resposta escrita xa me empezaron a dicir isto—, pero a realidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Si, claro, se cobra menos de 15 euros ao día, señora García! *(Aplausos.)* *(A deputada Olalla Rodil Fernández ri.)* Para ser exactos, se cobras menos de 429 euros ao mes. ¿Ti vives con iso? ¡Eu non! *(Aplausos.)* E as galegas e os galegos, para vivir dignamente, merecen algo máis; *(Aplausos.)* algo máis que un goberno que non reforma a súa lexislación en materia de inclusión social para telos con ingresos inferiores a 500 euros ao mes, señora García. Pero despois ten unha quenda para virme explicar aquí como estamos fantásticamente tendo xente en situación de exclusión social ou risco de padecela con 500 euros ao mes, mentres o PP en España aporrea todo o día co que subiu a cesta da compra.

A realidade, señora conselleira, é que os seus incumprimentos desde 2020, os seus anuncios, a súa propaganda, e a súa inoperancia manteñen este país cunha normativa extemporánea



que nin sequera se adaptou aos cambios normativos que se produciron nos últimos anos no noso contexto, nomeadamente ao ingreso mínimo vital, cando non hai nin un só impedimento legal para facelo, como vimos en todas as comunidades autónomas que tiñan rendas de inclusión de carácter autonómico; todas modificaron a súa normativa para facela complementaria e subsidiaria a un novo recurso creado polo Estado como o ingreso mínimo vital.

Galiza conta cunha lei que non se axusta á realidade presente actual nin as necesidades que teñen hoxe as galegas e os galegos. E imos ver un pouco o panorama.

Galiza avanzou para ben nos últimos anos, iso é un feito; é medible e é constatable. Reducíronse notablemente os índices de pobreza e de exclusión social, situándoos nos niveis máis baixos das últimas décadas, malia a leve repunta rexistrada en 2025. Iso —insisto— é un dato obxectivo, un feito medible e constatable, como tamén o é que aínda persiste moita desigualdade no noso país e, sobre todo, que a precariedade pasou de ser algo excepcional, algo marxinal —se se me permite—, algo que estaba nas marxes da sociedade, a atravesala no seu conxunto. Diciánnolo estes días as entidades de loita contra a pobreza do terceiro sector de acción social, Cáritas ou a Rede galega contra a pobreza, que fixeron os seus informes correspondentes ao ano 2024-2025.

Insisto, é unha realidade que persiste moita desigualdade no noso país. Case un terzo da poboación non pode afrontar gastos imprevistos; case 300.000 persoas —como denunciaba e sinalaba a portavoz nacional do BNG agora na sesión de control ao presidente— non poden permitirse, nun país que produce enerxía eléctrica, manter a súa vivenda a unha temperatura adecuada, ou un 6 por cento da poboación reconece que tivo atrasos no pagamento de recibos relacionados co mantemento da vivenda ou coas subministracións básicas da auga, da luz ou do lixo.

Vivimos, polo tanto, nunha sociedade cada vez menos excluída, certamente, pero tamén máis fráxil; unha sociedade na que cada vez máis persoas viven en risco de caer na exclusión a pouco que as cousas veñan mal dadas e na que, para moitísimos fogares, chegar cada vez a fin de mes e facelo en condicións dignas é unha carreira de obstáculos, unha costa infranqueable. ¿Por que? Por dúas razóns, fundamentalmente.

A primeira é que ter traballo —que foi o elemento fundamental para garantir a inclusión social até agora—, ter un emprego, ter unha nómina no fin de mes e un contrato hoxe non significa que ti teñas recursos económicos suficientes para facer fronte aos gastos básicos da túa vida diaria e para poder vivir en condicións dignas, polo encarecemento do custo da vida fronte a uns incrementos salariais absolutamente pírricos, aos que, se lles descontamos o que se encareceu o custo da vida, o IPC, en moitos casos, son menos do que se percibían hai uns anos.

E a segunda das razóns polas que dicimos que a sociedade galega é cada vez máis fráxil é porque a vivenda, que é un dereito social e que sempre foi un elemento de protección cando falamos en termos de exclusión, hoxe é unha enorme aspiradora de recursos; é un dos principais, se non o principal, elemento de exclusión social que hai na sociedade galega. Ter unha casa deixou de ser, como di esa sacrosanta Constitución española —que



todo o mundo se tira ao pico da cabeza pero, despois, xa vemos para que: para a unidade de España é dura, pero para garantir o dereito social á vivenda..., iso xa é relativo—, ese dereito social de acceso a unha vivenda; é un factor que xera desigualdade e exclusión social.

Desde as entidades sociais de loita contra a pobreza e desde o Bloque Nacionalista Galego, levamos case seis anos, señora García, señorías do Partido Popular, reclamando de maneira insistente esa reforma da Lei de inclusión social de Galicia non por deporte, senón porque é unha necesidade, unha urxencia adaptar o marco normativo galego á realidade actual. Primeiro, adaptalo aos cambios normativos do noso entorno, para non manter Galiza como se isto fose unha illa no deserto e aquí non nos afectase ou non tivesen ningunha implicación as mudanzas que se producen no marco normativo do Estado. Pero tamén é unha necesidade facer esa adaptación, esa modificación, ese avance a unha nova Lei de inclusión social de Galicia para que poida adecuarse á realidade social e económica das galegas e dos galegos de hoxe, que non é nin a de 2013 nin a de moito máis atrás.

E, sobre todo, para o BNG, é esencial facer esa modificación normativa para dotar este país de máis e mellores ferramentas para garantir o dereito de calquera persoa a ter uns ingresos mínimos que che permitan vivir dignamente, enfrontar os gastos de manutención e de supervivencia básica, pagar as facturas ou poder ter unha vivenda. Porque o que temos hoxe, segundo os informes das entidades de loita contra a pobreza, segundo o informe Foessa ou o da Rede Galega de loita contra a pobreza, é que hai persoas con traballo, fogares con ingresos axustados, familias con nenos e nenas ou moita poboación galega que procede doutros países, que o que está é aos pés dos cabalos, sen ter nin sequera acceso aos recursos fundamentais para garantir unha vida digna.

Por iso —e, con isto, remato—, señora conselleira, a pregunta é clara: ¿cando vai impulsar a Xunta de Galiza a reforma da Lei de inclusión que levan prometendo desde 2021?

Máis nada. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Deputadas e deputados, moi bos días.

Señora Rodil, gustaríame comezar hoxe a miña intervención con rigor, e tamén facelo con datos e, en ningún caso, con consignas nin cun relato interesado da realidade social de Galicia. Porque, cando falamos de inclusión social, falamos de persoas, pero tamén falamos de políticas públicas e falamos, sobre todo, de resultados.



Galicia non é en absoluto a terra que o Bloque Nacionalista Galego pretende debuxar. Os indicadores oficiais mostran unha comunidade que, a pesar das dificultades compartidas no conxunto de España, logrou conter mellor que outras comunidades o impacto da exclusión social. Mentres o Bloque Nacionalista Galego insiste nun discurso catastrofista, os datos reflicten unha realidade máis complexa, pero, sobre todo, unha realidade máis xusta co esforzo realizado. Miren, señoras deputadas, hai taxas de risco de pobreza por debaixo da media estatal, unha rede de protección social que funciona e políticas públicas que priorizan o emprego, os servizos públicos, e, sobre todo, o apoio ás persoas e ás familias que máis o necesitan. Negar estes avances non axuda en absoluto a quen se atopa nunha situación dura, nunha situación clara de vulnerabilidade; soamente serve para alimentar o relato político que non se sostén cando se contrasta coa realidade.

Mire, eu voulle a dar os datos hoxe, señora deputada; datos que penso que vostede xa coñece. A última enquisa do INE revela que a situación de Galicia segue sendo mellor que a da media de España. A taxa AROPE é 3,6 puntos inferior á media nacional, e a nosa comunidade está nestes momentos un punto por debaixo na incidencia da carencia material severa. Por outra banda, o Informe Foessa —que vostede tamén coñecen— constata que Galicia ten a segunda taxa de exclusión máis baixa de España, situándonos nun 12,7 por cento. É unha taxa que baixou máis de catro puntos nos últimos anos, mentres que sobe un punto no conxunto da media nacional. Pero, ademais, a taxa de pobreza severa reduciuse ata situarse por debaixo do 6 por cento, fronte á media estatal, que —como sabe— é dun 9 por cento.

Independentemente do debate sobre as cifras, o certo é que o Goberno galego está sempre a carón das persoas, de todas esas persoas que están a atravesar unha situación de dificultade económica. Mire, proba disto é que neste ano 2026 blindamos os orzamentos destinados á inclusión social con preto de 130 millóns de euros, e a metade deste orzamento destínase directamente a axudas directas para as familias, pero, sobre todo, para as persoas máis vulnerables. Estas contas permítennos manter o orzamento destinado á Risga —46 millóns de euros— e seguir atendendo todas esas persoas que non poden nestes momentos transitar cara ao ingreso mínimo vital, sumando un total de 4.000 na actualidade. Estas contas permítennos consolidar o complemento autonómico ás pensións non contributivas, con 8 millóns de euros para 36.500 persoas coas pensións máis baixas, e tamén nos axudan a impulsar a xestión do programa básico, con 7,3 millóns de euros que nos permitirán apoiar preto de 8.000 persoas ao ano. En definitiva, axudamos e axudaremos as familias que atravesan un mal momento, que están atravesando un bache económico ou calquera outra mala circunstancia, pero o que non facemos nunca nin faremos é contribuír a cronificar a pobreza. *(Aplausos.)*

Por iso, dende o Goberno galego, apostamos pola creación de emprego e apostamos pola inserción laboral, entre outras políticas que faciliten ás persoas construír os seus propios proxectos persoais e tamén vitais. De feito, as persoas máis vulnerables tamén se benefician das medidas doutros departamentos da Xunta de Galicia en ámbitos como o da educación, o da vivenda ou o do emprego —entre outros moitos—, polo que o feito de non aprobar, polo momento, a modificación da Lei de inclusión non significa que non se estea apoiando todos eses fogares que teñen máis dificultades, senón todo o contrario. Teña por seguro, señora Rodil, que as necesidades dos galegos e das galegas están atendidas nestes momentos, e se-



guirémolo facendo así, con medidas que se desenvolvan sempre de forma planificada, de acordo co establecido nesa Estratexia de inclusión social de Galicia 2023-2030, que é o noso marco de referencia das políticas de inclusión social en Galicia.

Señora Rodil, a Xunta de Galicia aposta pola planificación e aposta pola coherencia. Non apostamos en ningún caso, como fan vostedes, pola improvisación. A nova ocorrencia do Bloque Nacionalista Galego é crear unha nova renda de inclusión social galega; un auténtico despropósito que demostra que non teñen ningunha experiencia na xestión e que improvisan constantemente. Mire, o que debería facer o Bloque Nacionalista Galego non é pedir a creación doutras renda máis, senón apoiar a Xunta de Galicia na nosa demanda ao Goberno central para o traspaso da xestión do ingreso mínimo vital a Galicia, que é un compromiso polo que levamos máis de dous anos agardando, moito máis.

Mire, vostede deume unha data; eu voulle dar outra: 20 de xaneiro do ano 2022, cando o ministro Escrivá veu a Galicia comprometerse co traspaso do ingreso mínimo vital. (*Aplausos.*) ¡E aquí seguimos esperando esa xestión do ingreso mínimo vital, señora Rodil! Quere-mos xestionar o ingreso mínimo vital porque cremos que a xestión destas prestacións —da Risga e do ingreso mínimo vital— a través dunha canle única é a forma máis doada e máis áxil de darlles resposta a todas esas persoas que necesitan a nosa axuda; a axuda da Administración para saír dese bache ou saír dese mal momento económico.

O que está claro é que Galicia conta xa cunha renda de inclusión social galega, que é a Risga. A Risga ofrece garantías fronte ás incertezas e fronte á inseguridade do ingreso mínimo vital. E isto das incertezas non é que o diga eu, señora deputada; vén de dicilo a Airef no seu último informe publicado hai sete días —exactamente o 4 de febreiro—, que a invito tamén a ler. É un informe que, ademais, ten conclusións moi claras. Di que o ingreso mínimo vital só chega ao 20 por cento dos fogares en situación de pobreza; di que máis da metade dos potenciais beneficiarios non acceden aínda á prestación; di tamén que ten un impacto moi negativo na participación laboral e moi limitado na pobreza; di que destaca, ademais, este ingreso mínimo vital pola súa complexidade administrativa —e tanta, e tanta; preto de sete meses a xente esperando a recibir o ingreso mínimo vital—, e, sobre todo, tamén di que hai moitas persoas que teñen dereito a el e que nin sequera o coñecen nin o solicitan.

Polo tanto, dende a Xunta de Galicia, imos seguir defendendo que unha mellor xestión do ingreso mínimo vital é posible, e por iso imos seguir reclamando a transferencia a Galicia da súa xestión. E imos seguir tamén apostando pola renda autonómica galega ante as evidentes eivas que atopan os cidadáns para acceder a este ingreso mínimo vital. Esta renda —pese a que seguen vostedes co mesmo mantra dende hai moitos anos— é compatible con outras prestacións e, de feito, pode compatibilizarse coas prestacións que teñen un importe inferior á contía básica dunha PNC. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Mire, señora Rodil, a actualización da lexislación da inclusión social debe facerse con rigor, pero, sobre todo, debe facerse sempre con vontade de permanencia, e iso é precisamente o que imos facer nós. Eu pediríalle, señora deputada, que nos axudase; que nos axudase a continuar reclamándolle ao Goberno do señor Pedro Sánchez —o seu fiel aliado—, e, sobre todo, que nos axude a reclamarlle tres cousas moi concretas. En primeiro lugar, a xestión do in-



greso mínimo vital para Galicia, para ter esa xanela única e darlle resposta a todos os cidadáns. En segundo lugar, que nos aboen de forma inmediata eses 2.900 millóns de euros que nos deben da factura da dependencia e que, sobre todo, lle deben ao peto de todas as persoas maiores e con dependencia. E, en terceiro lugar, que retiren de forma inmediata o recurso ante o Tribunal Constitucional dese plan de choque da dependencia, porque o único que pretenden é paralizar todas estas valoracións que estaba recibindo a xente.

¿E saben vostedes porque o Goberno central quere paralizar as valoracións? Para aforrar, para recadar máis. Polo tanto, mentres a Xunta de Galicia resolve, o Goberno recada. Iso é precisamente o que quere facer o señor Pedro Sánchez e a ministra Montero: ¡recadar, recadar, recadar! Recadar á custa de persoas maiores e persoas con discapacidade. *(Aplausos.)* *(Murmurios.)* Iso é o que quere facer o Goberno que vostedes apoian. Polo tanto, como nacionalistas e defensores de Galicia que vostedes din que son, axúdenos a continuar reclamándolle ao Goberno central a retirada inmediata do recurso ante o Tribunal Constitucional, porque nós imos seguir loitando polos dereitos das persoas maiores e das persoas con discapacidade. *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Segunda quenda. Rolda de réplica, señora Rodil.

OLALLA RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Grazas, señora García. Véxoa así un pouco *(Risos.)* enfadada coa política fiscal do Partido Socialista en España, pero está vostede no Parlamento galego e tiña que vir responder sobre a reforma da Lei de inclusión social de Galiza, que anunciou vostede en decembro de 2020, hai camiño de seis anos. Díciame que o señor Escrivá... ¿Como me dixo? «En xaneiro de 2022 anunciaba o traspaso...» Pois xa levaba vostede dous anos e medio anunciándonos esa reforma *(Aplausos.)* da Lei de inclusión social, pola que aínda estamos esperando. A ver se podemos centrar a cuestión. *(Aplausos.)*

Eu creo que o peor que pode facer un en xeral na vida, e na actividade política e parlamentaria, máis, é non querer escoitar, porque, claro, convertemos isto nunha sucesión de monólogos; aquí cada un vén falar do que lle dá a gana e, ao final, as galegas e os galegos en todo isto perden, porque non sacan absolutamente nada en claro. Entón eu, señora García, creo que fun bastante clara: Galiza reduciu todos os índices de pobreza e exclusión social aos mínimos da década, pero iso non significa que non persista a desigualdade ou que esta non adquirise dimensións diferentes, como o feito de que hoxe, en 2026, ter un posto de traballo nin sequera che garanta ter un salario que che permita pagar o aluguer todos os meses. E diso é do que está falando o Bloque Nacionalista Galego.

Porque, claro, dinme..., aí foron variando. Eu teño todas as respostas —deixeinas no escano—, tanto as de aquí, orais, en sede parlamentaria, como as respostas escritas que vostedes mandan, e pasamos de que a reforma da Lei de inclusión estivese acabada e de falar



de cales eran os elementos sobre os que ía pivotar esa reforma —iso foi o 2021, o 2022 e o 2023— a que no 2024, o 2025 e o 2026 xa empezasen a dicirnos que tampouco facía tanta falta —volveuno dicir vostede, tanto interrompéndome a min na miña primeira intervención como agora na segunda súa— porque xa era sobre a compatibilidade que xa existe entre a Risga é o ingreso mínimo vital.

E eu volvo dicirlle o mesmo: sempre que te manteñas por debaixo de 429 euros ao mes, nin 15 euros para gastar o día, ¿vostede viviría con iso? ¿Somos capaces as persoas que estamos dentro deste arco parlamentario de vivir con menos de 429 euros ao mes neste país? ¿Por que, se non somos capaces de vivir así nosoutros, queremos que viva a xente que está en situación de exclusión social ou en risco de padecela fóra desta Cámara? ¡Diso é do que está falando o Bloque Nacionalista Galego! De garantir rendas mínimas, ¡mínimas!, para poder vivir en condicións dignas. Díciame vostede: «non imos contribuír a cronificar a pobreza». ¡Como se garantir unha renda digna para poder vivir, pagar o aluguer, pagar as facturas e poder sacar a túa familia adiante fose un regalo, señora García!, cando é un dereito básico (*Aplausos.*) e fundamental para calquera ser humano, independentemente das súas circunstancias sociais e económicas. Por iso o BNG trae aquí esta cuestión.

O BNG non improvisa; o BNG traballa e, ademais, fai o que o Goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza non fai. Falaba da renda de inclusión social, da que falou o meu compañeiro, o señor Luis Bará, e na que xa levamos anos traballando. Eu teño aquí (*A deputada Olalla Rodil Fernández amosa un documento.*) o borrador da reforma da Lei de inclusión social de 2013 na que si está traballando xa o Bloque Nacionalista Galego e que imos presentar nas próximas semanas ás entidades do terceiro sector de acción social, para garantir ingresos suficientes para facer fronte ás necesidades básicas.

Hoxe, a media que percibe unha persoa beneficiaria da Risga en Galiza son 500 euros ao mes, 500 euros ao mes. ¡Iso é unha miseria nun país onde temos o prezo medio do alugueiro en calquera cidade galega que non baixa dos 600 euros! Iso é unha miseria e, por iso, desde o BNG o que propoñemos é que o limiar da pobreza sexa o límite mínimo infranqueable que poida percibir unha persoa beneficiaria dunha renda de garantía mínima de ingresos. Por iso, desde o BNG, vinculamos as prestacións económicas —propoñemos e defendemos vinculalas— ao mínimo básico para vivir. Pero, claro, que me vai dicir vostede, señora García, se vostedes racanearon todos estes anos ata na miseria que prevén na súa propia Lei de inclusión de 2013.

A Lei de inclusión de 2013 —igual hai xente que non o sabe— prevía que se puidese percibir como un complemento de vivenda até o 25 por cento do IPREM, para axudarlles a pagar o aluguer ás persoas que están en risco de exclusión social. Iso son 150 euros ao mes, contantes e sonantes. ¿Sabe canto lles pagan vostedes, señora García? Un 10 por cento, 60 pírricos euros para facer fronte ao custo de alugueiro, nun país —insisto— onde pagar todos os meses unha vivenda non está por baixo dos 600 euros.

Este país necesita —que é do que vén falar hoxe aquí o BNG— ferramentas de inclusión social —e con isto remato— que garantan que as persoas, independentemente das circunstancias que teñan, poidan contar cuns ingresos mínimos básicos para poder vivir



dignamente, porque é un dereito humano fundamental ter unha casa e poder comer todos os días. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Mire, señora Rodil, non se pode vir aquí, subir a este escano, a esta tribuna, e falar de Galicia como un territorio de exclusión social sen faltar á verdade e sen ignorar deliberadamente os datos publicados.

Mire, Galicia conta cun sistema de protección social consolidado, con políticas activas en sanidade, en educación, en dependencia e en servizos sociais; e, ademais, é unha comunidade que está entre as mellor valoradas a nivel nacional. A inclusión social non se mide só con discursos, senón que se mide cada día con feitos, como os que fai a Xunta de Galicia; e mídese tamén contando cunha rede pública que chega ao rural e contando con programas específicos para persoas maiores, para a infancia, para as persoas con discapacidade e para os colectivos vulnerables. E cóntase tamén con esa renda de inclusión social que se blindou durante os últimos anos.

Por suposto, señora deputada, que aínda quedan moitos retos, como en calquera outra comunidade a nivel nacional, pero converter eses retos nun relato catastrófico é inxusto, e, ademais, é pouco rigoroso para todos os cidadáns que nos estean a escoitar. Mire, Galicia non é en ningún caso unha comunidade que mira para outro lado, senón que Galicia é unha comunidade que planifica, que inviste e que actúa. E, insisto, non imos contribuír nunca desde a Xunta de Galicia a cronificar a pobreza; imos apoiar a inserción laboral de todos os galegos e de todas as galegas, *(Aplausos.)* porque a inserción laboral é unha garantía de independencia económica e de liberdade. *(Aplausos.)* Iso é o que imos apoiar e polo que imos apostar, señora Rodil.

Mire, din que vostedes, dende o Bloque Nacionalista Galego, non improvisan, que traballan. ¡Vostedes improvisan! Un día din unha cousa e ao outro día din a contraria. Eu non sei que me está a ensinar aí, señora deputada, pero a que lle vou ensinar algo vou ser eu *(A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez, mostra un documento.)*: 10 de novembro do ano 2025. ¿Que pasou ese día? Ese día o Bloque Nacionalista Galego presentou unha emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia na que pedían un incremento presupostario do servizo de axuda no fogar. Agora queren boicotealo e néganse a firmar ese acordo que a Xunta de Galicia acaba de firmar coa Federación Galega de Municipios e Provincias para subir o financiamento do servizo de axuda no fogar ata os 18 euros. *(A deputada Olalla Rodil Fernández pronuncia palabras que non se perciben.)* ¿Que pasou o 10 de novembro, señora Rodil? Pediron un incremento a 17 euros, pero agora non lles vale e falan de 18 euros. *(Aplausos.)* Esa é a improvisación do Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)* ¡Señora Rodil, que as cousas quedan escritas! *(Aplausos.)* Señora Rodil, están claras as súas incongruencias.



Miren, señorías, o fácil sería que a Xunta de Galicia mirase para outro lado, impulsase unha modificación —como di vostede— da Lei de inclusión social e reformulase o mapa de prestacións autonómicas sen ter en conta o panorama que hai a nivel nacional. Esa sería a opción do Bloque Nacionalista Galego, que é a opción rápida e a opción fácil, pero non sería nunca a opción responsable. Non sería a opción responsable, porque a opción responsable pola que optou a Xunta de Galicia é pedir a xestión do ingreso mínimo vital, facer un mapa único de prestacións —da Risga e do ingreso mínimo vital— e facer que todas as persoas que necesitan axuda e apoio por parte da Administración conten cunha administración, cunha única porta á que chamar para solicitar esa axuda e para saír dese mal momento económico ou dese bache.

Polo tanto, non podemos mirar cara a outro lado cando existen milleiros de persoas que seguen a depender da Risga como único ingreso económico, nin podemos tampouco mirar cara a outro lado cando existe unha prestación a nivel nacional que lles está a crear inseguridade e incertezas a moitas persoas vulnerables da nosa comunidade.

Miren, ante a mala xestión por parte do Goberno central do ingreso mínimo vital, a obriga da Xunta de Galicia é seguir velando polo benestar daquelas persoas que están en risco de exclusión social, porque para deseñar —como dicía— ese mapa de prestacións do futuro é necesario que existan sempre prestacións presentes e que estas funcionen correctamente. Pero mentres iso non acontece, señora Rodil, o Goberno galego non vai elixir a fuxida cara adiante e seguirá atendendo cada día as necesidades de todas as persoas que o necesitan, e, sobre todo, alí onde o precisan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa seguinte interpelación.

Interpelación da deputada Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política de normalización lingüística da Xunta de Galicia e os resultados do programa 151A, de fomento da lingua galega, desde 2009

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten a palabra a señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Obrigada, presidenta.

Moi bos días, señorías.

Señor conselleiro, parece que non tiña moita gana de vir a esta interpelación.

Señor conselleiro, vostede, que é un profesional dos números e de botar as contas, ¿sabe que representa o número 667? Seguro que non. Pois 667 —dígollo eu— son exactamente os días que vostede leva exercendo como máximo responsábel na Consellería de Lingua, como conselleiro de Lingua. Xa van alá case dous anos e xa vai alá tamén case a metade da lexislatura.



Estou segura de que concordará comigo en que se vostede fose o máximo responsábel, por exemplo, dunha empresa privada —poñamos por caso bancaria, porque a cultura bancaria era o seu ramo profesional antes de dedicarse á política activa—, case dous anos despois tería vostede que enfrontarse a unha avaliación do resultado do seu traballo e da súa responsabilidade. E estou segura tamén de que máis ben pensará que iso xa estaría feito antes de dous anos. Así que de avaliar é do que trata esta interpelación, de botar contas sobre os resultados do seu traballo como Consellería de Lingua, como digo, nestes case dous anos de lexislatura.

Vostede coñece as dúas preguntas moi concretas, moi concisas, que están formuladas nesta interpelación. A primeira é: ¿que avaliación fai do impulso do Goberno galego á normalización lingüística —polo tanto, ao avance da normalización da nosa lingua— dentro dese Programa 151A, de fomento da lingua galega? E a segunda pregunta é se considera que cumpriu este programa o mandato do Estatuto de autonomía e da Lei de normalización lingüística, que di que ten que garantir o uso normal e oficial do galego e potenciar o seu coñecemento e o seu emprego en todos os ámbitos. Estas son as dúas preguntas.

Comprendo que vostede me poida dicir —e con razón— que non pode asumir a responsabilidade dos seus precedentes no exercicio do cargo desde 2009, en que o Partido Popular volveu ao Goberno da Xunta, e que só me vai poder responder por eses 667 días en que a política lingüística do Goberno galego leva a súa marca e a súa sinatura como máximo responsábel. Son 667 días desde a súa chegada como novo conselleiro á nova consellería que o bo presidente Rueda xustificaba como «unha resposta...» —literalmente— «...á vontade de darlle máis presenza a política lingüística no Goberno galego». É certo que o presidente Rueda en ningún momento explicou se esa maior presenza da lingua galega no Goberno galego era unha cuestión de altura política ou de profundidade de campo nas medidas que ía implantar a partir dese momento. É certo tamén —e teño que dicilo con moitísima tristeza— que Rueda, nestes 667 días con vostede á fronte da Consellería de Lingua, nunca, en ningún momento, de forma pública fixo ningún tipo de compromiso con ningunha medida que significase avanzar na nosa lingua. Non o explicou Rueda, pero si que o explicou o tempo, e este tempo pois conta moitas evidencias: nestes 667 días a política lingüística do Goberno do Partido Popular do señor Rueda tivo unha presenza insignificante e rutineira no DOG, día tras día; nin unha soa acción nova, renovadora ou de impulso á lingua galega no peor momento da súa historia. Tivo unha representación irrelevante nos consellos de goberno.

É vostede —é un feito público— o conselleiro que menos veces interveu, xunto co presidente Rueda, nas roldas de prensa posteriores á celebración do Consello de Goberno; apenas en tres ocasións en case dous anos, case igual que a conselleira do Mar, que foi nomeada hai pouco máis de seis meses. É moi significativo isto.

E a política lingüística do Goberno liderado por vostede tivo tamén uns orzamentos que seguen completamente recortados e que son tamén irrelevantes no proxecto orzamentario da Xunta de Galiza. Para o 2026, a partida dedicada á política lingüística apenas chega a ser o 40 por cento da que había en 2009, cando o Partido Popular volveu gobernar a Xunta de Galiza. Son uns orzamentos nos que, ademais, non hai ningunha partida nova, diferente, onde



se vexa plasmada esa vontade real de abrir un tempo novo para a normalización lingüística, e nunha consellería que —reitero, xa llo teño dito— volve ser por segundo ano consecutivo a última consellería do Goberno de Rueda. Aí está a relevancia e a significación que lle dá Rueda e o Partido Popular á política lingüística. (*Aplausos.*) Iso si, non perdeu vostede. Agardo que non tardemos moito en ver que tamén se desfai das competencias en política lingüística, no ámbito da normalización da lingua, como se acaba de desfacer das competencias, dende a súa consellería, na xestión da conservación e da protección do patrimonio cultural.

Realmente, o que nos demostraron estes 667 días con vostede á fronte da Consellería de Lingua é que Rueda segue acelerando o proceso para desgaleguizar Galiza, para construír esa súa Galicia imaxinaria: Galiza sen galego.

Polo tanto, eu preguntolle se este é o papel que Rueda escolleu para vostede, se este é o papel que vostede aceptou e co que se comprometeu, se, polo tanto, vai continuar esa política do non a calquera avance do galego, esa política que empezou, que inaugurou o presidente Rueda á fronte daquela manifestación tan indecente en contra do galego hai dezaseis anos e se vai continuar reproducindo unha ideoloxía claramente antigalega e antigaleguista, que é a que está representando o Partido Popular neste momento en Galiza.

Eu non sei se vostede hoxe vai volver escudarse, na súa intervención —como fixo recentemente nas anteriores—, en que poden facer isto, en que poden traballar politicamente en contra do galego porque teñen maioría absoluta; é un discurso que está utilizando vostede aquí, nesta Cámara, continuamente. Entón, eu creo que hai que ser honestos e honestas cos galegos e hai que saber que están facendo vostedes coa súa confianza. ¿Que fixo o Partido Popular coa maioría absoluta que os galegos e as galegas, efectivamente —aínda que cada vez menos, e segue baixando—, lle deron hai dous anos, cando comezou esta lexislatura? Votaron en contra aquí, nesta Cámara, do uso do galego no Congreso e nas institucións europeas; votaron en contra do uso do galego no Senado, en todo tipo de intervencións; votaron en contra hai moi poucos días da incorporación da lingua galega ao currículo formativo da formación profesional; votaron en contra de desenvolver centos de medidas que están perfectamente vixentes no actual Plan xeral de normalización da lingua galega, o último grande acordo de país pola lingua que vostedes —o Partido Popular— decidiron meter nun caixón e prescindir del; votaron a favor de seguir eliminando e dando cada vez máis pasos ao coñecemento do galego como requisito para acceder á Administración pública e, ¿como non?, a través da Lei de acompañamento; votaron a favor de abrírlle a porta a linguas diferentes ao galego na nosa radio e na nosa televisión públicas, porque ao Partido Popular lle parece que é moito que poidamos ter unha canle na radio ou na tele onde se fale só na nosa lingua; e agora recentemente vemos tamén, ademais, como desde o Partido Popular —e co presidente Rueda á cabeza— vetan a posibilidade de que Galiza sexa membro asociado da UNESCO en igualdade de condicións que Euskadi e Cataluña. Xa dixo que non é unha prioridade, que non está na cabeza —moito menos no corazón— do presidente, e claramente agora nin Rueda nin o Partido Popular aceptan sequera a consideración constitucional de que Galiza é unha nacionalidade histórica. Xa nin iso representan.

Polo tanto, ante todo isto, a vostede non lle escoitamos dicir nada en contra —o que cala outorga— e entendemos que vostede está de acordo con todo isto, con todos estes votos en



contra, con todo este «non» sistemático ao galego que practica o Partido Popular en Galiza. Entre defender o galego nestes 667 días —pero, de verdade, de palabra e de obra— ou defender o Partido Popular, vostede escolleu defender o Partido Popular. Entre defender a lingua e a cultura galegas no país, o seu avance no país e tamén a súa proxección internacional ou defender a ideoloxía reaccionaria e antigalega do Partido Popular, vostede volveu escoller o Partido Popular. Ese PP que cada vez é menos «Partido Popular» e máis «perigo público» para a lingua e para a cultura galegas. *(Aplausos.)*

E, para rematar xa, volvendo á cerna desta interpelación, fágolle dúas preguntas, conselleiro: ¿en que mellorou a lingua galega baixo a súa responsabilidade como conselleiro de Lingua?; e ¿que nova política en positivo impulsou vostede nestes case dous anos a favor da lingua? Eu imaxino que vostede volverá defenderse co proceso de actualización do Plan xeral, que está en marcha, que xa anunciou hai máis de quince meses e do que seguimos sen coñecer absolutamente nada. O que si sabemos, o que si confirmamos —faino vostede mesmo— é que como conselleiro de Lingua non ten palabra, porque vostede nesta Cámara en varias ocasións comprometeuse a facer público ese novo plan antes de que rematase 2025, e non hai nada de nada. E o peor non é que nós no BNG non coñezamos ese documento base ou proposta inicial; é que incluso moitísimos membros que participaron nesas comisións non saben absolutamente nada de como está ese procedemento. Quince meses escondéndose detrás dese proceso, dese traballo de persoas cuxo compromiso coa lingua está absolutamente fóra de dúbida; simplemente escondéndose para evitar poñer en marcha algunha medida das que xa hai no actual Plan xeral que podían axudar a comezar a reverter esta situación de emerxencia lingüística.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Ten que ir rematando.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Polo tanto, preguntámonos —e remato, presidenta—: ¿é inoperancia, é incompetencia ou é simplemente ideoloxía, pura ideoloxía antigalega?

Remato simplemente apelando a que a sociedade galega e as institucións galegas xa deron a cara polo galego. Estiveron traballando todo este tempo, organizándose para facer propostas para reverter a emerxencia lingüística; con propostas públicas, transparentes, dialogadas, consensuadas, participadas e, sobre todo, cumprindo os prazos que anunciaron. O foro «Un país coa súa lingua», do Consello da Cultura Galega, xa foi presentado publicamente como se comprometeran o pasado outubro; xa foi, ademais, presentado aos grupos parlamentarios desta Cámara. O proceso social «Lingua vital» xa anunciou que rematou os seus traballos e que os vai facer públicos o próximo 14 de marzo. Polo tanto, só falta vostede, señor conselleiro. Falta a peza fundamental, que é o Goberno deste país.

Remato, polo tanto, preguntándolle: ¿cando vai comezar a facer algo diferente á política lexislativa que leva practicando o Partido Popular, os seus predecesores no cargo, durante os últimos dezaseis anos? ¿Cando vai presentarlle á sociedade galega ese compromiso real para reverter a emerxencia lingüística na que estamos? ¿Que vai facer para que o galego deixe de ser, por fin, a única lingua do Estado que perde falantes?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora Queixas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, don José López Campos.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): ¿Que tal?

Moi bo día a todos e a todas.

Moitas grazas, señora presidenta.

Señora Queixas, mire se teño ganas de debater con vostede que levo aquí toda a mañá desde as nove e media da mañá no Parlamento preparando cuestións, aproveitando tamén para facer distintas reunións. Pódolle garantir que desfruto moito debatendo con vostede. Para min non é un problema; ao contrario. Pódolle asegurar que me motiva moito vir aquí ao Parlamento confrontar as súas opinións. (*Aplausos.*) Ademais, como exdeputado tamén valoro moito o traballo que fan aquí nesta Cámara e, polo tanto, doulle toda a importancia e intento preparar os asuntos o mellor posible para poder chegar aquí e confrontar, como debe ser, as distintas posicións e os distintos posicionamentos que temos politicamente.

Vostede deulles moita relevancia a eses 667 días. Para min, por suposto, igual que o de vir a esta Cámara, é un auténtico orgullo e un auténtico privilexio poder formar parte dun Goberno que ademais é apoiado de forma maioritaria pola sociedade galega. Non son os casos que estamos vendo. Estamos vendo como os procesos de maiorías nos distintos territorios cada vez son máis complexos, cada vez son máis difíciles. Falaba vostede desa quimera de que o Partido Popular gaña as eleccións cada vez con menos apoio. Esta é unha cuestión na que, mentres que vostedes reflexionen desa maneira, a nós mellor nos irá. Eu entendo que lles fastidia moito, sinceramente, que o Partido Popular, cando está pasando o que estamos vendo noutros territorios —como dicía antes— saque 40 deputados dunha Cámara de 75. Creo que non é unha cuestión menor e debería facelos reflexionar un pouco sobre cal é a súa estratexia e cales son os asuntos e a posición que ocupa o BNG en relación con algúns temas.

Eu creo que non podo explicarme mellor en canto ás cuestións orzamentarias. Sinceramente, creo que a frase de que o medible non é opinable é unha realidade máxima. Dende logo, como ben vostede dicía —utiliza habitualmente a expresión de que eu veño do mundo das ciencias— teño que dicirlle que os números falan por si sos. Este Goberno acadou un compromiso claro dende o primeiro momento, que era establecer unha axenda orzamentaria de crecemento no que son as políticas lingüísticas, nun escenario de incremento orzamentario de arredor dun dous ou un tres por cento. O que si podemos acreditar, e isto é indiscutible e é indubidable, é que os orzamentos da Xunta de Galicia nestes dous últimos anos incrementáronse ao redor dun 18 por cento só no que está vinculado ás cuestións políticas no ámbito lingüístico. Tivemos un incremento de ao redor dos 2 millóns de euros; pasamos dun orzamento —e isto non é cuestionable; isto é a realidade e, polo tanto, vai ser indiscutible— no 2024 de 11.049.000 euros, ano da miña chegada como conselleiro, a un orzamento para este ano 2026 de algo máis de trece millóns de euros. Polo tanto, un incremento neto de 2 millóns de euros, unha porcentaxe de ao redor do 18 por cento. ¿Para que? Evidentemente, como



pode entender vostede, para aplicar políticas —as nosas políticas, evidentemente, non as súas políticas, porque para iso están vostedes na oposición e nós estamos no goberno—, as políticas do Partido Popular, por suposto; que ademais veñen referendadas non só por un programa, non só por un compromiso coa sociedade galega, senón que, ademais, tamén cun resultado electoral do que nós temos que dar debida conta.

E ¿en que o estamos utilizando? Pois dicíallo antes: estamos poñendo en marcha por primeira vez cursos de lingua e cultura galega para máis de 1.500 persoas procedentes de fóra da nosa comunidade autónoma. Puxemos por primeira vez na historia —e somos a primeira comunidade autónoma que os temos— en marcha os exames de Celga en liña, que creo é unha ferramenta importantísima nestes tempos para que, dende calquera lugar e calquera persoa poida acreditar as súas competencias en lingua galega. Incrementamos substancialmente tamén o número de cursos de linguaxe administrativa.

Impulsamos tamén, puxemos en marcha e reforzamos o apoio en tres ámbitos que para nós son importantísimos —e nos que nalgún deles non temos a competencia exclusiva—, como pode ser na educación, na sanidade e na xustiza. Na educación, ademais de cun reforzo no ámbito educativo, tamén nas actividades fóra dos currículos. Implementamos, puxemos en marcha e apoiamos programas como «Falamos+», «21 días co galego e +» ou «O galego sen fronteiras». No ámbito sanitario tamén nos centramos moito en potenciar o uso do galego, nun ámbito onde sabemos certamente —e así o din todos os datos— que non é un ámbito amable para uso do galego. Puxemos en marcha os novos cursos de lingua para sanitarios, co fin de incrementar o seu uso. Puxemos en marcha tamén os formularios, toda a parte de formulario que vostedes tamén nos teñen comentado. E impulsámoslos tamén con Sanidade, e aí quero agradecer o compromiso do propio conselleiro para poñer en marcha eses formularios, para que puidesen estar tamén en galego para todos os usuarios da sanidade galega. Ou na xustiza, tamén, para sensibilizar todos os operadores do ámbito xudicial e para a posta en marcha tamén de cursos especializados para xuíces e fiscais.

Ademais, temos en marcha distintas propostas novidasas no ámbito social, no ámbito das novas formas de socialización. Estamos traballando da man para fomentar a inclusión do galego no ámbito dos videoxogos e das aplicacións educativas. Tamén estamos fomentando a organización de concursos que creen contido en galego e estanse facendo xa programas moi importantes, moi interesantes, como o programa Xuventude crea, no que participan milleiros de persoas novas que queren desenvolver os seus proxectos culturais tamén no noso idioma, en galego; ou a creación de series ou programas específicos en galego; a colaboración e coordinación coa CRTVG; ou tamén a mellora na aprendizaxe do galego a persoas nadas fóra.

Sobre o balance de todo isto, falan os propios datos, como dicía antes: máis de dous millóns de euros que imos ter neste ano 2026 con respecto ao ano 2024 nos orzamentos da Xunta de Galicia. Isto é unha realidade incuestionable e, polo tanto, aquí ten unha primeira máxima que non van poder negar —aínda que xa sei que a súa estratexia é a contraria e intentarano facer así—. Pero esa é a realidade que nos vai permitir implementar todas estas políticas, poñer en marcha, tamén, ese Plan xeral de normalización da lingua galega; e ademais, por exemplo, que 1.500 alumnos de ata 34 nacionalidades distintas participasen nos 92 cursos



de lingua e cultura galega postos en marcha pola Xunta de Galicia. Dende logo, creo que xa podemos anunciar que, neste senso, hoxe publicamos no *Diario Oficial de Galicia* a convocatoria de 50 novos cursos preparatorios, 14 deles presenciais e 36 deles en liña, para un total de 1.750 novas prazas de acreditación do galego, na que a modalidade *online* xa está consolidada, para que calquera persoa desde calquera lugar do mundo poida aprender —non só certificar, senón aprender tamén— as súas competencias en lingua galega.

Polo tanto, en resumo, ¿cal é o camiño percorrido durante estes dous anos? Eu creo que, se falamos dos datos cuantitativos, está claro que hai un bo dato, un incremento que nos permite chegar ata os 13 millóns de euros no orzamento nas políticas lingüísticas —por certo, cuestión que non contou co voto favorable do Bloque Nacionalista Galego, na súa estratexia orzamentaria— ou o desenvolvemento de políticas concretas, como falabamos do voluntariado lingüístico, dos cursos en liña en lingua galega ou actuacións en distintos ámbitos sociais galegos.

Eu creo que esta é unha realidade actual e agora pois enfrontámonos, por suposto, a un reto de futuro importante —dicíao e comentábao vostede hai un momento— nese gran pacto pola lingua. Resulta certamente curioso que aqueles que non quixeron participar neste proceso son os que están opinando. Son os opinadores externos deste proceso, non quixeron participar en absoluto neles. Así como agradezo, unha vez máis, ao Partido Socialista e a Democracia Ourenzana, que si tiveron a ben participar neste proceso con máis de 130 profesionais cualificados de prestixio. Porque non só os que traballan nos seus programas e nos seus proxectos de apoio á lingua galega son os bos e os que poden defender as políticas lingüísticas, senón que tamén hai outra moita xente; a sociedade galega ten ganas de que acaemos un gran pacto. Como dicía, creo que vostedes non son os máis axeitados para falar desta cuestión. De feito, dígolle máis: vostedes foron os primeiros en intentar dinamitar. Recórdolle o primeiro día que reunimos os 130 profesionais de recoñecido prestixio que vostedes, a través dunha plataforma vinculada, quixeron boicotear, dinamitar e solicitaron incluso que as persoas que estaban presentes naquel momento se levantasen para demostrar e acreditar ese enfrontamento co Goberno da Xunta de Galicia. E o resultado foi que se levantaron cero persoas. Esa é a esa realidade, ese é o poder de convicción que ten o Bloque Nacionalista Galego e ese é o resultado dunha política de confrontación absoluta.

Dende logo, é unha cuestión que eu creo que vostedes levan nun aspecto ideolóxico no seu ADN: buscar unha confrontación co Goberno da Xunta de Galicia en determinadas cuestións. Xa sabemos cales son: a ninguén se nos escapa a súa visión en política industrial, a súa visión no ámbito educativo, a súa teima por incendiar as rúas e tamén a súa posición clara e evidente no ámbito lingüístico. Non van dar absolutamente nada, non van ofrecer absolutamente nada, non nos van dar absolutamente nin unha soa oportunidade. Pero temos unha vantaxe: que neste percorrido, neste fermoso camiño, a sorte que temos é que non necesitamos o Bloque Nacionalista Galego. O que necesitamos é a sociedade galega, e a sociedade galega está con nós.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.



Réplica, señora Queixas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: Obrigada de novo, presidente.

Señor conselleiro, eu recordeillas, por se non tiña claras as dúas preguntas que lle facía nesta interpelación ao comezo da miña intervención. Preguntámoslle desde o BNG: ¿cal é o seu plan para reverter a emerxencia do galego? E vostede responde: «o BNG». Pois moitas grazas. Moitas grazas por recoñecer que a solución será o próximo goberno do BNG. (*Aplausos.*) Xa falta menos. Xa o dixo Castelao: «nós confiamos no noso pobo e o noso pobo moi logo confiará en nós». E si, asegúrolle que no ADN do BNG —isto é algo do que ningún galego e ningunha galega dubida— están os dereitos, os dereitos lingüísticos, como os dereitos fundamentais da sociedade e da humanidade. Asegúrolle que si, que está totalmente acertado aí.

Fálame vostede de que aumentaron os orzamentos. Claro, efectivamente, iso é obxectivo. Si, si, iso é obxectivo, que aumentaron algo, como é tan obxectivo que non chegan a ser nin o 40 por cento dos que tiñan no 2009. Iso tamén é o obxectivo, non mo negará, que vostede tamén entende de números. Pero ¿sabe cal é o problema? Que non sabemos para que. ¿Para que aumentan? ¿Que se vai facer? Porque non se ve nada.

Vostede nestes case dous anos fixo a mesma política lingüística que fixeron os seus antecesoros e que leva facendo o Partido Popular nos últimos dezaseis anos, porque ese é o ADN do Partido Popular en Galiza e non outro. E só me fala —porque só pode falar, claro— dunha novidade, que son os Celga en liña. Teño que dicirlle que só foron capaces de facelo para o Celga 4, e que das 73 persoas que se presentaron só aprobaron 4. ¿Este é o resultado da súa política lingüística, señor conselleiro? Mire que igual temos un problema pola carencia que hai de formación. Igual esas persoas, se tivesen formación como tiveron no seu tempo presencial, boa formación, igual tiñan máis posibilidades e garantíanlles vostedes o dereito a ter un recoñecemento formativo e un coñecemento en galego. Déalle unha volta.

Mire, vostede neste momento eu creo que ten que posicionarse. Ten que definirse se vai seguir (*A deputada Mercedes Queixas Zas amosa unha fotografía.*) practicando unha política lingüística herdada e patrocinada, liderada polo señor Rueda desde aquel día en que colleu esta faixa en contra do galego, ou se realmente vostede se quere posicionar con esa sociedade galega (*A deputada Mercedes Queixas Zas amosa unha fotografía.*) que unha e outra vez lle está dicindo nas rúas, lle está dicindo nas institucións, en todo tipo de colectivos, que claro que lle quere ao galego e que quere que vostedes dunha vez por todas muden a súa política lingüística. (*Aplausos.*) Decida con quen quere posicionarse. Porque, até o de agora, vostede o que demostrou é ser un fiel escudeiro de Rueda. Leva quince meses agochado detrás das comisións de traballo de actualización do Plan xeral, sen tomar ningunha medida realmente de impulso ao galego; leva quince meses negando a emerxencia lingüística, ignorando todos os informes das institucións: Academia Galega, Consello da Cultura Galega e moitísimas máis; quince meses sen derrogar o Decreto de desgaleguización do ensino, que lle pide todo o mundo; quince meses repetindo, en definitiva, a mesma política fracasada que nos trouxo até aquí, até a emerxencia lingüística que evidenciou a finais do ano 2023 o Instituto Galego de Estatística —que tampouco lles gusta a vostedes no PP e xa tomaron cartas no asunto—. Só lle faltaría —xa llo dixen antes— renunciar agora ás competencias en política lingüística, como xa fixeron coa protección do patrimonio cultural.



Benvida —dígollo outra vez— a rectificación do Partido Popular. Desde o BNG nos últimos anos —e esta deputada tamén nesta Cámara— xa lles ten solicitado que nos sentásenos a falar para actualizar o Plan xeral, porque tiña vinte anos e efectivamente non daba resposta a esta sociedade, pero os deputados e deputadas do Partido Popular aquí sentados votaban en contra cando o solicitaba o BNG. Encantadísima de que rectificasen e de que o fagan, por suposto, todo o aplauso.

Pero mire, empezaron vostedes mal, moi mal, con dous aspectos. O primeiro, negando a emerxencia lingüística, porque estes papeliños (*A deputada Mercedes Queixas Zas amosa un documento.*) —non lle vou chamar documento, porque non o é—, estes papeliños que nos deron na reunión á que nos convocou —e á que, por suposto, o BNG, con absoluta responsabilidade, fomos— dicían que para empezar a actualizar o Plan xeral a situación social do galego mellora. Daquela, ¿para que hai que actualizar nada?, ¿para que hai que cambiar nada se a situación social do galego está tan ben, señor conselleiro? Esta é a súa negación da emerxencia lingüística.

E, en segundo lugar, porque puxeron unha liña vermella, que é o decreto de desgaleguización do galego, de desgaleguización do ensino, o mal chamado Decreto de plurilingüismo, que é —xa o sabemos— o Decreto de monolingüismo en castelán. Non se toca, dixeron vostedes.

Polo tanto, remato cunha serie de preguntas outra vez, a ver se agora, cando eu xa non teño dereito a réplica, vostede responde: ¿vai aceptar e implantar todas as propostas das comisións de traballo que convocaron na Xunta de Galiza?, ¿vai aceptalas todas e vainas poñer en marcha canto antes? ¿Vai aceptar as conclusións do foro *Un país coa súa lingua* do Consello da Cultura Galega, o órgano estatutario de alto asesoramento do Goberno da Xunta? Porque aí, por exemplo, di —e é algo público; as da Xunta non, pero as do Consello da Cultura Galega son públicas— que hai que mudar radicalmente o modelo educativo. ¿Vai aceptar estas propostas do Consello da Cultura Galega ou vainas seguir ignorando, como levan feito con todos os informes que fixeron ultimamente, do impacto tan agresivo de Altri sobre o patrimonio, sobre o Camiño de Santiago, ou a eucaliptización desaforada, a desprotección do patrimonio que acaban de impoñer na Lei de acompañamento? ¿Van aceptar, ademais, as propostas do proceso social Lingua Vital, que todos e todas imos coñecer proximamente, ou van ignoralas, ou incluso vetalas, como fixeron neste Parlamento con aquelas propostas de base para mudar o modelo lingüístico no ensino? Porque eu aquí pedín varias veces poder traballar esas propostas de bases e o Partido Popular vetouno sempre, nin sequera permitiron que se debatesen...

O PRESIDENTE: Remate, por favor.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...nesta Cámara. —Remato, presidente—.

Nós asegúrolle que lemos todas as propostas que xa son feitas públicas, que imos ler todas as propostas que cheguen, veñan de onde veñan, e sempre, sempre, con vontade de chegar a acordos, acordos que realmente sexan bos para o futuro do galego, porque, se son bos para o futuro do galego, van ser bos para Galiza, e aí, nese camiño, sempre imos estar no BNG.

E remato citando unhas palabras de Begoña Caamaño, que é a autora deste ano, ademais de ser a autora homenaxeada pola Real Academia Galega no Día das Letras Galegas. Remato



coas súas palabras, que lle pido, por favor, que escoite con moita atención, ademais de que, por suposto, lea os dous romances magníficos de Begoña Caamaño: «Un idioma é algo precioso, único, o froito de séculos de traballo, cultura, discusións e consenso». No consenso sobre a lingua galega volverá estar sempre o BNG, como estivo sempre, non teña ningunha dúbida, porque para romper os consensos xa estivo sempre...

O PRESIDENTE: Grazas.

MERCEDES QUEIXAS ZAS: ...o Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Peché da interpelación, conselleiro de Cultura.

O CONSELLEIRO DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE (José Carlos López Campos): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Queixas, dúas aportacións. Se a solución ao galego é que governe o Bloque Nacionalista Galego, creo que ía ter moi, moi, moi mala vida o galego no futuro, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) porque creo que vostedes... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) parece que vostede..., non, non porque non foran defender o galego, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) senón porque non van gobernar este país nunca (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e, polo tanto, esas quimeras son difíciles de crer. Mal lle irá ao galego en dous aspectos: se ten que gobernar o BNG para defendelo e se só falan galego aqueles que votan o BNG. Mal lle irá ao noso idioma se tivera que cumprir esas dúas premisas. (*Aplausos.*) Grazas, grazas que nin o idioma, nin o galego é seu, nin vostedes son quen de exixirlle a ninguén que fale como considere e que defenda o galego, igual que outros valores que temos en Galicia, como cada un pense, con liberdade, que é o máis bonito e que a vostedes moitas veces é o que lles custa.

Cando fale vostede das manifestacións, desa foto das manifestacións, eu quedo coa foto das votacións, porque cando fala vostede con esa superioridade moral: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) «Toda Galicia exíxelle ao Partido Popular...», ¿pero que toda Galicia, señora Queixas?, ¿pero quen é toda Galicia? ¿Toda Galicia son os que xuntan vostedes e as súas plataformas no manifestódromo habitual dos domingos en Santiago de Compostela?, (*Murmurios.*) ¿esa é toda Galicia? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois perdoe, señora Queixas, pero toda Galicia son as 2.700.000 persoas, galegos e galegas, que cada catro anos dan o resultado electoral (*Aplausos.*) e lle dan unha maioría absoluta ao Partido Popular. Esa é toda Galicia. Aí si que está convocada toda Galicia, non as súas manifestacións, nas que xa sabemos quen está. Se, ademais, cumpren escrupulosamente o que lle mandan os seus xefes da UPG, escrupulosamente: (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) algarada social, manifestacións, crispación, enfrontamento... Se están cumprindo á perfección o papel que lle mandan os seus coroneis e coronelas da UPG.

Eu creo que non é bo enganarnos, nin a nós nin a cidadanía, ¿non? Está claro que o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular podemos compartir cuestións que creo que son in-



teresas para o país, pero noutras discrepamos radicalmente, señora Queixas, pero é que radicalmente. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) É que para nós, no noso ADN, igual que no seu ADN, hai cuestións nas que nunca podemos estar de acordo, ¡nunca!, e nunha delas, e na que se empeñan vostedes aínda máis en facelo, é no tema do idioma.

Evidentemente, nós non cremos na imposición lingüística. Nós non cremos na inmersión no ámbito educativo, pero xa o dixemos por activa e por pasiva. Vostedes..., ben, vostedes non, vostedes cren catro anos na inmersión lingüística excepto os quince días de campaña, que, cando lle chega o momento de dicirlles aos galegos cal é o seu modelo educativo, automaticamente aí, aí envainan, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) recollen velas, empezan a falar doutro tipo de conceptos que non reflicten realmente cal é a realidade do Bloque Nacionalista Galego no ámbito educativo.

E nós dixémolo claro: nós cremos na liberdade lingüística; nós cremos no equilibrio; nós cremos na capacidade que teñen as persoas, os galegos e as galegas, de querer o seu idioma, o galego, da maneira que consideren oportuno. E vostedes, ben, pois vostedes teñen un claro reflexo ideolóxico en relación con este tema, ¿non?, que define claramente cal é a súa posición, que é a súa posición, non é a posición da sociedade galega, é a posición do Bloque Nacionalista Galego.

E nin o Goberno nin a sociedade galega está neses supostos debates que vostedes queren abrir, nesas aldraxes, nesas afrontas, nesas palabras grosas, nese manual do que tiran habitualmente cando falan de determinadas cuestións, co único fin de ter un discurso dunha sociedade vitimizada, triste, gris —que é a queren trasladar vostedes desde o Bloque Nacionalista Galego—, que lles vale despois para aproveitar e para saborear nos seus comités políticos, nos seus consellos nacionais, ese café para os moi cafeteros, (*Murmurios.*) ese café para os moi cafeteros que teñen no Bloque Nacionalista Galego, na UPG, que son os que lle marcan a estratexia e os que lle din cal é o camiño que teñen que seguir. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Voulle dicir. Creo que este goberno ten clara cal é a súa folla de ruta. Como lle dixen antes, temos postas en marcha moitas iniciativas de apoio ao galego; temos unha proposta, un acordo sen apriorismos. Díciame vostede qué vai facer coas resolucións que adopte ese proceso que fixo a plataforma do Bloque Nacionalista Galego en relación coa lingua. Pois xa lle vou dicir o que imos facer, o que non imos facer. O que non imos facer é non respectar os seus dereitos como cidadáns, non ir boicotear nin ir insultar a ninguén a ningún acto público cando defenda a súa posición, por moito que difira da posición do Partido Popular. Iso si que non o imos facer, señora Queixas. Nós non imos alí a insultar, a maltratar, a intentar dinamitar un proceso no que nós respectamos profundamente as persoas que participan nel; outra cousa é que esteamos máis de acordo ou menos de acordo coas resolucións que aí se establezan.

E que lle quede moi clara unha cousa, mire: negociación, si; acordos, si; imposicións, nin a primeira, nin a primeira, señora Queixas; non lla imos aceptar, nin a primeira; clases de superioridade moral ou política ou intelectual do Bloque Nacionalista Galego, ningunha, xa llo digo tamén, esa é a posición (*Aplausos.*) que ten o Partido Popular. E acépteme un consello,



acépteme un consello: non perdan o tempo, non perdan o tempo por intentar impoñer nin por tratar de presionar o Partido Popular nestes temas, que de catro en catro anos recibimos o maior aval que podemos recibir, que é o apoio dos galegos e as galegas. Reserven esas leccións de superioridade moral para os seus órganos internos, que boa falta lles fai seguramente.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O PRESIDENTE: Grazas.

Saudar os alumnos de formación profesional do Centro Val do Asma, de Chantada, que hoxe visitan o Parlamento, e tamén as persoas que os acompañan. Benvidos ao Parlamento.

Continuamos agora con outra interpelación.

Interpelación das deputadas Silvia Longueira Castro e María Elena Espinosa Mangana, do G. P. Socialista de Galicia, sobre a planificación dos vindeiros dez anos que leva a cabo a Xunta de Galicia en materia de coidados e servizos sociais

O PRESIDENTE: Para formular a interpelación, ten a palabra a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas, presidente.

Bo día. Bo día, conselleira.

Pois, como indicabamos na nosa interpelación, Galicia ten un déficit de 11.509 prazas para cumprir a *ratio* que indica a OMS, onde se di de 5 prazas de residencia por cada 100 persoas maiores de 65 anos. Na actualidade a nosa comunidade autónoma conta cunhas 25.000 prazas para persoas maiores, e somos —como indica o informe da Asociación de directores e xerentes de servizos sociais— a cuarta comunidade autónoma cun déficit de prazas, detrás de Andalucía, Valencia e Cataluña. Son datos do ano 2023, onde se fala que, das 25.000 prazas totais en residencias galegas, o 76 por cento están en centros públicos, o 23 por cento restante son de financiamento privado e ademais cada residencia ten unha media de 78,5 prazas, que está por enriba do tamaño medio estatal, de 73,5.

Ben, no conxunto de España serían necesarias máis de 50.000 prazas adicionais de residencias para persoas maiores que teñan gran dependencia ou dependencia severa, e é un déficit que aumentou respecto doutros anos, porque, aínda que se crean novas prazas, o incremento da poboación de máis de 65 anos foi maior. E aquí vén o xiro da acción: que Galicia ten hoxe máis de 700.000 persoas maiores de 65 anos, posiblemente cunha expectativa de vida que mellora e alongue o ámbito do que vén sendo a terceira idade. E sobre este dato —que xa foi comentado tanto neste Parlamento, neste pleno, como en comisións— nalgunha ocasión unha das veces tivemos eu creo que a oportunidade de escoitar a secretaria xeral da Consellería de Asuntos Sociais, dona Francisca Gómez Santos, que eu entendo que daba unha resposta, ben, un pouco surrealista, pero en calquera caso con falta de criterio científico, que dixo: hoxe a xente xubíase ata os 70 anos nalgúns casos. Eu creo que, ademais de desexarnos a todas o pleno emprego —o cal está ben e ata esa idade ela estima que podemos seguir a



traballar—, pois dona Francisca usaba unha xeneralidade que oculta unha falta de planificación da Consellería de Política Social. Trátase da chegada ao sistema público da dependencia do maior número de usuarios ata a data. Quero dicir: nunca houbo unha remesa tan grande e tan numerosa e posiblemente cunha esperanza de vida bastante alta de persoas que teñen no horizonte unha terceira idade longa, e que, polo tanto, van precisar dun sistema forte de dependencia que dea resposta a unha situación inédita na sociedade. Incluso teremos que contar con infraestruturas que poidan adaptarse e teñan que ser empregadas cara a unha poboación que contará cunha pirámide invertida, e que haberá infraestruturas, dada a cuestión desa inversión da pirámide, que teñan que ter unha cuestión efémera.

É dicir, hoxe temos escolas que están sendo pechadas porque non temos nenas e nenos para que as ocupen, pero si que imos ter unha poboación que polo menos nun período de tempo bastante longo vai ter que ocupar algún tipo de instalación, se é que deciden morar nunha residencia, ou, por outro lado, deciden outro tipo de coidados.

Pero iso o que supón, que é facer política —adiantarse e planificar coa prospección de datos—, pois queda lonxe para os que hoxe teñen —creo eu— a responsabilidade de pensar os derroteiros do futuro case inmediato. Os maiores en Galicia non soamente son os cidadáns da comunidade autónoma menos informada sobre os seus dereitos en dependencia, senón tamén os que teñen o futuro menos planificado respecto das infraestruturas e os servizos do Estado, porque, como sabemos, non temos plan estratéxico.

¿E cal é o mapa actual? Hoxe en día temos unha oda á confusión, porque, entre os máis de 400 centros listados de residencias ou lugares de residencia en toda Galicia, con 15.816 prazas que son privadas non financiadas, 33.364 privadas financiadas con fondos públicos e 7.000 prazas que son de titularidade pública, o que temos é que non estamos tendo claro que panorama nos vai acompañar no futuro.

Por non falar da asignación de prazas, que cae dentro da rixidez dunha listaxe na que persoas maiores son desterradas a centos de quilómetros das súas casas mentres se centran con outras, se cruzan con outras que fan o camiño en sentido inverso.

E tamén temos outra variante, na que o sistema sanitario é o solucionador da urxencia sobrevivida. Unha persoa maior pode estar ingresada ata máis de tres meses nun centro hospitalario sen ter outra patoloxía que non sexa que non hai unha praza nunha residencia pública de maiores.

E o curioso é que o investimento máis importante na construción destas infraestruturas en residencias de maiores faino un particular que entrega á Xunta, chave en man, inmobles —boísimos, por certo— para a súa xestión privada sen/con ánimo de lucro ou pública *ma non troppo*. Magníficas construcións que obedecen ao modelo rexeitado e non consensuado socialmente, no que teñen máis de gran contedor que de residencia para persoas que non deben ser desprazadas da súa contorna e que poidan manter unha mínima interacción co mesmo.

No cambio de plano, está un negocio que crece como a espuma, sobre o que subsiste o sector das traballadoras e traballadores dos centros privados e, en menor medida, dos centros pú-



blicos. Que falabamos onte precisamente non só do protocolo de protección para as traballadoras do SAF, senón —como é obvio— dese acordo do pago das horas para o sector. A situación do persoal TCAE nas residencias privadas financiadas con cartos públicos é insostible. Aos salarios que roldan os 950 euros ao mes súmanselle un acúmulo de horas e tarefas —no caso de que cumpran coas *ratios*— que xeran un risco para a saúde das traballadoras.

Ou tamén temos a variante do peche de residencias por negligencias, como as cinco que foron pechadas nos cinco últimos anos tras inspeccións e incumprimentos varios da normativa, incluíndo problemas de hixiene e alimentación nos residentes; inspeccións que en centros privados sabemos que son avisadas con antelación á visita.

Caso á parte é tamén o acontecido nas residencias de Oleiros e moitas outras, onde, sendo xestión da Xunta, a Inspección de Traballo cuestionou que sucedía alí tras a fuga dun residente con deterioración cognitiva, sinalando deficiencias organizativas e de seguridade e requirindo melloras nas instalacións e protocolos.

Recordar o ingreso, sobre todo, de persoas con problemas de saúde mental, que non contan co persoal sanitario adecuado para o seu coidado.

E, para que non queden dúbidas de que é un problema de quen manda, insistimos en que bastante fan os que día a día teñen que estar de dique de contención desta situación, que por veces é surreal e ás veces grotesca.

Así que este é o resumo, *grosso modo*, dun presente e dun futuro que ademais se atopa ameazado por unha xestión que a día de hoxe tratou de simplificar a complexidade dun sistema de atención á dependencia polo camiño do medio. Escolleron vostedes o rego de cifras e letras; eliminou a burocracia: un informe social de entrada ao sistema; instalou o bono universal; e, se elixen a prestación do servizo do SAF ou residencia, xa lles digo que quedan á espera.

E tamén lles comunico que para que non denuncien que teñen dereito a cobrar o bono de xeito retroactivo, pero gárdoo no as da manga para non informarlles cando solicitan a dependencia de que para cobrar ese futuro retroactivo teñen que ter unha factura dunha empresa de axuda no fogar recoñecida pola Xunta. Resumo: aforro unha chea de cartos agochando dereitos, despachando o problema co café para todos, e xa pode dicir que axilicei a dependencia.

Comprenderá que a confusión é máxima, porque, se o modelo de coidados vai ser a bonificación permanente, cada vez haberá máis cartos para bonos e menos para a prestación de servizos dos dereitos da poboación. Están vostedes usurpando o que por lei teñen que darlles ás galegas e galegos, e xa sabemos que as familias están a coller os bonos, é evidente; vostede está a obrígalos a que elixan entre o malo e o peor, a segmentos da poboación que hoxe en día teñen o seu familiar e probablemente problemas suficientes coa vivenda e cos salarios e non poden estar á espera dun SAF que non sabemos cando vai ser concedido, ou dunha praza residencial que para os galegos é o mesmo que o mito para os descubridores de América cando estaban á procura de *El Dorado*. Exactamente o mesmo é o que está a acontecer coas familias e cos dependentes galegos.



Así que este é o camiño que teñen vostedes deseñado e moito tememos que é o que queren deixar como legado de xestión nesta consellería, que seguramente de política ten moito, pero de social habería que redefinir o termo. Eu creo que sería algo marabilloso que nos puidera sorprender cun xiro inesperado dos acontecementos, e eu non sei se o plan estratéxico sería un exemplo que vostede nalgún momento podería contemplar; ou que reactivase con garantías o Consello Galego de Benestar Social, ese que pouco a pouco foi enmagrecendo ata que a día de hoxe nin sequera ten nada que ver con aquel que aprobara no seu día a Lei de servizos sociais de Galicia; ou que comezase a manter unha relación fluída e de traballo organizado cos colexios profesionais e cos sindicatos das e dos traballadores; ou mesmo tivese en conta o terceiro sector, non só como un clúster de empresas que prestan servizos e lle aforran a vostede persoal e horas de xestión.

Non sei, un pouco de ambición por arranxar o presente e deseñar o futuro, o que se chama realmente facer política. Eu creo que nesas estamos e nesas nos poden atopar. E gustaríame que ao mellor nos puidera contestar que vai ser de nós de aquí a dez anos ou que teñen planificado de aquí a dez anos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García Martínez.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, señor presidente.

Deputadas e deputados, moi bos días de novo.

Señora Longueira, a verdade é que vostedes non deixan nunca de sorprendernos. Mire, vincular automaticamente todas as persoas que teñen máis de 65 anos coa dependencia é unha simplificación inxusta e, como vostede ben sabe, é unha simplificación tamén discriminatoria. E, ademais, o que vostede acaba de afirmar nesta tribuna é un exemplo claro de idadeismo. Eu convídoa tamén a que lea a nova estratexia contra o idadeismo que acaba de aprobar a Xunta de Galicia.

Para todos aqueles tamén mozos e mozas que nos están hoxe a acompañar nesta sesión plenaria, que saiban que o idadeismo é unha discriminación por razón de idade, unha discriminación que nunca, señora deputada, debería de estar presente nunha sociedade como a galega, que se caracteriza especialmente pola súa elevada esperanza de vida; xa superamos nestes momentos os 84 anos de idade, o que supón un récord histórico. O que non é propio dunha sociedade que ademais vive en pleno século XXI é que ter 65 anos non é sinónimo en ningún caso de ser unha persoa dependente. A simplificación que fai vostede, señora deputada, supón reducir persoas con dereitos, con capacidades e con autonomía plena a unha etiqueta baseada unicamente na idade.

Eu lémbrolle que a dependencia non é unha consecuencia inevitable de cumprir anos, senón que é unha situación moi concreta que se lle pode dar a calquera e sobre todo en calquera



etapa das nosas vidas. Polo que esta visión que vostede nos traslada perpetúa prexuizos, que poden implicar exclusión das persoas maiores na toma de decisións que as afectan diariamente e sobre todo directamente na súa vida diaria.

Defender que a idade non define a dependencia é defender a dignidade, é defender a autonomía persoal e sobre todo é defender o dereito a decidir sobre como se quere vivir. Polo tanto, señora deputada, as políticas públicas deben basearse sempre na liberdade, na realidade e nos dereitos, e non en ningún caso nós estereotipos. Ser maior de 65 anos non é ser unha persoa dependente, é ser un cidadán que ten plena capacidade, que ten voz propia, esa voz propia que vostedes non queren escoitar.

Pero mire, voulle dicir máis: o dato que vostede emprega hoxe para o cálculo de prazas residenciais baséase nunha ratio de 5 camas por cada 100 maiores de 65 anos. É un dato que non é válido pola Organización Mundial da Saúde. Fala vostede dunha suposta recomendación da propia Organización Mundial da Saúde, e eles mesmos desmentírono no ano 2023, dicindo, ademais, que é unha cifra totalmente errónea, polo que lle insisto e a insto a revisar os seus propios argumentarios e a hemeroteca.

O que si fai a Organización Mundial da Saúde é instar cada territorio a nivel nacional a ter en conta as súas características propias, apostando ademais pola desinstitucionalización dos coidados.

Pero, ademais, hai que valorar o envellecemento da poboación e ter en conta o que é unha realidade incuestionable: que a maioría das persoas maiores en Galicia queren pasar esa nova etapa das súas vidas e queren facelo nas súas propias casas, nos seus propios fogares.

Polo tanto, para atender a todas estas preferencias, a Xunta de Galicia vai continuar apostando por servizos como o de Xantar na casa, que achegamos diariamente aos domicilios de máis de 2.500 persoas maiores de Galicia, menús sans, menús equilibrados. Imos continuar apostando por ese bono —que a vostede non lle gusta—, o Bono Coidado no Fogar, de 5.000 euros ao ano para todas as persoas dependentes que desexen ser coidadas nos seus propios domicilios por un familiar ou por unha persoa da súa contorna relacional, e que, ademais, xa lle anuncio que se converteu nun dos servizos ou nun dos programas, nunha prestación favorita das persoas maiores e que xa recibe máis de 37.500 persoas maiores na nosa comunidade.

Imos continuar apostando por ese servizo de atención no propio domicilio das persoas maiores, como é ese servizo de axuda no fogar, que chega cada día a máis de 23.000 domicilios, e sobre o que, ademais —como vostede sabe—, vimos de asinar coa Federación Galega de Municipios e Provincias un acordo histórico para incrementar o financiamento nun 50 por cento ata o ano 2028. (*Aplausos.*) Un acordo que ademais apoian os alcaldes do Partido Socialista —tamén recordarlle que moitos alcaldes do Bloque Nacionalista Galego—, e grazas a este acordo a Xunta de Galicia inxectarán 150 millóns de euros adicionais nas arcas municipais ata o ano 2028. Un acordo histórico pero que critica —como é algo habitual, estase contaxiando, ¿non?, a todo o do Bloque Nacionalista Galego—, e agora este acordo críticao tamén o señor Besteiro, ao que se lle ve que non lle gusta ou que lle gusta sempre nadar contra a corrente e ir en contra de todos, menos do Bloque Nacionalista Galego. Por iso, eu



hoxe quero agradecer publicamente a altura de miras do presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias ante unha cuestión que é vital e que era necesaria para todos os concellos, pero, sobre todo, para as arcas municipais. *(Aplausos.)*

En todo caso, o informe ao que fai referencia apunta a que Galicia está a incrementar o seu número de prazas residenciais públicas, sumando máis do triplo que no ano 2009. Este compromiso tamén o seguiremos reforzando precisamente nesta lexislatura para continuar situando Galicia como un referente nacional na atención a todas as persoas maiores. Por iso, ata o ano 2028 estamos a impulsar máis de 3.500 novas prazas públicas residenciais, en cada recuncho de Galicia, e isto vai ser posible grazas aos sete centros impulsados pola Fundación Amancio Ortega, con 900 novas prazas públicas.

Mire, señora Longueira, pídolle que hoxe retire deste diario de sesións as súas verbas. Non é aceptable que vostede lle chame a unha residencia da Fundación Amancio Ortega na que levan investidos máis de 200 millóns de euros «grandes contedores». *(Aplausos.)* ¡Iso é unha vergoña, señora deputada; é unha auténtica vergoña e é unha barbaridade! As sete residencias que a Fundación Amancio Ortega está construíndo, equipando e entregando a chave en man son as mellores residencias públicas de Europa; grazas a esta Fundación Amancio Ortega, grazas a preto de 200 millóns de euros, Galicia ten nestes momentos 900 prazas públicas residenciais para atender os nosos pais e atender os nosos avós, señora Longueira.

Eu tamén celebro que por fin o Concello da Coruña lle concedese a licenza de primeira ocupación tras máis de sete meses de espera —por iso non puidemos abrir a residencia de maiores da Coruña—. Son tan necesarias as prazas, pero ás veces a burocracia dos concellos socialistas é así... A estas prazas imos sumar tamén a nova residencia pública de Ribeira, a nova residencia de Antas de Ulla, 150 prazas públicas a través tamén desa rede de plan de investimentos de novas residencias, que estamos construíndo principalmente na provincia de Ourense para dotar de prazas residenciais os concellos máis pequenos de Galicia e os que máis lles custaba impulsar unha residencia de maiores. A todas estas prazas imos sumar 1.800 nos novos centros proxectados a través dese plan de residencias da Xunta de Galicia, anunciado nesta mesma Cámara polo presidente Alfonso Rueda. *(Aplausos.)*

En canto a ese novo modelo de coidados de Galicia, levamos, como vostede ben sabe, moitos anos traballando para que as residencias se parezan cada vez máis á casa, ao domicilio das persoas maiores e que cada vez se parezan máis a un fogar. Ese é o camiño que imos seguir: apostar por esa maior coordinación sociosanitaria; aproveitar as oportunidades das novas tecnoloxías; e que os centros sexan máis humanos e máis funcionais.

Señora Longueira, aínda que non o queira recoñecer, a atención ás persoas maiores é unha prioridade para a Xunta de Galicia, pero vostede sábeo e non lle gusta. Así o demostran os máis de 840 millóns de euros que destinamos a este fin nos orzamentos do ano 2026, cunha cifra histórica coa que seguiremos sempre apostando polo coidado e polo benestar de todas as persoas maiores.

Aproveito unha vez máis a ocasión para lamentar que o Goberno central do Partido Socialista —o que vostede tanto apoia e quere— recorra e paralice o modelo que permitiu reducir máis de



dous meses os tempos de espera nas valoracións na nosa comunidade. Presenta ese recurso ante o Tribunal Constitucional soamente cun afán, que é o afán recadatorio. Nunca — ¡nunca! —, señora deputada, o Goberno de Pedro Sánchez se atrevería a facer iso nin co País Vasco nin con Cataluña, pero si con Galicia. *(Aplausos.)* O que si deberían facer vostedes, dende o Partido Socialista, e o seu líder, o señor Besteiro, é apoiar a Xunta de Galicia e demandarlle ao Executivo central que retire ese recurso ante o Tribunal Constitucional, que cumpra coa Lei de dependencia, que nos aboe os 2.900 millóns de euros. Non é un bulo, señora Longueira, é unha realidade: 2.900 millóns de euros que o Goberno de España, o Goberno de Pedro Sánchez, lles debe ás persoas maiores en Galicia. *(Aplausos.)* ¡Non é un bulo; é unha realidade, señora deputada!

Polo tanto, e en resumo, señora Longueira, vostede ten que saber que cumprir 65 anos non implica nunca necesariamente unha situación de dependencia, senón que é unha etapa vital para moitísimas persoas. O que imos seguir facendo dende a Xunta de Galicia é garantir ese modelo de coidados que queremos: que cada un teña a liberdade de escoller onde se quere facer maior.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O PRESIDENTE: Grazas.

Para a réplica, a señora Longueira.

SILVIA LONGUEIRA CASTRO: Grazas.

Bueno, a ver... Eu creo que a persoa que ten que ter coidado coas palabras é o seu xefe, o señor Alfonso Rueda. Hoxe delatárono unhas palabriñas, así como cando dixo que tiña que «pagar» a dependencia. Non se trata de pagar a dependencia; ¡son dereitos! ¿Quen ten que «pagar a dependencia»? O que ten que dar é os dereitos. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Non, ten que dar dereitos! Vostede aí desde ese sillón, vëndoo da outra parte, eu sei que lle dá todo a risa —xa sabemos que lle dá a risa—, pero el díxoo pola mañá, moi convencido de que el «pagaba a dependencia». O que ten que conceder a Xunta son dereitos; non ten que pagar dependencia, son dereitos. As palabras definen moi ben o que un pensa e o que un ten que facer ao final...

Mire, non é idadeismo; chámase planificación. Igual que temos ao mellor mulleres embarazadas ou non embarazadas e temos que planificar os nenos e as nenas que veñen. *(Aplausos.)* ¿Que pasa?, ¿que aquí gobernamos a golpe de intuición?, ¿que é o que facemos? Temos unha poboación maior de 65 coidada e cada vez nos coidamos máis e cada vez aspiramos a vivir máis, pero vostede ten un potencial, señora García, e diso se trata. Vostede terá na mente que iso é un idadeismo —eu non o sei—; eu non o teño. Eu se fose a conselleira, pensaría: «¡Home! Teño enriba da mesa máis de 700.000 persoas maiores de 65. Co que xa hai agora mesmo enriba da mesa, ¿que terei que facer? ¡Saber que vai pasar dentro de dez anos! Non imos ir todos a unha residencia —¡claro que non!, espero que non—, pero terei que planificar.

Entón, ¿que fan vostedes? Vostedes o que fan é ter esa gran sorte e ter unha persoa que inviste máis nas grandes cidades como A Coruña e Lugo, o señor Amancio Ortega. ¡Inviste el



máis que a propia consellería! Vostede ten a sorte de que lle están sacando as castañas do lume; ¿como non vai haber esa sorte? Pero nin sequera se consensúa ese modelo. Está moi ben o que fai o señor Amancio Ortega, ¿pero vostede cre que vai triangular aquí e enfrontarme a min cun señor que lles está resolvendo así a papeleta? (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Se non me vai enfrontar, non mo diga! É a súa responsabilidade. Ten vostede a sorte de que unha persoa como Amancio Ortega lle está sacando as castañas do lume. Mire, se vai ter esa sorte, digo eu que, se vostede ten uns plans na cabeza —se é que os ten, que igual non ten— para planificar, póñanse de acordo, porque lle están facendo o traballo. Entre o señor Ortega e o terceiro sector, ten vostede unha vida marabillosa.

¡Claro!, agora vaimos dicir a min que o que se fai desde o Goberno temos que procurar que non se recorra. Vamos a ver; vostedes aclárense, porque ten vostede un compañeiro en Madrid que «non é presidente porque non quere» —moi respectable—, (*A deputada Silvia Longueira Castro sinala a bancada do Goberno.*) pero ten outro aquí que espera gobernar onde outro non goberna. Ten vostede aquí o señor Alfonso Rueda, que agora quere decidir que el vai dar a discapacidade. ¡Non! Vostedes infrinxiron cuestións que non lles competen. Vostede ten unha maneira de facer a dependencia agora, de «*Te voy a bonificar*», e, moi ben, é súa decisión, ¿pero esas persoas ás que vostedes están recoñecendo esa discapacidade teñen dereito a prazas de párking? ¿Teñen dereito a bonificacións fiscais? ¡Non! Vostedes están metendo isto nun *totum revolutum* onde a xente... Pode chamalo doutra forma, pero non chame isto así, por que non é verdade. E se está recorrido, ben recorrido está, señora conselleira, porque eu non me atrevo a gobernar onde outros gobernan e eu non vou legislar onde outros legislan. É máis, aquí vimos a esta Cámara falar case de todo menos do que fan. Eu creo que con isto xa é suficiente para cubrir o expediente.

O que lle vimos preguntar outra vez é o mesmo: ¿cal é o plan? Porque dentro de dez anos seremos unha poboación inédita con respecto ao noso envellecemento, teñamos 75 ou 80 anos. Vostede, como responsable da política social, debería planificalo e non ir a golpe do que lle di unha persoa que ten a boa intención de cubrir a sociedade. Ao mellor tampouco é exactamente o que precisamos, pero como a vostede xa llo dan feito, ¿para que se vai mo-
lestar? Así que eu volto repetirlo: ¿cal é o plan? No día de hoxe non o sabemos.

Con respecto á Fegamp, ¡home!, ¿que lle imos dicir? ¿Ou o colles ou o deixas? Bastante fixo o meu compañeiro alí na Fegamp negociando o que puido e ata onde chegou, o cal demostra que, se con isto estamos aquí agora, con esa subida mínima —¡pírrica!—, xa estaban vostedes agochando os cartos suficientes na man cando non llelos entregaban aos concellos. (*Aplausos.*) Entón, eu creo que ese tema non o toque máis, eu aconséllollo desde aquí, nesta cámara. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Si, si!, «*tengo la osadía*» de dicirlle que non o toque máis, porque non estamos beneficiando a ninguén e imos ver como resulta todo isto, señora conselleira, porque no fondo da cuestión, ademais das familias dos dependentes e os dependentes, están os traballadores e están os concellos ateigados, e van seguir estando ateigados.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a rolda de réplica, a señora conselleira.



A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Señora Longueira, vostede hoxe non me deixa de sorprenden. ¿Como que non se paga a factura da dependencia? ¡Por suposto que se paga a factura da dependencia, e con moito gusto, con cada euro que se inviste no coidado das persoas maiores! *(Aplausos.)* ¿Como que non se paga? ¡Claro que se paga! O que non paga a factura da dependencia é o Goberno de España, que non cumpre a Lei de dependencia e non achega o financiamento do 50 por cento do Estado e o 50 por cento da comunidade autónoma e débenos máis de 2.900 millóns de euros. ¡Ese si que non paga! É o pufo do Goberno do señor Pedro Sánchez, o pufo no peto de todos os galegos e de todas as galegas maiores e dependentes da nosa comunidade. Ese é o Goberno moroso do que levamos falando moitos anos e que non lle quere achegar ese financiamento á nosa comunidade.

Vostede fala de que a secretaria xeral da Consellería de Política Social nunha comisión dixo que a idade de xubilación de moita xente é os setenta anos. ¿E que lle sorprende? Non sei que lle sorprende das súas verbas. A miña nai, mestra, acábase de xubilarse agora con setenta anos. Nós cremos na liberdade da xente para decidir cando quere xubilarse ou non, non coas imposicións constantes que fan vostedes dende o Goberno. *(Aplausos.)*

Vostede fala tamén da planificación. ¡Dígame vostede cal é a planificación! «¿Que planificación hai?». Pero se lla acabo de contar, vostede non me escoita: 3.500 novas prazas públicas residenciais nesta lexislatura; son 900 prazas públicas a través das sete residencias da Fundación Amancio Ortega; 150 novas prazas na residencia de maiores de Ribeira e na residencia de Antas de Ulla; 560 prazas nos concellos máis pequenos de Galicia, principalmente na provincia de Ourense, a través dese plan de investimentos de 30 millóns de euros; e 1.800 novas prazas a través do plan de residencias apoiado e anunciado polo presidente Alfonso Rueda. Por favor, señora deputada, sume esas 3.500 prazas públicas que está mobilizando a Xunta de Galicia nesta lexislatura.

Fala vostede do recurso ante o Tribunal Constitucional, de que —¡claro!— o Goberno «fai o que tiña que facer», de que o señor presidente Alfonso Rueda non é ninguén para dar graos de discapacidade. ¡Pero se é competencia da Comunidade Autónoma valorar todas esas persoas e darlle o seu grao de dependencia e a súa porcentaxe de discapacidade! É competencia da Xunta de Galicia; por iso temos os equipos de valoración da dependencia e da discapacidade. Mire, a vostede parécelle unha barbaridade o que fai a Xunta de Galicia, pero hai que ler máis tamén o Diario de Sesións do Congreso dos Deputados: *(A conselleira de Política Social e Igualdade amosa un documento.)* «Proxecto de lei de modificación da Lei de dependencia e da discapacidade». A vostede dálle a risa; a min non, paréceme gravísimo.

Mire, xa lle avanzo, páxina tres, isto *(A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez, amosa un documento.)* é o que di o seu goberno do Partido Socialista: «No hay ninguna duda de que una persona que se encuentre en situación de dependencia es reconocible de forma automática...» —é dicir, o que está facendo a Xunta de Galicia— «...como persona con discapacidad». Isto *(A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez, sinala o mesmo documento.)* é o que di o Goberno de España, nesa modificación da Lei da dependencia.



Pero, ademais, *(A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez, procede a pasar varias páxinas do documento referido.)* como o Goberno tramposo que é, se avanzamos e imos á páxina 12 —á páxina 12—, deste Congreso dos Deputados, na modificación desta lei, esta di: *(A conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García Martínez, procede a ler un treito da páxina indicada.)* «Esta asimilación surtirá efectos exclusivamente en los ámbitos previstos por la presente ley o por otras normas que expresamente la contemplen, no siendo de aplicación en el ámbito tributario». Aforrar e recadar á custa das persoas maiores e das persoas con discapacidade. ¡Non teñen límites, señora Longueira, non teñen límites!

Nós imos continuar loitando por valorar, cada vez de forma máis áxil, as persoas maiores e as persoas con discapacidade da nosa comunidade porque a única prioridade que ten este Goberno é continuar atendendo todos os maiores: valoralos de forma máis áxil; crear máis prazas residenciais; dar máis Servizo de axuda no fogar, incrementando en 150 millóns de euros o seu financiamento, pactando coa Federación Galega de Municipios e Provincias este incremento —gústelle ao señor Besteiro ou non—. *(Aplausos.)*

En definitiva, imos coidar de quen sempre coidaron de nós: os nosos pais e os nosos avós e, a moita honra, señora deputada. *(Aplausos.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Continuamos coa orde do día, co punto de preguntas ao Goberno.

Pregunta do deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dez deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posta en marcha da oficina xudicial nos tribunais de instancia dos sete grandes partidos xudiciais de Galicia

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta —como sabe— ten a palabra, por tres minutos, o señor Tabarés.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señora vicepresidenta.

Señor conselleiro.

A nosa pregunta é para coñecer a valoración do Goberno galego sobre a implantación da oficina xudicial prevista nesa Lei orgánica 1/2025, promulgada hai máis dun ano, e que xa está posta en funcionamento nas sete grandes cidades, dende hai apenas un mes, e para a que tamén Ourense, unha vez máis, vostedes a utilizan como experiencia piloto —seica os experimentos sempre nos tocan en Ourense—.

En todo caso, dende o Bloque Nacionalista Galego, xa lle anticipamos unha cousa: nós pedímoslle que, por favor, señor conselleiro, tome a xustiza en serio: señor conselleiro, dialoguen; señor conselleiro, planifiquen; señor conselleiro, tomen medidas urxentes ante a situación que se está a vivir nos tribunais de instancia e, fundamentalmente —por ser a experiencia e por iso ser pio—



neiro—, no Tribunal de Instancia de Ourense. E, dende o Bloque Nacionalista Galego dicímoslle isto, despois de falar coa xudicatura; despois de falar cos LAX; despois de falar con funcionarias dos corpos de auxilio, de tramitación e de xestión; despois de falar coa Avogacía e coa Procura; despois de falar cos distintos sindicatos, e —créame— ¡todas, todas, absolutamente! empregaron a palabra «caos». Isto é unha situación de caos, agás un sindicato que dixo «situación caótica».

E, ¿por que? Porque aínda non está en vixencia e non está funcionando o programa de xestión Atenea, nin en castelán nin en galego, ao cal se comprometeron; non está funcionando. Falla o acceso dos traballadores ás aplicacións que lles permiten traballar e que lles permiten entrar nos expedientes; uns expedientes amoreados e en moitos casos ilocalizábeis. Hai cambios de ubicación de postos de traballo, mesmo cinco veces en sete días. Existe colapso no Rexistro: están pendentes de rexistrar actuacións e demandas de, por exemplo, novembro; incluso algún compañeiro atopou a firmeza nunha resolución que estaba recorrida, pero o que ocorre é que non se deu rexistro, nin sequera, a esa apelación. Hai funcionarias realizando tarefas que non lles corresponden por lei; por exemplo, agora os auxilios son os que fan os poderes *apud acta*, algo por lei restrinxido ás letradas da Administración de xustiza.

Quero lembrarlle as manifestacións dun sindicato, que non sei se considerarán un satélite do Bloque Nacionalista Galego, pero, en todo caso, voulle dicir que o presidente da Deputación era liberado deste sindicato hai apenas uns meses, hai apenas uns anos. Ese sindicato dixo: «O persoal está perdido nos seus postos e nas súas funcións. Pilas de expedientes amoreadas no chan. Problemas de repartición do traballo, con cambios de normas varias veces no mesmo día. Falla de coordinación e problemas materiais de todo tipo». (*O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro amosa a copia dunha fotografía.*) Unha foto —non é do BNG— que ilustra a situación, de *La Voz de Galicia*; non sei se tamén...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ... é satélite do BNG...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Ten un segundo turno.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...e isto (*O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro amosa unha copia doutra fotografía.*) é de *La Región*.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, moitas grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: As funcionarias... (*O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: (*O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*)



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría.

A verdade é que, despois de ler a súa pregunta e de escoitalo, eu estou de acordo nunha cousa que dicía na pregunta —só nunha, ¿eh?, non se poña nervioso—. (*Murmurios.*) Dicía que esta Lei de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza supón unha importante reforma na organización deste servizo. É certo. Cento cincuenta anos —nada máis e nada menos— que levabamos cunha organización, e cámbiase. Só en Galicia afecta 45 partidos xudiciais, señoría, e máis de dous mil funcionarios, o que supón un cambio importante dunha estrutura.

Sabe vostede que había distintas fases e refírese especificamente á fase 3, que afecta os partidos das sete grandes cidades. Polo que di na súa exposición, parécelle axeitado o prazo fixado polo Goberno central. ¡Bueno!, pois sabe vostede que non compartían a súa opinión nin as comunidades autónomas, nin as asociacións de xuíces e de letrados, nin os sindicatos, nin o Consello Xeral do Poder Xudicial; de feito, consideran insuficiente o ano concedido. O Goberno central —no seu habitual proceder de «ordenos e mandos»— non aceptou inicialmente ningunha das peticións das comunidades autónomas —ningunha!—, pero, ao final, viuse obrigado a recoñecer que era preciso dar máis tempo, e foi na conferencia sectorial do 24 de decembro —fíxese vostede cando fixo unha conferencia sectorial; dúas no mes de xaneiro— cando propuxo a posibilidade de dar tres meses máis de moratoria, seguramente porque se deu conta de que no territorio Ministerio, onde el ten competencias, era incapaz de implantar a lei na súa fase 3.

En Galicia, non necesitamos nin demorar os prazos nin pedimos demorar os prazos, señoría, e, no día de hoxe, temos feitos todos os cambios tecnolóxicos pertinentes —estamos a mediados de febreiro—. A 31 de decembro, señoría, tiñamos aprobadas todas as relacións de postos de traballo e tamén deseñado todas as estruturas da nova oficina xudicial. Todos os servizos esenciais —¡todos!—: os de garda; os de violencia sobre a muller; familia; rexistro e repartición de asuntos; instrución..., todos estaban en marcha no 31 de decembro, señoría. É dicir, o Servizo Público de Xustiza nunca estivo en cuestión en Galicia. Non minta, non minta.

Afirma que non houbo planificación pola nosa parte. ¿Non lle parece meritorio cambiar un sistema de 150 anos, un 31 de decembro, e que, despois de Reis, o día 7, funcione relativamente ben?; ¿iso non lle parece meritorio, señor Tabarés?; ¿que non afectase de xeito significativo á prestación dos servizos ordinarios e mantendo todos os servizos esenciais? De feito, os xuízos e as vistas véñense celebrando con total normalidade en todas as xurisdicións; unha normalidade extensiva tamén á atención ao cidadán, á vítima, ás actuacións da Sección de Familia, incluso ás seccións comarcalizadas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...de vítimas de violencia...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas...

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...contra a muller. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): ...ten un segundo turno despois, moitas grazas

Réplica do señor Tabarés.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Señor conselleiro, insistía: tome a xustiza en serio.

Ao mellor tiña razón cando en 2007 dicía que facía falta unha consellería específica. Non é certo que este sistema leve 150 anos. Este sistema foi implantado, máis ou menos, na Lei 19/2003. Gobernaba no Estado, ¿quen? Voulle dar unha pista: ten relación co Equipo Económico, que está imputado en Tarragona e ten dez compañeiros máis tamén imputados.

É unha lei de 2003, que establecía os servizos comúns, por exemplo, de tramitación, e os servizos de apoio directo. Esta oficina xudicial, que si que reforma, pois desaparecen os xulgados e crea tribunais de instancia, pero, en esencia, xa estaba no ano 2003, e despois profundada na Lei 13/2009. É dicir, os deberes xa os tiñan que ter feito, pero de hai moitos anos, non só vostede, senón tamén o seu inepto antecesor, que tampouco fixo moito pola xustiza.

Non todo é culpa do Goberno do Estado. Hai culpa da súa falta de previsión. Cando falamos de falta de previsión, ¿a que nos estamos a referir? Estámonos a referir aos seus orzamentos de 2026. Para este Plan de oficina xudicial, ¿sabe canto estaba orzado? 50.000 euros. Non se orzaron poucos, senón que mesmo votaron en contra das propostas do BNG.

En materia de persoal, non é que incrementasen o persoal sabendo que ía facer falta, senón que o diminuíron en, aproximadamente, 40 efectivos, tanto no corpo de xestión como no de tramitación ou como no de auxilio. Se quere doulle o dato en concreto: 12, 23 e 7 menos.

¿Prevén crear máis unidades xudiciais e van facer como coa comarcalización do xulgado de violencia, no cal, unicamente para esa unidade xudicial crean dúas prazas e, para o resto das prazas, detráenas doutras unidades xudiciais? Non, señor conselleiro, non está a funcionar ben. Está sendo un auténtico caos, e non llo di o Bloque Nacionalista Galego.

Fale, baixe, está na súa responsabilidade. Fale cos diferentes...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...operadores xurídicos.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, rematou o seu tempo.



IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: En todo caso, unha vez que o constate...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

IAGO TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: *(O deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro pronuncia palabras que non se perciben.) [...], está na súa responsabilidade. (Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Mire, señor Tabarés, vostede dixo que utilizamos Ourense de novo como unha experiencia..., chegou a dicir..., —apunteino por aquí—, como «unha experiencia piloto», pero así denigrando. Non, non é certo. Buscamos a cidade de Ourense porque, polo seu tamaño e pola súa organización, podíamos poñela en marcha antes que no resto das cidades. Ese é o motivo.

Dixo vostede que está todo a funcionar mal —non é certo, non é certo— e que falou con non sei cantos representantes de distintos estamentos e que todos lle dixeron que é un caos. Pois pode ser que algún dixese algunha desas cousas, pero as cousas están funcionando e os datos son os que mostran que están funcionando.

Mire, falaba vostede de falta de información. É mentira. Houbo reunións durante todo o mes de novembro e de decembro con todos os actores implicados —con todos—: cos xuíces, cos letrados, cos funcionarios, con todos. A Amtega estivo totalmente á disposición de todos e de cada un dos funcionarios, e é certo que se ían dando, cada día, un número de licenzas porque ao cambiar o funcionario de posto tiña que ter unhas licenzas distintas para acceder aos distintos programas.

Falaba vostede de que houbo caos informático. Si, todos os que teñen que ver co Ministerio, señor Tabarés, pero vostede aí é incapaz de dicilo ou de falar diso. Sabe vostede que a maioría dos rexistros do Ministerio de Xustiza non estaban habilitados; probablemente por iso o Ministerio pedía unha demora á última hora porque non lle deu tempo a facelos. Nós tiñamos o noso feito. Nas seccións sobre violencia sobre a muller, nos rexistros do SIRAJ, tampouco tiñan preparadas as caixas de correos para os envíos ao Ministerio do Interior dos corpos policiais, para poder compartir información sobre as ordes de protección e demais medidas cautelares. Actuación do Ministerio. Nós tivémolo que resolver, con correos electrónicos —fíxese vostede—, pero o Ministerio non estaba ao día. Agora, ¿vostede dixo algo do Ministerio? Non, aí caladiño, coma sempre. De feito, este enlace estivo inactivo durante días.

Tamén houbo demoras na creación dos novos contextos informáticos en servizos comúns, como o Punto Neutro Xudicial, do Consello Xeral do Poder Xudicial, e no funcionamento e na configuración de correos da LexNET, do Ministerio. ¿Dixo vostede absolutamente algo disto? ¡Non!, porque na parte da Xunta funcionaba; por iso lle interesa non falar destes asuntos. E este atraso tivo repercusión na presentación de recursos de apelación, na repartición de causas para o seu axuizamento e nas incoacións executorias penais. Todo isto é respon-



sabilidade do Ministerio; diso non temos responsabilidade a Xunta de Galicia, pero vostede aí, como é o seu socio, non dixo nada.

No que respecta ás tramitacións, tampouco é verdade o que vostede dixo na súa pregunta. Mire, en Galicia, en xaneiro do ano 2026, contabilizáronse 467.742 notificacións xudiciais. No ano 2025, un 4 por cento menos. Non está mal cambiar toda a oficina xudicial e ter un 4 por cento menos..., pero ímolo ver en comparación con outros territorios. En anotacións nos rexistros administrativos, un 2,3 por cento menos, non está mal. Son resultados moi bos porque a media nacional nun é un 10 por cento e noutro é o 6 por cento.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Pero imos falar...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...sobre Cataluña, que ten... Doulle os datos cando...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ...queira e poderá comprobar que iso non [...].

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas. (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coa seguinte pregunta.

Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información que ten a Xunta de Galicia respecto das razóns técnicas e operativas que motivaron a limitación de velocidade no tramo ferroviario Ourense-Santiago de Compostela

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, logo da previa autorización, ten a palabra a señora Paula del Río.

PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora vicepresidenta.

Señor conselleiro, non é a primeira vez que o Partido Popular de Galicia se ve na obriga de expoñer neste Parlamento o absoluto caos ferroviario no que afoga a Galicia este Goberno de Sánchez; un caos de cancelacións, de atrasos, de suspensións, de supresión de frecuencias e de abandono a Galicia; un caos provocado pola falta de investimento e de seguridade, por-



que a Sánchez e ao seu ministro estrela —agora estrelado—, Óscar Puente, non lles importa Galicia.

A todos estes desprezos temos que sumar agora un aumento da inseguridade ferroviaria, da que nós non imos ser cómplices. Non sei se o Bloque Nacionalista Galego, socio caladiño do Goberno de Sánchez en Madrid, pode dicir o mesmo e mirar á cara os galegos e galegas que collen cada día o tren. Téñeno difícil cando non pediron a dimisión de Puente; a ese non lle chaman inepto, a pesar de que quedou máis que claro que non está capacitado para continuar á fronte do Ministerio de Transportes. Seguen na procesión dos caladiños.

¿Como lles explica Óscar Puente aos galegos e galegas iso que dicía de que o tren español está no seu mellor momento da historia? ¿Como lles explican Sánchez e os seus socios independentistas aos galegos e galegas que o tramo Ourense-Santiago reduce a súa velocidade? Hoxe mesmo seguen cancelando trens, por incidencias operativas, polo temporal, pola folga..., calquera escusa vale. Chegan mensaxes con pouca marxe de manobra. ¿E que queren? Que sexa a Xunta a que tape a incompetencia do Goberno de España. Ou que, como consecuencia do temporal, se suspenderan numerosos trens por toda Galicia.

A limitación de velocidade prodúcese tras varias alertas de maquinistas de posibles deficiencias na infraestrutura. É un asunto moi grave. Non temos xustificacións, transparencia, ningún dato. E todo isto coa grave traxedia de Andalucía e de Cataluña na memoria recente dos cidadáns. Ben, si, si que deu unha explicación Puente para xustificar a falta de mantemento e investimento nos seus trens: o cambio climático e a xestión do Partido Popular. ¡Hai que ter a cara moi dura! *(Aplausos.)*

Este Goberno de Pedro Sánchez ¿sabe dende cando chove en Galicia? ¡Por favor!, ¿de verdade é que están metendo o medo no corpo aos galegos e ás galegas que collen o tren a diario? ¿Non están os seus trens preparados para Galicia? ¿Iso é o que quere dicir? Non. ¿Saben que lles pasa a Puente e ao seu Goberno de Sánchez? Que queren tapar con escusas a súa nefasta xestión.

Non é o cambio climático, é a falta de investimentos, a falta de mantemento, a incompetencia e a falta de interese por Galicia. Porque están demasiado ocupados nos seus líos de corrupción e en quentar o sillón por manterse no poder a toda custa. Pero non o imos permitir.

Señor conselleiro, o Ministerio de Transportes á Xunta de Galicia...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PAULA PRADO DEL RÍO: informou das razóns...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo. Moitas grazas.

(A deputada Paula Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría, a resposta é moi clara, concisa e contundente, para que non haxa lugar a dúbidas: non, non temos ningún tipo de información; que non haxa lugar a dúbidas.

Non temos información das razóns técnicas ou operativas polas cales Adif decide limitar a velocidade do AVE entre Ourense e Santiago. É máis, enterámonos polos medios de comunicación, nin sequera tiveron a decencia de chamar para dicilo. Polo tanto, é algo inadmisíble.

E iso que esta decisión de Adif non é un tema menor, porque afecta dous aspectos fundamentais: a seguridade e a calidade no servizo, que se poñen en entredito.

Que non tivemos coñecemento, ademais, é moi grave, por tres razóns. Primeira, porque se trata dunha infraestrutura estratéxica que condiciona a mobilidade de miles de galegos; ademais, tendo presente que corresponde a Galicia a parte de protección civil, é perentorio que contemos coa información precisa e detallada sobre calquera tipo de incidencia relacionada coa seguridade; supoño que iso o terán na cabeza. En segundo lugar, porque a limitación da velocidade nun tramo de 28 quilómetros de lonxitude é unha medida excepcional, a raíz das advertencias dos maquinistas e, en consecuencia, un indicador das deficiencias da infraestrutura, que require unha análise exhaustiva e unha corrección inmediata, algo sobre o que levamos moito tempo pedindo información, pero o ministerio decide que non somos relevantes para darnos información. E, en terceiro lugar, a falta de transparencia sobre este asunto non é unha excepción, señorías; saben vostedes que non se trata desta limitación da velocidade nin do que pasou esta fin de semana; trátase, se botamos a ollada atrás, dos últimos meses, onde os atrasos, as avarías, as cancelacións —houbo días que ningún tren chegaba en hora ou saía en hora—, acerca de toda esta situación nunca, nunca, nunca nos deron ningún tipo de explicación ao Goberno galego. Nin Renfe nin Adif, nin o Ministerio, facilitaron ningunha información á Xunta de Galicia. E isto non é porque a Xunta de Galicia non se dirixira ao ministerio ou aos responsables para pedirllas información; fixémoslo en moitas ocasións —por escrito, falando con eles en distintas reunións e a última carta pois enviada o 23 de xaneiro— pedíndolle explicacións a Adif, unha vez máis, de tantas, solicitando información sobre varios aspectos críticos, o estado das infraestruturas.

Necesitamos saber se o estado das infraestruturas está ben ou non ou se eles advertiron algunha deficiencia, o resultado das últimas revisións feitas aos trens, o material rodante, pola limitación da velocidade. Pero, a día de hoxe, ¿saben vostedes que? Non contestaron. Porque o ministro Puente considera que a súa xestión —como dixo no Congreso e no Senado— é espectacular; polo tanto, ¿para que vai parar neste tipo de cousas? (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Prado.



PAULA PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señora vicepresidenta.

Señor conselleiro, ¿por que será que non nos sorprende o que vostede nos acaba de contar, nin a nós nin a ninguén?

E dicía vostede que o señor Puente, ben, presume desta xestión. A verdade é que ninguén lle critica a xestión mediática que fixo do tema, porque a verdade é que, ben, estivo moi interesado en manter un relato que despois se lle veu abaixo. Pero, en realidade, nós e todos os españois o que estamos é pedindo responsabilidades ao ministro Puente non polo que fixo despois da traxedia, senón polo que non fixo antes da traxedia. *(Aplausos.)*

E dende que o Goberno socialista e os seus socios independentistas están no poder, Galicia vive nun permanente agravio comparativo en materia de infraestruturas.

Parece que temos unha alta velocidade *low cost*, iso si, a prezo de ouro, porque os prezos do billete non baixan, pero si uns trens que sofren incidencias sen aparentes explicacións; e digo aparente porque explicación tena que haber, outra cousa é que nola queiran ocultar ou nos queiran contar milongas. Pero ¿sabe cal é a explicación? A incompetencia; a incompetencia de Sánchez, a incompetencia de Puente, a incompetencia dos socios caladiños que aquí piden trens dignos e en Madrid están calados. Son todos cómplices, cómplices e responsables de que estes días haxa miles de viaxeiros galegos abandonados polo Goberno, incidencias continuas, falta de información e unha inseguridade máis propia de gobernos doutro século.

É curioso que, cando hai incidencias en Cataluña, establecen transporte alternativo e, mentres, en Galicia abandonan os cidadáns, unha vez máis maltratados por este goberno sanchista.

E, ante a pasividade do Goberno, ¿quen está aí? A Xunta de Galicia, poñendo liñas de autobús aos miles de viaxeiros abandonados polo Goberno central. Por iso, despois que a ninguén lle sorprende que, cada vez que lles preguntamos nas urnas aos galegos e ás galegas quen quere que os governe, digan, masivamente, por maioría absoluta, o Partido Popular de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor conselleiro.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Eu creo que queda claro, señoría, que, despois do que levamos vivido nas últimas semanas —non en Galicia, senón en toda España—, hai unha falta de mantemento ou un mantemento insuficiente e deficiente, xa non en Galicia, en toda España. A teor da cancelación dos servizos producidos de xoves a domingo por mor dos temporais en Galicia, tamén se demostrou que esa previsión e planificación era deficiente; é dicir, chove sobre mollado.



Pero nós non imos cuestionar ningunha medida que adopte Adif ou Renfe por mor da seguridade; ¡faltaría máis! O que ten que facer Adif ou Renfe cando toman este tipo de decisións é comunicalo e explicarnos cal é o problema; iso é o normal entre calquera tipo de relación nas administracións.

Non obstante, nesta ocasión non o fixeron, e esta fin de semana Renfe decidiu unilateralmente parar os trens tanto de pasaxeiros como de mercancías —recordábamo a miña compañeira, con todos os problemas que tiña—, e cando lle preguntamos cales eran as razóns, dicía que chovía moito e podía haber inundacións.

Pero non é grave iso —que é bastante—, senón que o grave é que dicían que non ían poñer ningún tipo de transporte alternativo. ¿Como é posible? Iso si, tiveron a consideración de devolver o custo dos billetes adquiridos, non vaian pensar que querían quedar cos cartos dos pasaxeiros; deixáronos tirados en Vigo e con iso xa lles chegou. ¡Alucinante!, porque esa non é a maneira de traballar que teñen noutras comunidades.

En Andalucía, despois do accidente, establecéronse ata dez plans alternativos para garantir a mobilidade. En Cataluña, cada día que ten un problema Rodalies, ao momento teñen unha frota de autobuses. Pero en Galicia non. ¿Por que? Porque Galicia é de segunda para o Goberno de Sánchez e para os socios caladiños, de terceira, porque aí non dixeron nada durante a fin de semana.

É máis, o propio Partido Socialista tivo a cara de pedirlle á Xunta que puxera autobuses. Fíxense vostedes: non escoitaron o alcalde de Vigo, que llo pedía a Renfe; aquí fixérono os socialistas e pedíronllo á Xunta. Esta é a fotografía do que pasou en Galicia esta fin de semana.

Pero, por se isto non chega, Adif saíu dicindo que as vías estaban en perfecto estado en Galicia —Adif—, cando Renfe dicía que por motivos de seguridade non se podía circular.

En definitiva, isto é un caos, e despois temos que escoitar o ministro dicindo no Senado que o que nos fastidia ao resto do arco parlamentario é que el xestionaba ben o Ministerio de Transportes. ¡Manda truco se iso o chega a facer o Partido Popular!, *(Aplausos.)* ¡manda truco!

Pero mire, nós puxemos noventa e oito reforzos en autobús, o mesmo xoves, sobre a bucina, sen ter ningún aviso de Renfe. Pois estou seguro de que aínda haberá algún ou algunha que se dedique a criticar...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Diego Calvo Pouso): ..., cando Renfe puxo cero autobuses; cero autobuses, señorías, cero. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señor conselleiro.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.



Pregunta do deputado Gonzalo Trenor López e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a información da que dispón o Goberno galego respecto dos sesenta e dous proxectos presentados ao Plan social polo clima (FSC)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Rodríguez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.

Conselleira, bo día de novo.

Como vostede ben sabe e coñece, en maio do pasado 2025 a Xunta de Galicia presentou sesenta e dous proxectos ao Plan social polo clima, por un importe de case 2.000 millóns de euros, para que servisen de base para a aplicación en España do Fondo Social para o Clima. O Goberno de España, tan rigoroso, tan serio e tan traballador, tiña que ter presentado este plan ante Europa antes de que rematara o mes de xuño do ano 2025, e, claro, non o fixeron.

Como comprenderá, esta é unha cuestión que xera gran preocupación en Galicia, pola magnitude dos recursos de que estamos a falar —repito, señorías—, 2.000 millóns de euros, que non é pouco. E, de feito, formulamos unha pregunta recente sobre esta mesma cuestión, no pasado mes de setembro. En resposta vostede mesma explicou que tamén estaban preocupados pola posible perda destes fondos, motivada pola mala xestión do Goberno do señor Pedro Sánchez e ante a falta de información e transparencia amosada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por culpa diso, a Xunta o que fixo —unha administración seria e responsable— foi dirixirse directamente a Europa —tamén o fixeron, como nos consta, os eurodeputados do Partido Popular Francisco Millán Mon e Adrián Vázquez— solicitando á Comisión Europea información ao respecto e preguntando se existen mecanismos para que o Goberno español cumpra dunha vez por todas cos seus deberes, e, finalmente, se o incumprimento por parte de España da transposición da Directiva 2023/959 pode afectar a concesión destes fondos, o que levaría ao atraso no desenvolvemento de importantísimos proxectos para Galicia.

Case cinco meses despois, queríamos saber, señora conselleira, se obtivo resposta a estas preguntas, e queremos saber se o Goberno da Xunta de Galicia recibiu información ou resposta en relación coas xestións desenvoltas para coñecer a situación deste asunto que realmente nos preocupa a todos os galegos e as galegas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Rodríguez, hai que lembrar, efectivamente, que o día 24 de setembro eu estaba nesta mesma Cámara e eu facía público que estábamos moi preocupados. Tiña unha preocupación



que tamén quería trasladar a todos os deputados e deputadas, porque representamos a todos os galegos. ¿Por que era esta preocupación? Porque había unha data, unha data clave, que era o 30 de xuño do ano 2025, na que o Goberno español tiña que trasladarlle a Europa, á Comisión, os proxectos que quería desenvolver para a obtención de 9.000 millóns de euros. Pero é que, á parte, Europa dicíalle que tiña que facer un traballo previo coas comunidades autónomas; algo que en absoluto fixeron.

A Xunta de Galicia, a través desta Consellería, púxose a traballar coordinadamente co resto das consellarías e, ao final, desenvolvemos unha serie de proxectos para cumprir cos obxectivos que nos marcaba Europa. Foron ao Consello da Xunta e, polo tanto, trasladámoslos ao Goberno central.

Pasaban os meses, e a preocupación ía *in crescendo*, visto que o Goberno central non nos contestaba. É máis, hoxe segue sen contestarnos, o cal eu quero denunciar publicamente que é unha auténtica vergoña, porque non é un desprezo á Consellería, non é un desprezo á Xunta de Galicia; é un desprezo a todos os galegos e galegas, porque nos pertencen dous mil millóns de euros. (*Aplausos.*)

O que fixemos, visto que non nos contestaban, foi dirixirnos directamente á directora xeral que leva este tema, que, ademais, é galega, Beatriz Yordi —directora de Mercados de Carbono e Mobilidade—, para que nos dese a resposta pertinente. Deunos a resposta en catorce días e, efectivamente, trasladounos que España non presentou os proxectos ante a Comisión Europea.

Fomos a máis, e, entón, decidimos que había que seguir presionando. Son dous eurodeputados do Partido Popular quen se dirixen de novo á Comisión e lle preguntan que é o que está ocorrendo. Eles fan dúas preguntas, porque—fixádevos— isto trae cola. Non presentan este proxecto de acción polo clima porque tampouco presentaron algo fundamental como é a adhesión e transposición da directiva RCDE, que é o novo Réxime de comercio de dereitos de emisión para edificios, transportes, forestal, estrada e outros sectores. Ao non presentar esta directiva hai ano e medio, entón, España non ten dereito a eses 9.000 millóns de euros. ¿Viron vostedes cousa tal para que haxa tal desleixo da sociedade e non lles preocupe absolutamente nada? É máis, son eses que din ser defensores do clima. Aquí tamén temos dous grupos no Parlamento que din que nós somos os negacionistas. ¡Nós!, os que consideramos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...o clima como ciencia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Rodríguez.

MOISÉS RODRÍGUEZ PÉREZ: Grazas, presidenta.



Señora conselleira.

Mire, eu non saio do meu asombro, de verdade. Como vostede ben di, é increíble —tanto que falan aquí as bancadas da oposición— tanta incompetencia, tanto pasotismo, tanta incoherencia. Os que se presentaban e presumían de ser o goberno máis ecoloxista e tamén máis feminista da historia están a piques de perder unha oportunidade única para obter recursos europeos de apoio ao cambio climático e a favor do medio ambiente. ¡E iso que empregan o argumento do cambio climático para xustificar todos os males do mundo! Se chove, é o cambio climático; se vai frío, é o cambio climático; se falta mantemento nas vías do tren, é o cambio climático; se hai temporais, o cambio climático.

Señorías, Galicia fixo os deberes e —repito— presentou en tempo e forma máis de sesenta proxectos, todos importantes e necesarios —preto de dous mil millóns de euros—. Vostede acaba de confirmar que da Moncloa, nin palabra; non obtivemos ningunha resposta. Nós, este grupo, entendemos que é sumamente grave que o Executivo de Sánchez non lle dea a máxima relevancia a optar a 9.000 millóns de euros que favorecerían sectores vulnerables.

Señora conselleira, vostede e o Goberno da Xunta saben que contan co apoio do Grupo Parlamentario Popular, do grupo maioritario desta Cámara, para seguir defendendo os intereses dos galegos e das galegas ante calquera instancia —ante Europa, ante o Goberno de Sánchez...— e para insistir en que non perdamos esta oportunidade, como demostramos na recente aprobación da Lei do clima —iso si— co voto en contra da oposición. Son ecoloxistas a tempo parcial.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): Grazas, señora presidenta.

Señor Rodríguez e señores deputados e deputadas, isto non é unha broma, isto non é *peccata minuta*. Estes son dous mil millóns de euros que tiñan que vir para Galicia. Tomaremos, por suposto, todas as medidas que teñamos ao noso alcance, porque non o podemos permitir nós nin o poden permitir outras comunidades autónomas, pero nós somos dos máis prexudicados, porque, por riba, se había un incentivo moi importante era para aquelas comunidades autónomas que temos un maior número de dispersión. E, ao final, o resultado non é ningún, é a calada por resposta. Pero é que tampouco vexo ningún nerviosismo na outra bancada; tanto ten, tanto dá. Despois din que que é o que facemos.

Para chegar aos obxectivos que nos marcamos, ao final, o que hai que facer é investir. Europa sábeo e, sabéndoo, pon e dispón orzamento enriba da mesa, pero hai que cumprir unha serie de condicións. Pero España nin cumpre nisto nin cumpre noutras cousas, eh. Aquí non se fai transposición de directivas, e iso supón infracción; e a infracción, ao final, supón multa.



Iso quere dicir que non imos recibir orzamento, pero, por riba, imos pagar por algo que non está levando a cabo o Goberno central. E, unha vez máis, falamos desa procesión dos caladiños: o PSOE e o BNG da man, dous mil millóns, e aquí non pasa nada, porque cantos menos recursos teña Galicia parece ser que mellor lles pode ir a eles. *(Aplausos.)*

Pois miren, non estamos de acordo. Voltaremos a Europa, reivindicaremos e tomaremos todas as accións que se poidan tomar. Quero lembrarlles que, á parte de non traspoñer esta directiva, tampouco se traspuxo a directiva de interese público superior das enerxías renovables, outra pata da mesa fundamental para chegar aos nosos obxectivos. Pero tampouco se mandou o informe sexenal sobre o lobo. ¡E que non queren! ¿Por que? Porque menten reiteradamente. Aquí hai señores que din defender o gandeiro, pero, ¿como van defender o gandeiro se, ao final, están votando continuamente para que non fagamos ningún tipo de xestión? Dálles igual que pechen as explotacións. E o Goberno español, por ideoloxía, nin sequera quere mandar os datos.

¿Saben que vai supoñer que non teñamos eses dous mil millóns de euros? Pois accións moi importantes, e non poder desenvolver proxectos como a adquisición de taxis adaptados no rural galego, como a elaboración de plans de mobilidade sostible ou como as axudas á adquisición de vehículos híbridos e eléctricos nas distintas administracións. Vai supoñer que non fagamos mellora enerxética...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO (Ángeles Vázquez Mejuto): ...de edificios públicos en vivendas protexidas. Isto é o que conseguen... *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Grazas.

Rematou o seu tempo, señora conselleira.

Pregunta da deputada Patricia Iglesias Rey e dous deputados/as máis, do G. P. Socialista de Galicia, sobre o nivel das contías orzamentarias destinadas nos últimos anos ás infraestruturas dos centros educativos públicos do concello de Zas

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta.

Benvido, señor conselleiro.

Hoxe non lle vou falar de grandes estratexias educativas; voulle falar da dura realidade, da realidade que viven cada mañá no CPI de Zas e no CEIP Labarta Pose, en Baio.

Nos colexios de Zas o material escolar xa non é só un caderno ou un lapis. En Zas hai que levar deshumidificadores, que son un máis nas aulas; hai que levar chuvasqueiro porque chove máis



dentro que fóra; hai que levar casco porque cae o teito, e hai que levar unha mochila cargada de paciencia, señor conselleiro. Isto non é unha metáfora; é o día a día de nenos e nenas e de docentes que teñen que estudar e ensinar entre humidades, goteiras, fríos, ventás que non illan, canlóns rotos e patios cubertos que só son cubertos polo nome, metafóricamente.

No CPI de Zas a situación é moi grave. Hai aulas inutilizadas porque chove dentro, e teitos que caen; unha insalubridade total. No CEIP Labarta Pose, un centro con máis de cincuenta anos, a cousa tamén é igual. Tubaxes oxidadas, filtracións constantes, incidencias recorren-tes, un proxecto anunciado durmindo o sono dos xustos... Eu estiven alí, don Román, nos dous centros educativos. Estivemos tamén coa nosa voceira, Xeila Rial, que nos acompaña hoxe neste hemicycle. Vimos como está a situación, e as fotos pódolle dicir que quedan moi curtas comparadas coa realidade.

Estamos a falar dun perigo grave de seguridade para o alumnado e para o persoal docente. E, mentres tanto, señor conselleiro, hai silencio, hai anuncios baleiros, hai orzamentos nos que Zas non existe. Nós emendamos o orzamento de 2026 e pedimos reformar os dous cen-tros educativos, facer unha reforma integral. Pois o PP dixo que non, señor conselleiro, e o BNG nada presentou tampouco.

Por iso remato cunha pregunta moi directa: ¿vai enviar de inmediato os técnicos e técnicas da Consellería —nos que sempre se ampara e se escuda o señor Rodríguez— ao CPI de Zas e ao CEIP Labarta Pose en Baio, e vai comprometerse hoxe aquí a executar reformas máis urxentes para que o vindeiro curso comece con seguridade e dignidade, señor conselleiro? ¿Si ou non?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, don Román Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora deputada, a vostede, como a min, estou seguro de que nos gusta a política. Se non, non estaríamos aquí. E na política hai unha serie de regras, hai unha serie de máximas que creo que son moi importantes. Unha delas é acertar, e outra é non equivocarse. As dúas son importantes; diferentes, pero importantes ambas. E vostede nesta pregunta e nesta inter-vención creo que non acerta e que se equivoca.

Agradezo que faga unha pregunta sobre os centros de Zas, que debuxe un panorama practi-camente apocalíptico —creo que hai un pecado de exaxeración no que vostede está plante-xando— e que intente debuxar un panorama de mala calidade educativa, de débil atención educativa a este concello, xusto cando eu tamén hai moi poucos días visitei ese concello. Tiven ocasión de estar cunha serie de profesores que —non é nada menor— foron premios nacio-



nais de educación e que, posteriormente, tamén recibiron o premio aos mellores profesores de España de Abanca. E creo que, en certa medida, non acerta e se equivoca. É algo parecido, por certo, ao que lle pasou ao seu xefe de filas cando dixo que o *stand* de Fitur —por ser suave— era feo e gris, e despois levou o premio. A vostede pásalle algo parecido.

A verdade é que Zas é para estar francamente orgullosos —coas deficiencias e problemáticas que hai e que haberá que arranxar— do sistema educativo galego e da capacidade que ten, fundamentalmente grazas ao profesorado, de ter un bo nivel educativo nunha zona rural e de ter en marcha unha serie de proxectos de grande envergadura. Creo que iso é así, e así o din as cifras. Temos o sistema educativo máis equitativo de España

E tamén diría que ten vostede mala puntería, porque dispara para onde non debe. Vostede debería saber —por suposto, os nosos técnicos estiveron aí—, e estou seguro, que as competencias de conservación e mantemento dos CPI e dos CEIP son do Concello. Vostede escribe literalmente, mire: «É necesario poñer en marcha un plan de mantemento», «hai unha inexistencia dun plan de mantemento». Pois terá vostede que mirar cara aos seus socios para pedirllles ese plan de mantemento, porque, efectivamente os centros de Primaria como dos que estamos a falar teñen unha corresponsabilidade. Gran parte das problemáticas —verémolas na segunda intervención— que vostede di derívanse basicamente de falta de mantemento. Por iso digo que vostede se equivoca, non acerta e ten mala puntería ao formular a súa pregunta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Antes de darlle a quenda de réplica, doulle a benvida aos alumnos e alumnas de terceiro e cuarto de ESO do Centro Plurilingüe Ángel de la Guarda de Nigrán. Benvidos e benvidas ao Parlamento.

Ten a quenda de réplica, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta, de novo.

Estou encantada, señor Román, de dedicarme á política. Pero bueno, leccións de paternismo, as xustas, con vostede, porque teño outros mestres; menos mal que non é vostede. *(O deputado José Manuel Golpe Acuña pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu diría que vostede é un especialista, o *slogan* sería: «especialista en non contestar a absolutamente nada do que se lle pregunta neste hemiciclo todos os plenos, pleno tras pleno». E, se hoxe marchamos, señor conselleiro, sen datas e sen unha visita técnica confirmada e un compromiso claro de que polo menos os técnicos van visitar tanto o CPI de Zas como o CEIP Labarta Pose, en Baio —un compromiso certo, que pasen por alí, que son as súas competencias, señor conselleiro—, *(Aplausos.) (Murmurios.)* entón non estaremos ante un problema técnico. Non un problema técnico, senón ante unha decisión política absolutamente errada do conselleiro de Educación, que mira para outro lado e non asume a súa responsabilidade política, señor conselleiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*



Porque a inacción neste caso ten un nome: o seu. E voulle dicir (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) o que falta e voulle reiterar, a ver se desta vez vai a vencida e non tira balóns fóra como fai todos os días. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) ¿Comprométese hoxe aquí, señor Román, a que os técnicos e técnicas da Consellería visiten os centros CPI de Zas e o Labarta Pose e executar as reformas máis urxentes antes do vindeiro curso escolar? Porque, do contrario, o que lles está dicindo ás familias de Zas, aos nenos e ás nenas, ao persoal docente —que é premiado, non grazas a vostede, seguramente por levar cascos, (*Risos.*) entón ao mellor é polo que lle dan os premios, porque teñen o mellor persoal docente nestes centros— entón é que poden ir preparando os cubos, as humidades, o frío, os chubasqueiros e os cascos para o vindeiro curso. E do contrario —dígollo xa aquí e xa llo anuncio— dende o PSdeG seguiremos insistindo e traendo este asunto ao Parlamento o que queda de período de sesións, e que vostede asuma que a educación...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY:...pública non se pode...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...impartir...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...entre goteiras, señor Román. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno, señor Rodríguez.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): Señoría, con todo o respecto, por suposto, se entende que son paternalista, pido desculpas, é a miña forma de expresarme.

Pero sigo insistindo: é perseverante no erro, absolutamente perseverante nun erro, porque non acerta e equivócase. Mire, os técnicos non van pasar; os técnicos xa pasaron. (*Aplausos.*) E, ¿sabe o que din os informes técnicos? Téñoos aquí. (*O Conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, amosa un documento.*) Que as necesidades, a inmensa maioría dos planteamentos que hai —hai cuestións que non son deles—, a inmensa maioría das cuestións que vostede plantexa aquí e das deficiencias que vostede pode plantexar nesta reportaxe fotográfica que se viu nas redes sociais son a causa de que os canos están tupidos. A limpeza e o mantemento dos canos son do Concello, señoría, por unha lei do PSOE. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*) E, ¿que sucede? Que, cando encora a auga, o vento lévaa para dentro, saturase o forxado e hai pingueiras. Pero iso é, insisto, por falta de mantemento, e aquí están os informes do CPI de Zas e do Labarta Pose de Baio, para que vostede non se preocupe. Por iso digo que é perseverante no seu erro e é perseverante na súa forma de ver as cuestións.

Mire, temos investido nos últimos anos máis de medio millón nos centros educativos de Zas. Vostede vén aquí con esta pregunta porque hai moi pouco tempo eu fun a este concello,



cando se empezou a saber que ía, o alcalde plantexou unha pregunta, eu respondínlle a esa pregunta e supoño que alguén no seu partido, para facerlle a competencia ao alcalde do Bloque, dixo: «oe, preocupádevos disto». Eu non vexo outra xustificación no que vostede acaba de plantexar. E voulle dicir o que lle dixeran ao alcalde: no CEIP Labarta Pose estase redactando un proxecto. Vostede tamén ten que aclararse cando fala de «ou silencio ou anuncios». Isto non é nin silencio nin un anuncio, porque xa o dixemos. Estamos redactando un proxecto, calculamos ao redor de 1 millón de euros, terémolo na programación de xeito inmediato e as melloras son as que se levan a cabo nestes casos: recubrimento de fachadas, ventás, cubertas etcétera etcétera.

E vostede, insisto, cae no erro, e á parte faino cunha dobre moral moi característica do Partido Socialista, porque vostede votou que non a unha iniciativa que pedía que o Estado habilitase fondos europeos para poñer en marcha un plan nacional para mellorar os equipamentos e os centros educativos. (*Aplausos.*) Moita dobre moral, porque por encima sobráronlles os cartos. ¿Acórdase daquela ministra que dicía «*me va a salir el dinero por las orejas*»? Pois mire, van devolver vostedes —segundo os medios de comunicación—, ao redor de 60.000 millóns, pero non tiveron tempo para dedicar nin un só euro en toda España á reforma de centros educativos. Moita...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

O CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL (Román Rodríguez González): ...dobre moral, señorías. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Continuamos coas preguntas.

Pregunta da deputada Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o recente acordo da Xunta de Galicia coa Fegamp para incrementar a achega autonómica que financia os servizos municipais de axuda no fogar (SAF)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra a señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Conselleira, benvida de novo.

Como vostede e tamén a maioría dos membros desta Cámara saben, eu son de Sober, un municipio que demograficamente se caracteriza pola lonxevidade dos seus veciños e tamén pola magnífica calidade de vida ata idades moi avanzadas. Un municipio absolutamente rural que, como tantos outros en Galicia, conta con servizos como unha residencia, casa do maior, centro de día público a catro quilómetros da capitalidade, pero, onde ao igual que en toda a comunidade galega, o servizo máis demandado, e tamén o máis apreciado, é o servizo de axuda no fogar.

Un servizo que é de competencia municipal —porque así o decidiron Bloque Nacionalista Galego e Partido Socialista no ano 2008 durante o Goberno bipartito—, pero que para os



concellos supón un desembolso económico moi elevado. A Xunta de Galicia, consciente desta situación, incrementou xa a pasada lexislatura un 24 por cento a aportación que fai aos concellos para o dito servizo, e a pasada semana acábase de asinar un acordo histórico entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias, onde están todos os concellos de Galicia representados, un acordo que implica que en tres anos o Goberno galego pase de financiar 12 a 18 euros a hora para o servizo de axuda no fogar.

Conselleira, como filla dunha nai que desfruta do servizo de axuda no fogar, como concelleira e como galega, quero felicitala por este acordo; que, por exemplo, para o meu Concello, o de Sober, suporá un ingreso a maiores de case 360.000 euros en tres anos. Unha cantidade que sería moito maior se o Goberno de Sánchez cumprise as propias leis socialistas e financiase o 50 por cento da Lei de dependencia como fai no País Vasco; mentres que en Galicia non é que só non financie ese 50 por cento, é que nos últimos anos reduciuno do 40 por cento ao 35 por cento. ¡Unha indecencia para cos dependentes de Galicia e un agravio máis dos moitos que ten que soportar Galicia de Pedro Sánchez!

E teñen que saber os galegos que tanto socialistas como o Bloque Nacionalista son cómplices desta situación, apoiando a Sánchez sempre antes que os galegos. Do mesmo xeito que teñen que saber que o Bloque votou en contra de que a Xunta aporte 150 millóns de euros a maiores en tres anos para atender os dependentes de toda Galicia, unha nova demostración de que para os nacionalistas galegos a confrontación e o non a todo o que veña da Xunta está por enriba dos beneficios que para os galegos poidan ter as distintas...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...medidas. ¿Pódenos explicar polo miúdo...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: ...este plan? (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, o acordo asinado a semana pasada entre a Xunta de Galicia e a Fegamp é un acordo histórico. A única valoración que podemos facer —como vostede pode imaxinar— é moi positiva. Estamos falando dun acordo que beneficia directamente todos os dependentes galegos, concretamente eses 23.000 usuarios que reciben día a día e sen descanso o servizo de axuda no fogar. Pero, sobre todo, é un acordo que vai aliviar a carga económica dos concellos, que son, como di vostede, os que deben xestionar este servizo, porque é da súa competencia. As cifras, señora Arias, falan por si soas. Grazas a este acordo a Xunta de Galicia vai duplicar a achega a este servizo para o resto da lexislatura. Estamos falando, polo tanto, dunha inxección de máis de 150 millóns de euros por parte do Goberno galego ata o ano 2028 e que sabemos que vai repercutir moi positivamente en todos os dependentes: mellorando



a prestación, alixeirando a lista de agarda e tamén os tempos de espera. Este acordo é unha mostra clara do firme compromiso da Xunta de Galicia con todos os concellos galegos e, por suposto, coa atención á dependencia.

Chegar a este punto, señora deputada, non foi sinxelo e requiriu de moita vontade e de moito compromiso por ambas as partes, algo do que, por desgraza, carece o Goberno central. Seguimos agardando, un ano máis, un mes máis, a que o executivo do señor Pedro Sánchez pague a parte que lle corresponde da factura da dependencia en Galicia, algo que lle corresponde por lei. Polo tanto, señora Arias, este acordo tamén é a mostra dun Goberno que traballa por Galicia, que negocia, que chega a pactos que axudan todos os concellos, pero, sobre todo, que axudan moitos dependentes de Galicia. Mentres a Xunta redobra os esforzos, o Goberno central segue debéndolles a todos os dependentes da nosa comunidade 2.900 millóns de euros.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora Arias.

RAQUEL ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Señora García, despois de escoitala a vostede e de seguir a actualidade dos últimos días, estou convencida de que non vai haber un só alcalde do Bloque Nacionalista Galego que diga que non a este acordo para o seu municipio, o cal nos reafirma na idea de que o non do Bloque nese acordo na Fegamp é simplemente un postureo ideolóxico. Porque o BNG di non a un acordo que é bo para todos os concellos e para todos os veciños de Galicia, porque o BNG di non a un acordo que pon sobre a mesa moito máis financiamento do que o propio Bloque Nacionalista Galego pediu neste Parlamento para o servizo de axuda no fogar, e faino simplemente por levarlle a contraria ao Goberno. Por levarlle a contraria ao Partido Popular, o Bloque vota en contra das súas propias propostas, algo que lle lembrou tamén dende o Partido Socialista o propio voceiro da executiva galega, o señor Torrado. Logo, a partir de aí, as declaracións dos distintos cargos do PSOE, sinceramente, conselleira, son un lío, onde unha xa non sabe quen fala en nome dos socialistas e quen a título persoal e quen opina que de que.

En calquera caso, o que está claro é que no que si están de acordo sempre Pontón e Besteiro é en priorizar a ideoloxía e o apoio a Sánchez antes que defender os intereses dos galegos. Viámolo esta mesma mañá cando nin Bloque nin PSOE apoiaron unha iniciativa para que o Goberno de España free o recurso que presentou ao Plan de choque para axilizar as valoracións de dependencia e discapacidade. Un plan, señorías, que Sánchez frea para poder cobrarlle máis impostos a quen máis os necesita: aos dependentes e ás persoas con discapacidade. E vemos tamén cada día ese apoio a Sánchez antes que a Galicia cando insistentemente Bloque e PSOE piden máis cartos para a dependencia, pero se negan a exixir os 2.900 millóns...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



RAQUEL ARIAS RODRIGUEZ: ...de euros que nos debe o...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, moitas grazas.

RAQUEL ARIAS RODRIGUEZ: ...o Goberno central. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (Fabiola García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, vexo que coincidimos na importancia deste acordo para todos os galegos. É unha mágoa que, mentres a Xunta de Galicia fai esforzos por mellorar a situación de todos os concellos, que son os responsables —como dicíamos— de xestionar este servizo, teñamos que escoitar as declaracións tanto do Bloque Nacionalista Galego como do Partido Socialista en contra deste acordo histórico. Iso deixa moi claro o que sempre denunciámos dende a Xunta de Galicia: ao Bloque Nacionalista Galego e ao Partido Socialista de Galicia non lles importan absolutamente nada os dependentes galegos nin o seu benestar, nin sequera lles importa nestes momentos a situación económica dos concellos. Viven instalados —como todos sabemos— no conflito, no conflito permanente, no da pancarta, no das rúas, no de montar follón e alboroto diariamente, e non van permitir que unha boa nova coma esta lles roube o seu relato. Porque unha cousa queda moi clara, señoría: calquera persoa ou calquera institución que se preocupe polas persoas dependentes de Galicia sabe da importancia deste acordo, da mellora que supón para o servizo de axuda no fogar e para os 23.000 dependentes que están cada día atendidos na súa propia casa.

Por iso, dende esta Cámara insto toda a oposición —o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego— a que, se realmente lles preocupa —como din tanto— a situación de todos os dependentes galegos, demostren o seu compromiso apoiando as reclamas que lle facemos dende a Xunta de Galicia ao Goberno de España, instándoo unha vez máis a que cumpra a lei, a que cumpra o financiamento do 50 por cento da dependencia e que nos achegue eses 2.900 millóns de euros que nos debe. Temo que, por desgraza, non lle importan moito ao Goberno central os dependentes galegos. Deixárono moi claro agora con ese recurso ao Tribunal Constitucional, con esa paralización do plan de choque, e con isto constataron que o único que lles interesa e que lles importa é recadar, recadar, recadar á custa de todos os dependentes da nosa comunidade.

Miren, señores deputados, o que precisa Galicia é un Goberno que resolva, un Goberno que axilice os trámites e que lles facilite o máximo posible o día a día ás persoas que máis o necesitan e que non teñen tempo que esperar. E, por riba diso, a Xunta de Galicia nunca estará ao interese económico ou ao interese que demostra o Goberno de España de facer caixa á conta de todos eles. Seguiremos, polo tanto, traballando para mellorar as *ratios* de atención, para conceder máis dereitos e para consolidar os avances acadados.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.



Continuamos agora co debate acumulado das preguntas que foron rexistradas co número 48976 e 48996. Acumúlanse aos efectos do debate.

Pregunta das deputadas Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, do G. P. Socialista de Galicia, sobre as actuacións concretas de restauración mineira levadas a cabo pola Xunta de Galicia na mina de Monte Neme desde o anterior incidente de hai doce anos ata o 23 de maio de 2025

Pregunta do deputado Óscar Insua Lema, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o nivel de responsabilidade que asume a Xunta de Galicia no episodio acontecido nunha balsa da antiga explotación mineira de Monte Neme, en Carballo

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, en primeiro lugar ten a palabra a señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta, de novo.

Benvida, señora conselleira.

Monte Neme: crónica dun accidente anunciado. Señora conselleira, o que ocorreu o pasado 31 de xaneiro na mina de Monte Neme era un accidente previsible, e hoxe mesmo sae na prensa que o derrubamento provocou un enorme boquete que pon aínda máis en xaque a seguridade da mina. Foi con todas as letras —como lle dicía— a crónica dun accidente anunciado; e non polas precipitacións, señora conselleira —e xa me adianto ao que dixo onte o presidente Rueda—, non polas precipitacións. E dígoos con coñecemento directo, porque eu tamén estiven alí, como vostede, sobre o terreo, vendo cos meus propios ollos os efectos da rotura dunha balsa que arrastrou toneladas de lodo e de material, cunha forza devastadora que arrasou todo o que tiña por diante.

Señora Lorenzana, por sorte non tivemos que lamentar danos persoais polas horas nas que ocorreu o accidente. Non foi pola actuación eficaz e preventiva do Goberno galego, senón por pura sorte, porque o colapso se produciu —como dicía— de madrugada, cando non había persoas na zona afectada. Durante máis de seis horas o Goberno galego non fixo nada, ata que tivo que ser unha veciña a que alertase e chamase ao 112. O noso recoñecemento tamén a todos os servizos que traballan arreo na zona. E isto é especialmente grave, porque estamos a falar dunha mina abandonada con antecedentes xa coñecidos. Hai doce anos ocorreu un accidente similar. E durante todos eses anos a Consellería de Economía e Industria non fixo absolutamente nada, con numerosas advertencias veciñais reiteradas e cun risco coñecido dende hai anos —moitos anos, señora conselleira—.

E cando falamos de minas abandonadas non chega con incoar expedientes sancionadores —que tamén—, senón que falamos de que a responsabilidade última da autoridade mineira galega é de vostede. Isto non é unha opinión política; é realmente unha obriga legal, porque cando unha empresa titular dun permiso de explotación —neste caso Leitosa, S.A.U.— entra en concurso de acredores é disolta a súa personalidade xurídica. En agosto de 2015, a responsabilidade última é da autoridade mineira galega nos labores de restauración e selado



dunha mina abandonada. Por certo, empresa valenciana con vínculos coa familia do PP de Valencia, o señor Cotino, imputado pola Gürtel. Todo queda na casa, señora conselleira.

Por iso, formúlolle unha pregunta moi concreta. Supoño que hoxe virá falarnos dos dous informes técnicos encargados tarde; tarde, os informes que se encargaron. Por iso, formúlolle unha pregunta moi concreta: ¿que actuacións específicas de restauración mineira fixeron na mina de Monte Neme antes de que en decembro de 2025 comezase o contrato financiado con fondos Next...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...por parte do Goberno de España? *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Quenda de pregunta para o deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidenta.

Bos días, señora conselleira.

O contexto do desastre medioambiental en Monte Neme xa o sabe, ¿verdade? É dicir, unha avalancha de auga con lodo que alcanzou os catro metros de altura, con máis de 10.000 metros cúbicos de volume, arrasando e arrastrando durante dous quilómetros todo canto atopou por diante ata chegar á praia dos Reais. Tivemos moita sorte —vostede tamén, conselleira—: cero vítimas. Os veciños e veciñas de Aviño, en Malpica, e de Razo e Nétoma, en Carballo, estaban preocupados; levan catorce anos preocupados e seguen preocupados. Tamén tiveron sorte.

Sabe vostede que o Concello de Carballo leva desde o ano 2013 —por escrito— avisando de que había que restaurar a desfeita mineira en Monte Neme e adoptar medidas de seguridade. A pesar de todos eses avisos, no ano 2014 pasou o que tiña que pasar: a Xunta, sen exercer as súas competencias, rompeu unha das balsas, provocando aquela riada de 24.000 metros cúbicos de auga. Daquela si que chegou ás casas, aínda que tamén tiveron sorte e houbo cero vítimas. Mire, o Concello de Carballo xa avisara os responsables das minas aló polo 2014 de que existía unha galería onde estaban embalsado a auga, que foi a que acabou rebentando. Claro, vostedes xa dixeron o día despois que non sabían da súa existencia. Aos dous días xa apareceu catalogada. ¿Como é posible que non se contemplase a súa existencia no proxecto de restauración nin nos estudos xeotécnicos previos? É dicir, ¿quen supervisou da consellería eses proxectos? Onte derrubouse esa galería, conselleira, ¿de verdade temos que pensar que existe seguridade na zona? É dicir, ¿poden estar os veciños e as veciñas da zona tranquilos?

Vostede sabe que unha muller quixo cruzar —tamén o sabe— esa mesma noite, ás tres da mañá, esa estrada cando ía buscar a súa filla de Razo a Malpica, e avisou ao 112. ¿Por que se tardaron seis horas en activar a emerxencia? ¡Seis horas! Non sei se vostede nos vai responder a esta pregunta. Mire, ¿pode explicar o seu Goberno como é posible que, coñecendo as



advertencias técnicas reiteradas, os antecedentes previos e o risco público notorio existente en Monte Neme, non se adoptase ningunha medida eficaz para impedir o desastre medioambiental que sufriron os veciños e as veciñas de Malpica? Se o risco era coñecido e as competencias as ten vostede, ¿estamos ante un fallo grave dos controis da Xunta ou estamos ante unha decisión consciente de non actuar?

Mire, o seu traballo, conselleira, era manter a seguridade na mina de Monte Neme, e incumpriuse. Aproveito a mesma pregunta do señor Feixóo hoxe en Madrid pola mañá: ¿que ten que pasar para que o seu Goberno asuma algunha responsabilidade?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria. Como é acumulada, dispón vostede de seis minutos.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Ben. Pois bo día.

Grazas, presidenta.

Señorías, a verdade é que o señor Insua fai preguntas moi acaídas, que creo que tamén imos poder aplicar ao propio Concello de Carballo, que creo que gobernan dende hai un tempo.

A mina de Monte Neme —describiuna a señora Iglesias— entrou en liquidación a empresa en xuño de 2013 e solicitou no ano 2014 ese plan de peche e clausura. O plan de peche e clausura saben vostedes que ten unha tramitación. Nesa tramitación houbo petición naquel momento, no ano 2014, de informes sectoriais dos concellos afectados; e naquel momento —que eu saiba— nada informaron. Eu teño ese documento, ese non é o documento. Eu teño ese documento, logo falaremos dese documento. Entón, normalmente —ou, dende logo, na Administración na que eu traballo— cando queremos facer unha advertencia facémola dentro dos procedementos administrativos; non aos medios de comunicación, que é ao que vostedes se dedican. Pero, bueno, seguimos.

Despois desa tramitación, non é certo, señora Iglesias, que a Xunta de Galicia non fixese absolutamente nada. Fixo, dende logo, o que mencionou: impuxo sancións, indemnizacións —que creo que é o que ten que facer; non pagar co diñeiro de todos os galegos o que tiña que pagar era a empresa saínte da explotación da mina—. Pero tamén levou a cabo distintas actuacións. Voulle mencionar a que considero que é máis relevante, no ano 2019, onde se desenvolven diversas actuacións de control, seguridade e mantemento. Foron encargos que se lle fixeron á empresa Tragsa por máis de 200.000 euros, para drenaxes, para peches, sinalización da zona, valados e tamén identificación de riscos asociados a labores mineiras abandonadas. Eu quero pensar que vostede non mente e que non o coñecía, porque, se non, realmente é bastante grave que estea tratando de trasladar que a Xunta non fixo nada cando se fixeron estes encargos no medio. Quero pensar que non o coñece e por iso veño aquí informar.



No ano 2022, tomamos a decisión (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) —si, con fondos Next Generation do Goberno do Estado e de todos os españois— de proceder a encargar, xa que era imposible acometer máis actuacións contra a empresa con fondos públicos, ese proxecto de restauración integral. E volvemos someter a tramitación este proxecto xa para facer a obra. E volvemos ao mesmo: encargámoslle á sociedade Tragsa que actualice o proxecto, o proxecto entrégase na Consellería e comeza a tramitación administrativa. Na nosa casa fixemos o que correspondía: a autorización de verteduras, a autorización de Augas de Galicia, no ano 2024, informe da Consellería de Medio Ambiente sinalando que non é necesaria a tramitación ambiental e tamén autorización da Dirección Xeral de Patrimonio.

E, de igual xeito, tramítanse as licenzas municipais, porque estas obras requiren de licenza municipal. De feito, as obras foron autorizadas polos dous concellos. Aos concellos solicitóuselles licenza en decembro do ano 2023 —aos dous, tanto ao concello de Carballo como ao Concello de Malpica de Bergantiños— e emitiu Carballo o 7 de outubro a licenza e o Concello de Malpica de Bergantiños, en febreiro de 2025. Era naquel momento concelleiro de Obras o mesmo que está agora mesmo, da súa formación política. Con informes técnicos favorables da arquitecta e da enxeñeira municipal despois de supervisar ese proxecto de Tragsa. Saque as súas conclusións; se non as saca agora, sacareinas eu na réplica. Saque as súas conclusións.

Ben, preguntan pola causa do incidente e di a señora Iglesias que chega tarde a solicitude de informes. Home, solicitouse ao día seguinte de acaecer o incidente. E solicítanse informes a quen ten externalizada a dirección de obra, ao enxeñeiro en cuestión e igualmente á empresa que está realizando os labores, para coñecer que traballos realizaran ata a data e se existía algún tipo de vinculación entre eses traballos e o acontecemento; e para coñecer tamén, ao seu xuízo, cales son as causas e, por suposto, as medidas que de xeito inmediato e urxente se tiñan que acometer. Os informes están emitidos. De feito, o presidente dixo que daríamos conta inmediatamente. Ambos os informes sinalan que o suceso ocorrido tivo a súa orixe na acción combinada de auga de choiva acumulada durante o período prolongado no fondo de corta do oco mineiro e dun episodio de intensas precipitacións que incrementou de forma significativa o nivel da auga embalsada. Ambos os informes tamén sinalan que, aínda que nos días previos se fixeran probas de bombeo de auga, foron de reducida envergadura e o seu volume non sería dunha entidade suficiente con respecto ao volume recollido polo episodio de pluviosidade. Neste contexto, a acción da auga deu lugar ao destaponamento desa antiga galería mineira, que se atopaba ocluída ou taponada.

Esta galería non figuraba, efectivamente, no proxecto que redactou Tragsa nin tampouco no proxecto da empresa que explotou a mina, e que supoño que coñecía a mina bastante ben; de feito, nos propios informes dise que era inapreciable polo nivel da auga a galería. Estes proxectos foron obxecto de información pública e nada se dixo nos procedementos nin nos informes solicitados por ninguén, incluídos vostedes, e foron obxecto de informe favorable polos enxeñeiros e arquitectos municipais.

Non estou botando aquí falta de dilixencia a ninguén, pero, jollo!, se hai que buscala, estamos todos, entendo que estamos todos. (*Murmurios.*) ¡Ah! Si, si, si. Nese inventario de explotacións mineiras abandonadas do ano 1998 —que inclúe, efectivamente, aí unha cartografía antiga—



figura aí unha galería, pero, ¡mire que casualidade que esa galería non coincide nos seus datos de xeolocalización coa galería por onde saíu a auga! O que pasa é que vostedes encontraron a galería nalgún sitio e imos ir dicindo que a galería xa estaba inventariada.

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Pois non, non está no mesmo sitio por onde saíu a auga.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Ten un turno de réplica despois.

Réplica, señora Iglesias.

PATRICIA IGLESIAS REY: Grazas, presidenta, de novo.

Ben, fixo aquí, a verdade, toda unha exposición de tirar balóns fóra, señora conselleira, increíble. Voulle dicir tres palabras moi sinxelas: responsabilidade, transparencia e prevención, que non se aplicaron na mina de Monte Neme.

E falaba vostede desas actuacións levadas a cabo do ano 2019 por encargo a Tragsa. Falaba dese encargo a Tragsa por 200.000 euros, que non falou en ningún momento de restauración nin selado de seguridade mineira. Sete anos pasaron, señora conselleira, xa sei que non estaba vostede de titular da consellería, pero sete anos pasaron ata 2025, en que se volveu licitar o concurso público, que agora se está executando, sete anos.

E voulle dicir máis: falaba da disolución de Leitosa, SAU, da súa personalidade xurídica, en agosto de 2015. Dende ese momento, a responsabilidade desa mina abandonada, a responsabilidade legal é da autoridade mineira galega, da súa consellería, da que agora é vostede titular, conselleira. Por tanto, inacción absoluta da parte da autoridade mineira galega. É un problema, como dicía, de responsabilidade política, de falta de prevención e de inacción prolongada coas minas abandonadas.

Dígolle máis: pode sacar os expedientes de contratación que durante o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño se facían todos os anos de concursos, divididos nos catro lotes das provincias, para sacar o selado das minas abandonadas e a seguridade mineira; pode sacar os expedientes, que están na Consellería de Economía e Industria. Tome nota e tome exemplo.

E voulle dicir tamén: o tema da gravidade do incidente é moito. Xa sabe que se presentou unha denuncia penal no Xulgado de Carballo por presunto delito medioambiental, dirixida contra vostede como responsable política, contra todos os responsables directos na xestión da mina. E non estou aquí, evidentemente, para xulgar a ninguén, iso corresponderalles aos tribunais, pero si estou aquí para dicir que, cando as cousas chegan a este punto, señora conselleira,...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu turno.

PATRICIA IGLESIAS REY: ...algo fallou gravemente na súa actuación súa actual. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Insua.

ÓSCAR INSUA LEMA: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, estou a cuestionar a inacción previa da Xunta, porque non fixeron nada en catorce anos, iso si, tramitar, pero non resolveron. Agora resulta que o Concello de Carballo ten dez enxeñeiros de minas, é dicir, para ver os seus proxectos.

Vostede tamén agora lles pon a culpa ás chuvias e ao tempo, si. Eu non sei se a vostede a avisaron dos informes de Meteogalicia sobre as precipitacións. Mire, (*O deputado Óscar Insua Lema mostra un documento.*) houbo seis meses nos últimos cinco anos nos que choveu moito máis que no mes de xaneiro. Esa escusa non lle vale.

Conselleira, vostede sabe que o proxecto de restauración contemplaba un bombeo de auga dunha balsa a outra, ¿non?, para despois depurala. Díganos a verdade: ¿os técnicos da Xunta tiñan constancia de que se fixo un bombeo ao revés e que se estivo bombeando para onde non se tiña que facer e que foi precisamente a balsa que rompeu? É dicir, ¿controlou a Xunta a modificación da execución desas obras?

Mire, se a Xunta actúa sempre conforme a lei e protocolos, ¿como é posible que o resultado deste desastre ambiental, que todo o mundo advertira, ocorrera? É dicir, ¿que foi o que fallou?

Mire, señora conselleira, cuestionamos a inacción previa e a lentitude na resposta. Se a alerta chegou ás 3 da mañá —que é un tema do que non falou—, ¿como é que se activou a emerxencia seis horas máis tarde? Non lles pode atribuír a culpa tampouco ás chuvias, porque os rexistros amosan os resultados que teñen.

Mire, os feitos falan por si mesmos. Isto non foi unha sorpresa, tampouco foi un accidente; foi unha decisión política da consellería, que agora debe asumir responsabilidades polo que non se fixo antes do desastre. Díganos, señora conselleira: ¿quen as vai asumir?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Réplica do Goberno, señora Lorenzana.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

A verdade é que son uns mestres, comigo aquí diante. ¿Eu atribuíno ás choivas? Non, radicalmente non; quede claro para todo o mundo.



Eu acabo de dar conta dos informes do director de obra e do informe da UTE que está a acometer as obras de restauración. ¿Sabe por que? Porque eu, a diferenza de todos vostedes, nin son xeóloga nin enxeñeira de minas, nin responsable de seguridade, pero vostedes, como demostran sempre e como levan demostrando nesta semana e media, saben de todo, pero de todo, pero de todo. *(Aplausos.)* ¡Que ben, que sorte ten o BNG que ten a xente máis lista, máis rápida, máis intelixente, que le máis rápido! Nós somos máis lentos, pero creo que máis seguros. Fíxense no que lles digo.

E tan listos son que vostede di que fixeron o bombeo ao revés. É que non sei nin de que está falando; dígollo claramente. *(Murmurios.)* Non, non, pero é que é peor: ¿é que ese bombeo estaba no plan de restauración? Non, ese bombeo non estaba no plan de restauración. Ese bombeo forma parte do proxecto da empresa, e é o director de obra, non a Xunta, o que ten que supervisar a execución da obra, porque ao mellor vostede non o sabe, pero hoxe xa vai aprender unha cousa nova: cando se externaliza a dirección de obra, non é a Administración a responsable de vixiar a execución das obras, é o director da obra, que ten unhas responsabilidades moi claras, legalmente establecidas, e uns seguros para cubrir precisamente esa responsabilidade.

Menten o que lles dá a gana. Pero mire o que lles digo: é que nin para mentir son listos, *(Aplausos.)* é que nin para mentir son listos, ¡míña nai!

Lentitude na resposta. Nunha semana e media levamos encargados e temos os informes das causas. Hai unha serie de actuacións de emerxencia que xa están en marcha, como pechar e selar a entrada do camiño á galería e dispoñer dun tubo de drenaxe na parte inferior do peche que permita a evacuación controlada. Temos xa encargada unha análise dos solos para proceder á retirada dos lodos das partes que teñan elementos fóra de parámetros e levalo a un xestor de residuos. Se nós somos lentos, eu non sei quen é rápido; seguramente é o Goberno de Sánchez analizando as causas dos accidentes e poñéndolles remedio, ao que vostedes apoian. Se nós somos lentos... *(Aplausos.)* Ben...

Mire, a irresponsabilidade é a que vostedes levan tendo nos últimos días para conseguir uns anaquiños de noticias nos periódicos, señora Iglesias, que levaban vostedes, Partido Socialista, sen unha soa iniciativa, nin na lexislatura pasada nin na anterior, nin nesta, sobre Monte Neme, e de repente, pero de repente, interésalles moitísimo, e con isto xa conseguiu pois non sei cantas publicacións en Facebook, non sei cantas en Instagram.

¿Sabe cal é a diferenza? —e con isto conclúo—. Que eu, se quixese patrimonializar isto, podería ter saído nos medios de comunicación falando deste informe da enxeñeira do Concello de Carballo, falando dese concelleiro de Carballo. Pero ¿sabe o que lle digo?

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

A CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (María Jesús Lorenzana Somoza): Primeiro, que non o necesito para saír na prensa, e, segundo, que non somos... *(A conselleira de Economía e Industria pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, señora conselleira.

Moitas grazas.



(Murmurios.)

Silencio, por favor.

Sobre a seguinte pregunta que estaba referenciada na orde do día, no apartado 8, infórmanme que foron tamén informados todos os voceiros e que foi aprazada para o seguinte pleno.

E deste xeito chegamos á última pregunta da orde do día.

Pregunta do deputado Secundino Fernández Fernández e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre os cesamentos que tiveron lugar en decembro de 2025 na Consellería do Medio Rural

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Para formular a pregunta, ten a palabra o señor Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Presidenta.

Conselleira.

A situación orixinada pola vaga de lumes deste verán mostrou perfectamente o grao de indiferenza e ineptitude dos dirixentes do Partido Popular na Xunta de Galicia, unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país. A gravidade veu provocada polos grandes lumes, que queimaron máis de 150.000 hectáreas, arrasando ao seu paso pastos, montes, viñas, soutos, explotacións agrogandeiras, infraestruturas, aldeas e vivendas.

E ¿que fixo a Xunta do Partido Popular, señora conselleira? Pois o señor Rueda compareceu no Parlamento nunha comparecencia na que non fixo o mínimo de autocritica. Segundo o señor Rueda, a actuación da Xunta fora impecable; as medidas do Goberno do Partido Popular responderan ás necesidades en todo momento; as actuacións dos responsables políticos da Xunta, exemplares. En resumo, unha actuación que non tiña ningunha tacha.

Por outra banda, estabamos ante uns incendios que tampouco tiñan culpables e todo era debido a un cúmulo de circunstancias nas que non tiña nada que ver a errada, negativa e desastrosa política da Xunta en relación co rural. Iso era o que dicía o señor Rueda.

A partir desa comparecencia, todos os responsables do Goberno galego, comezando por vos-
tede mesma, parece que respiraron tranquilos; xa non había culpables, xa que todo fora feito realmente ben, e así vostede mesma, conselleira, nos meses posteriores non paraba de tirarse flores. Incluso só lle faltou dicir: ¡que ben o fixemos! Só lle faltou dicir: ¡que orgullo ou que sorte teñen as galegas e os galegos, as mulleres e os homes do rural, de terme de conselleira! Só lle faltou dicir iso.

Os directores xerais acudían ás comisións con orgullo, fachendosos, altivos e dando leccións. ¡Que máis dá que non se contrataran as obras de defensa contra o lume!, ¡que máis dá que as brigadas de incendios da Xunta estiveran sen efectivos!, ¡que máis dá que non se contra-



tara a limpeza das franxas secundarias!, ¡que máis dá que as axudas non chegaran aos afectados e ás mulleres e aos homes do rural!, ¡que máis dá que non se faga a restauración dos chans afectados polos lumes e se provoquen contaminacións!, ¡que máis dá este modelo da Xunta do Partido Popular de país, de territorio, que nos leva ao desastre!, ¡que máis dá!, se a culpa non é do PP, non é da Xunta de Rueda; se o oráculo de Montepío xa dixo que eramos perfectos. E, de repente, no medio do Nadal, veñen os cesamentos.

Conselleira, señora Gómez, e logo, se o director xeral de Defensa do Monte e o de Planificación e Ordenación Forestal e o secretario xeral técnico estaban tan fachendosos do seu traballo e avalados por Rueda e por vostede, ¿por que os cesaron?

E vostede, señora conselleira, responsable directa da consellería, polo tanto máxima responsable da desfeita...,

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas. Rematou o seu tempo.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...¿por que segue no seu posto? (Aplausos.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López):

Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a conselleira do Medio Rural, dona María José Gómez.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

Señor Fernández, nin indiferenza nin ineptitude. Desde o primeiro momento a Xunta de Galicia puxo en marcha todos os mecanismos dispoñibles para apoiar as persoas e os concellos afectados polos incendios do verán de 2025. Antes de finalizar o ano xa se estaba a pagar o 80 por cento das axudas aprobadas, que superan amplamente os 17 millóns de euros, incluíndo case 5 millóns destinados directamente a cubrir danos municipais, máis de 5 millóns en axudas á produción agroforestal e gandeira, achegas económicas para a vivenda ou para a restauración de espazos protexidos. Estas cifras non son un detalle menor. Reflicten un esforzo sistemático e coordinado para protexer o medio rural e garantir que os recursos chegan a quen realmente os necesita.

E, en paralelo, abordáronse as consecuencias medioambientais, con medidas de máxima efectividade. Implantáronse barreiras vexetais para as escorras das cinzas, executáronse barreiras transversais en zonas de forte pendente. Realizouse, como dixeran aquí noutras ocasións, o *mulching* e o *helimulching*, utilizando centos de toneladas de palla, combinando o traballo terrestre e aéreo, co obxectivo de protexer o solo e mellorar a evacuación das augas. Algunhas das actuacións contaron coa colaboración do CSIC, con convenios cos concellos afectados e coa creación dunha comisión técnica coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Medio Rural e Medio Ambiente.

En canto aos relevos polos que vostede pregunta, publicados a finais de ano no DOG, quero aclarar, de maneira rotunda, que se trata de cesamentos voluntarios, planificados e concen-



trados ao final do ano por operatividade. Trátase de persoas que levaban tempo no cargo ou que estaban en postos especialmente exixentes e que por razóns persoais consideraron oportuno iniciar un novo ciclo. Estes cambios non supoñen ningunha emenda ao seu traballo, todo o contrario. Agradézolles inmensamente o labor desenvolvido. En estruturas grandes como a Xunta é lóxico que se produzan rotacións, sobre todo en cargos tan intensivos, complexos e exixentes, e os novos responsables teñen plena solvencia para continuar coas políticas que se deixaron en marcha e abordar os novos proxectos previstos. Polo tanto, se alguén esperaba que estes cesamentos fosen un castigo político, quedará decepcionado. Aquí, coma sempre, priman a planificación e a eficiencia. E para aqueles que viven na apocalipse e no catastrofismo, na procura da polémica, resulta evidente que a súa única misión é transformar cada medida razoable nunha noticia escandalosa.

Máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Fernández.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Conselleira, señora Gómez, ¿a vostede quédalle algo de orgullo persoal? (*Murmurios.*) Dígoo porque vai o señor Rueda e césalle a metade dos altos cargos do seu equipo, e tan tranquila; faille unha emenda á totalidade, e tan tranquila, como se non fose con vostede, como se non fose vostede a conselleira. E toda esta actuación despois de dicir que aquí non pasara nada, que non había nada que cambiar, porque se actuara dunha forma totalmente satisfactoria.

E vostede segue dicindo obviedades e falsidades, facéndose a parva ou querendo facernos parvos aos demais. Conselleira, vai o señor Rueda e noméalle uns novos altos cargos, curiosamente todos de Pontevedra —algún que ten bastante poder político nesa provincia—, e vostede tan tranquila. ¡Moitas satisfaccións debe dar ese cargo para estar disposta a tragar tanto! (*Aplausos.*)

Conselleira, estes cesamentos representan as primeiras vítimas políticas da negligente xestión dos incendios do verán pasado. A segunda vítima é vostede, que foi totalmente desautorizada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Estes cesamentos significan o recoñecemento da errada, negativa, desastrosa política que ten a Xunta do Partido Popular en relación coa ordenación do territorio, a produción agroforestal e a defensa do noso medio... (*Murmurios.*)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...rural fronte aos incendios forestais. Dende o BNG levamos tempo indicando que este desastre ten que significar un punto de inflexión. É hora dun cambio profundo das políticas cara ao rural, porque corremos o perigo de ir cara a un punto de non retorno. Non chega con cambiar de caras.

Conselleira, para vostedes, a Xunta do Partido Popular, chega cambiar as persoas para que nada cambie. Estes cesamentos non significan ningún cambio de actuación, só queren lavar



a cara, porque os cesados tíñana demasiado sucia de tanta cinza que provocaran. Agora pretenden que, con rostros limpos, as galegas e os galegos...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...traguen outro ano máis...

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Rematou o seu tempo, moitas grazas.

SECUNDINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: *(O deputado Secundino Fernández Fernández pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señora conselleira.

A CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Grazas, presidenta.

Señor Fernández, ¡que vergonza! *(Murmurios.)* Danme vergonza *(Aplausos.)* as súas palabras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Con todas as cousas das que pode preguntar relativas ao medio rural de Galicia, resulta curioso que o que lles preocupa é algo tan común como un relevo de cargos. *(Murmurios.)* Iso é o que lles interesa a vostedes o medio rural. ¡De verdade, de verdade...!

Mire, non se desacouguen, non se desacouguen. Designar persoas competentes e beneficiosas para os intereses da xente, iso é o que facemos dende a consellería. Levamos anos gobernando Galicia, co respaldo maioritario dos galegos e das galegas. Iso é o que os molesta a vostedes, *(Aplausos.)* que os galegos, elección tras elección, confían en nós para dirixir Galicia.

Miren, mellor poñan o seu empeño en exixir aos seus socios de Madrid que melloren as infraestruturas de Galicia, que dependen directamente deles, por poñer un exemplo, de verdade *(Pronúncianse palabras que non se perciben.);* non vaian coa vasoira á casa allea, que teñen moito que varrer na súa. *(Murmurios.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

A CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): Resulta que para o BNG tres cesamentos, por petición propia, por decisións estritamente persoais, son motivos para exixir a dimisión da conselleira. Queda claro cal é o seu interese: puramente político. Un interese que queda de manifesto cando miran para outro lado se perigan as súas cadeiras en determinados gobernos, como estamos a ver nas últimas semanas, especialmente na miña provincia. Ao parecer, a vara da exemplaridade estírase ou encóllese segundo a súa comeñencia. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, si. Agora, para pedir dimisións, móvense con rapidez. ¡Que mágoa que non tiveran a mesma dilixencia durante a vaga de lumes, que non se viu a ningún de vostedes no Cecopi! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Miren, nin tan sequera para quedar ben, nin tan sequera...



A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

A CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...para quedar ben, pero, claro, é que era o mes de agosto e estaban vostedes de vacacións. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Aínda estabamos apagando os lumes e vostedes xa organizaban manifestacións, mentres nós levabamos camións de forraxe aos gandeiros *(Aplausos.)* para o seu gando. E desde logo que teñen unha habilidade especial para facer política coas desgrazas alleas.

Renovar equipos é parte do día... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Silencio.

A CONSELLEIRA DE MEDIO RURAL (María José Gómez Rodríguez): ...a día da gobernabilidade. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Uns van e outros veñen, e aferrarse ao cargo nin é saudable nin é democrático. Igual deberían de tomar nota disto no seu partido —e non digo máis—.

E miren, para rematar, que estamos no Entroido, se non pensaron aínda no disfrace, o do home do saco vailles moi ben.

(Aplausos.) (Murmurios.)

A PRESIDENTA (María Elena Candia López): Moitas grazas.

Rematada a última pregunta da orde do día, damos tamén por rematada a sesión plenaria.

Boa tarde a todos e todas.


Remata a sesión ás dúas e trinta e sete minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Amigo Díaz, María Encarnación	P	39. Méndez López, Lara	S
2. Arias Rodríguez, Raquel	P	40. Mouzo Mas, Paula	P
3. Baladrón Lamas, Víctor Manuel	P	41. Ojea Bouzo, Armando	M
4. Bará Torres, Xosé Luís	BNG	42. Pazos Couñago, José Alberto	P
5. Barreiro Sánchez, Enrique	P	43. Pérez Fernández, Rosana	BNG
6. Bouza Manso, Aitor	S	44. Pérez López, Noelia	P
7. Calvo Pouso, Diego	P	45. Pérez Millares, María Magdalena	P
8. Campero Dorado, Cristina	P	46. Pomar Tojo, Carmen María	P
9. Candia López, María Elena	P	47. Pontón Mondelo, Ana Belén	BNG
10. Carreira Pazos, Iria	BNG	48. Prado Cores, María Montserrat	BNG
11. Casares Gándara, Juan Manuel	P	49. Prado del Río, Paula	P
12. Castro García, Daniel	BNG	50. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG
13. Chao Rivas, Saleta	BNG	51. Queixas Zas, Mercedes	BNG
14. Castro Rey, Paloma	S	52. Ríos Santomé, Paulo	BNG
15. Deza Martínez, María	P	53. Rodil Fernández, Olalla	BNG
16. Espinosa Mangana, María Elena	S	54. Rodríguez Carrera, María Felisa	P
17. Fernández Alfonzo, Ramón Tomás	BNG	55. Rodríguez Conde, Ángel	P
18. Fernández Davila, María Cristina	BNG	56. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	S
19. Fernández Fernández, Secundino	BNG	57. Rodríguez González, Román	P
20. Fernández Gómez, Alexandra	BNG	58. Rodríguez Martínez, Roberto	P
21. Fernández González, Ariadna	BNG	59. Ruanova Vilas-Boas, Brais	BNG
22. Fernández Rosende, Jesús María	P	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	P
23. Ferro Iglesias, José Luis	P	61. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P
24. Fidalgo Iglesias, Miguel	P	62. Santamaría González, Raúl	P
25. García Comesaña, Julio	P	63. Santos Costa, Manuel	P
26. García González, Patricia	P	64. Sanz Arias, Cristina	P
27. Golpe Acuña, José Manuel	BNG	65. Suárez Fernández, Iago	BNG
28. Gómez Besteiro, José Ramón	S	66. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	BNG
29. González Iglesias, Carmela	BNG	67. Taibo Corsanego, Iria	BNG
30. Grueira Fernández, Nicole	P	68. Trenor López, Gonzalo	P
31. Hermelo Piñeiro, María Dolores	P	69. Valcárcel Armesto, Montserrat	BNG
32. Iglesias Rey, Patricia	S	70. Varela Fernández, Katherinie	P
33. Insua Lema, Óscar	BNG	71. Vázquez Mourelle, Ethel María	P
34. Longueira Castro, Silvia	S	72. Vázquez Suárez, Cecilia	P
35. López Font, Carlos	S	73. Vereja Fraiz, Borja	P
36. Lorenzo Gómez, Rubén	P	74. Vidal Lamas, Sonia	BNG
37. Marnotes Fernández, Argimiro	P	75. Viso Diéguez, Miguel Ángel	P
38. Mato Díaz, José Manuel	P		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

